

NUDIBRANQUIOS DAS COSTAS DE GALICIA

As cores do Atlántico

Jacinto Pérez Dieste

Juan E. Trigo

Bruno Almón Pazos



XUNTA
DE GALICIA

NUDIBRANQUIOS DAS COSTAS DE GALICIA

As cores do Atlántico

NUDIBRANQUIOS DAS COSTAS DE GALICIA

As cores do Atlántico

Autores:

Jacinto Pérez Dieste
Juan E. Trigo
Bruno Almón Pazos

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería do Mar

Editor:

Grupo de Estudo do Medio Mariño
Edif. Club Náutico, baixo - Pto. deportivo
15960 RIBEIRA (A Coruña)

1ª Edición:

Decembro do 2021

Autores:

Jacinto Pérez Dieste
Juan E. Trigo
Bruno Almón Pazos

Imaxe de portada:

Jacinto Pérez Dieste

Imaxes interiores:

Jacinto Pérez Dieste (Coa excepción das atribuídas a outros autores)

Tradutor:

Íñigo Trigo

Este libro debe citarse como:

Pérez-Dieste, J., Trigo, J. E. & Almón, B. (2021). Nudibranquios das Costas de Galicia. As cores do Atlántico. Consellería de Mar. Xunta de Galicia (Ed.) 288 pgs.

Depósito Legal: C 2148-2021

Imprime:

SCP, S.L.

O obxectivo deste libro é o de ofrecer unha simple ferramenta visual de identificación destes rechamantes moluscos pertencentes á orde Nudibranchia, coñecidos popularmente como lesmas de mar ou nudibranquios, mediante fotos realizadas no seu hábitat natural, a toda persoa interesada, tanto profesional como afeccionada, desde biólogos, educadores científicos, mergulladores curiosos, mariñeiros ou ata simples observadores das charcas do intermareal.

Aínda que este libro está limitado a especies bentónicas de augas costeiras galegas, ao ir acompañadas dunha visión xenérica da súa morfoloxía e bioloxía en xeral, así como de información sobre a súa recolección, conservación e estudo, preténdese espertar o interese por esta orde de moluscos que contribúa ao aumento do estudo e coñecemento destes curiosos animais mariños.

Toda a información presentada neste libro está baseada nun traballo de máis de 10 anos, con innumerables inmersións realizadas en augas do litoral da comunidade autónoma de Galicia co fin de contribuír ao estudo da súa riquísima e pouco coñecida fauna mariña.

AGRADECEMENTOS

Cando alguén se expón traballar nun proxecto é porque se supón que xa se obtivo, normalmente, ao cabo de moito tempo de recompilación de información, toda a necesaria como para poñelo en marcha, elaboralo e terminalo. É entón cando te dás conta de que sempre che falta algún, só algún detalle, fotografía, dato ou complemento. Habitualmente adoitan ser moi poucos, pero sabes que tamén adoitan ser aqueles que, senón están no proxecto, este queda coxo e non vai ser o mesmo. É por iso que queremos expresar o noso máis sincero agradecemento aos membros e compañeiros do Grupo de Estudo do Medio Mariño (GEMM) Paula Domínguez Lapidó e Carlos Fernández Cid e aos mergulladores José M. Cerviño Pousada, Sergio Barreira Rodríguez, e Luís M. Oregui Lizarralde polas súas fotografías dalgunhas especies de nudibranquios das nosas augas.

Tamén, gustaríanos agradecer a todos aqueles que dunha forma ou outra colaboraron na realización desta guía, ben sexa achegando exemplares ou datos de observacións de especies, como é o caso de Liliana Solís, bióloga da Confraría de Noia. Desde logo que tamén aos mestres dos mestres e á vez amigos, que estiveron aí desde o principio, como é o caso de Emilio Rolán e Jesús Troncoso.

E por último, como non, a todos os que nos apoiaron incondicionalmente para conseguir que esta guía puidese saír á luz incluídas, por suposto, as nosas familias, sen as que todo isto podería ser que só fose un soño.

ÍNDICE DE CONTIDOS

	Páxina
PRÓLOGO	13
1. OS NUDIBRANQUIOS	15
1.1 Introducción	15
1.2 Morfoloxía externa	16
1.3 Alimentación	18
1.4 Reprodución	20
1.5 Sistemas de defensa	22
1.6 Utilidade e importancia	23
1.7 Recolección, conservación e estudo	24
2. TAXONOMÍA	25
2.1 Listaxe taxonómica	26
3. FICHAS DE ESPECIES	33
4. GLOSARIO	275
5. BIBLIOGRAFÍA.....	279
6. ÍNDICE DE ESPECIES	283

As augas costeiras de Galicia contan cun gran número de especies mariñas e unha diversidade da que moi poucas zonas do mundo poden presumir. No noso litoral hai catalogadas máis de 6.000 especies coñecidas e moitas outras aínda por descubrir pois o traballo de identificación dos recursos mariños é constante e semella que tamén infinito. Quedan moitas zonas, incluídas as grandes profundidades, por explorar nas que seguro que se agochan especies que nin sequera somos capaces de imaxinar.

Por iso son importantes traballos como esta guía sobre os nudibranchios -moluscos sen cuncha coñecidos popularmente como lesmas de mar- que permite afondar no seu coñecemento e no papel que desenvolven no ecosistema no que se atopan.

Este exhaustivo traballo recolle 119 especies que son analizadas en profundidade, froito do labor desenvolvido durante unha década por Jacinto Pérez Dieste, Juan E. Trigo e Bruno Almón Pazos. Os tres autores móstrannos nel o seu amor polo medio mariño e todos os segredos duns moluscos de gran beleza que contan con gran variedade de formas e cores moi vivas que levaron ao investigador británico Thomas Everett Thompson a dicir -como se indica na propia guía- que estes invertebrados mariños "son aos moluscos o que as orquídeas son ás anxiospermas ou as bolboretas aos artrópodos".

Avanzar no coñecemento dos nudibranchios e da súa interacción co resto de especies é fundamental para coñecer o funcionamento dos ecosistemas e protexelos, así como para avanzar noutros eidos como o farmacéutico. De feito, estes invertebrados mariños -dos que hai máis de 3.200 especies en todo o mundo e en todo tipo de augas- apenas teñen interese desde o punto de vista gastronómico pero si no campo das ciencias. Nos últimos anos desenvolvéronse distintos estudos que pretenden aproveitar as substancias químicas que segregan os nudibranchios para defenderse de posibles depredadores co obxectivo de obter compostos naturais que poidan ser empregados na investigación médica en beneficio do conxunto da sociedade.

Coa radiografía destes peculiares moluscos, Galicia pon o seu grao de area no obxectivo de catalogar a biodiversidade dos nosos mares e de dar a coñecer a gran riqueza que agochan. Este completo traballo será de moita utilidade para as persoas dedicadas á educación científica, á bioloxía e ao mundo do mar pois contribuirá a que todas e todos tomemos consciencia das criaturas que habitan os nosos mares e da importancia de coñecelos e preservalos.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar

PRÓLOGO

Recibín con enorme satisfacción o libro sobre os nudibranquios das costas de Galicia. Trátase dunha grande obra, que achega unha valiosísima información sobre este grupo de moluscos, ofrecendo ademais unha magnífica iconografía. Engloba 119 especies destes magníficos e sorprendentes animais.

Debido á súa variada morfoloxía e principalmente pola súa vistosa coloración, os nudibranquios,

tamén coñecidos como lesmas mariñas pola ausencia de cuncha, son considerados por moitos autores como o equivalente ás bolboretas no medio mariño. Estes moluscos distribúense por todos os océanos do mundo, e as augas de Galicia son idóneas para o asentamento deste grupo de animais. As augas galegas son moi ricas en nutrientes que pola súa vez son os responsables do desenvolvemento do fitoplancto que é a base da cadea trófica mariña.

Os moluscos en Galicia son moi coñecidos polo público en xeral, e ocupan un importante papel na tradición gastronómica (ameixas, berberechos, navallas, minchas, polbo, sepias, luras, etc.).

Dentro da Clase Gastropoda, á que pertencen os nudibranquios, as cunchas dos caracois mariños son as máis coñecidas polo público en xeral; son as que, desde nenos ao pasear polas praias, asimilamos na nosa conciencia colectiva como beleza en deseño, cor e diversidade de formas; sendo os nudibranquios, aínda que belísimos e moi abundantes localmente, pouco coñecidos.

Este libro, por tanto, vén suplir esta lagoa no coñecemento dos moluscos das nosas costas.



Os autores introdúcenos no grupo achegando información sobre a anatomía, hábitus trófico, reprodución e estratexias de defensa, que por certo son das máis espectaculares no mundo animal; trátase da biosíntese de compostos, de metabolitos secundarios e/ou secrecións acedadas que lle proporcionan protección e suplen a función protectora da cuncha tan común nos demais grupos de gasterópodos. Estes mesmos compostos, biosintetizados por eles ou adquiridos dos invertebrados dos que se alimentan, poden ser e son utilizados polo home, para a produción de determinados fármacos.

Para cada unha das 119 especies tratadas no libro, faise primeiramente unha descrición superficial da súa morfoloxía externa, achéganse datos do seu hábitat, distribución, alimentación, reprodución, cando é coñecida, e algunha curiosidade sobre a especie. Os autores tamén achegan valiosa información de como poder separar e recoñecer as especies que son moi semellantes entre si.

Gustaríame terminar cunhas palabras para os autores, Jacinto Pérez Dieste e Juan E. Trigo, amigos e colegas na malacología, dous namorados da natureza e do ambiente mariño. Jacinto é un excelente fotógrafo submarino e gran divulgador, coñece gran parte da fauna que habita nos fondos mariños, e ese coñecemento transmíteo en charlas dirixidas a todos os públicos; as ilustracións deste libro, principalmente as fotografías tomadas baixo a auga, débense basicamente a él. Juan é un apaixonado dos moluscos desde a súa infancia, e hoxe en día posúe unha das grandes coleccións de cunchas que hai en Galicia, e que inclúe algúns paratipos. Estudoso incansable dos moluscos, imparte cursos sobre esta temática, e é un activo colaborador nas redes sociais asesorando a moitos especialistas nas súas dúbidas sobre a identificación de especies.

Ambos publicaron varios traballos, e tamén libros sobre a fauna submarina presente nas augas de Galicia; froito das súas intensivas incursións á costa tamén describiron novas especies para a Ciencia e alertaron sobre a presenza de especies alóctonas. Todo o que se fai con paixón e agarimo transmítese; e iso é o que conseguiron con esta obra.

Como comprobaredes nas páxinas seguintes, non fai falta ir a zonas de arrecife tropical para poder contemplar a beleza que nos ofrecen estas magníficas criaturas, témolos aquí mesmo, ao lado da casa. Gozade do libro.

Jesús Souza TRONCOSO
Catedrático de Zooloxía da Universidade de Vigo
Vicepresidente da Sociedade Española de Malacología

1. OS NUDIBRANQUIOS

1.1. Introducción

Os nudibranquios son moluscos carentes de cuncha que conforman unha orde dentro dos gasterópodos ou caracois mariños. Presentan unha cuncha larvaria primitiva que desaparece totalmente durante o seu desenvolvemento. O termo nudibranquio, que significa branquias espidas, fai referencia a que as branquias destes animais se sitúan na parte externa dos seus corpos.

Coñecidos vulgarmente como lesmas de mar, atópanse entre os invertebrados mariños máis rechamantes, tanto pola gran variedade de formas que presentan como polas súas vivas cores. Como ben dixo Thompson (1976), “os nudibranquios son aos moluscos o que as orquídeas son ás anxiospermas ou as bolboretas son aos artrópodos”

Aínda que son un grupo relativamente pequeno con pouco máis de 3200 especies descritas en todo o mundo, presentan un dos graos máis elevados de diversidade corporal e ecolóxica dentro dos animais mariños.



Luisella babai



Unhas poucas especies son peláxicas, pero a gran maioría son fundamentalmente bentónicas, é dicir, que viven sobre os fondos mariños e habitan augas tropicais, tépedas e frías de todo o planeta cunha ampla distribución batimétrica. Podense atopar desde as charcas do intermareal ata as profundas augas abisais. A pesar das súas formas delicadas e belas, son feroces depredadores carnívoros e moi poucas especies poden alimentarse deles.

Os nudibranquios teñen unha orixe incerta, pois os seus corpos desprovistos de cuncha evitaron a existencia de espécimes fósiles que proporcionasen datos fiables que puidesen avalar rigorosos estudos evolutivos. A perda da cuncha durante a súa evolución, aínda que aparentemente os deixou desprotexidos ante posibles depredadores, beneficiounos ao diminuír o seu peso, co consecuente aforro enerxético que

isto representa durante os seus desprazamentos. Para aumentar a protección pola perda do escudo defensivo que supón a cuncha, desenvolveron outros mecanismos de defensa, tan eficaces e seguros ou mesmo máis, en forma de armas químicas capaces de disuadir posibles predadores. Estas armas químicas poden ser producidas directamente por eles mesmos ou ser tomadas doutros organismos, que constitúen o seu alimento.

1.2 Morfoloxía externa

Os nudibranquios presentan órganos e estruturas externas recoñecibles nunha primeira ollada, aínda que non todas están presentes en todas as especies, e presentan unha ampla variedade morfolóxica.



Cabeza. Atópase na parte dianteira do animal e é difícil de apreciar na maioría das especies pertencentes á infraorde Doridoidei ao estar tapada polo manto. Está provista dos seguintes órganos:



- Boca, situada na parte ventral da cabeza, o que impide a súa visión a menos que volteemos ao animal. É o comezo do seu sistema dixestivo e a encargada da incorporación de alimentos.

- Tentáculos orais, un a cada lado da boca. Son os encargados de ir tenteando o terreo polo que se despraza para o seu recoñecemento. Algúns autores tamén creen que poden ter algunha función olfactiva. Estes tentáculos son moi curtos nos doridáceos e están ocultos polo veo oral, mentres que nos aeolidiáceos son moi longos, aparentes e poden presentar baixo estes os tentáculos propodiais.

- Veo oral, que é a prolongación da parte frontal da cabeza e pode ser liso ou presentar prolongacións ramificadas ou dixitiformes. Está presente só en especies pertencentes a unhas poucas familias e a súa función sensitiva non é totalmente coñecida.

- Rinóforos, que se sitúan na parte superior da cabeza, da que sobresaen. Son estruturas quimiosensoriais cuxa forma varía entre as diferentes especies (espiralados, rugosos, papilados, ramificados, alongados, grosos,...), pero que poden englobarse en dúas grandes categorías: lisos e lamelados. Os rinóforos lamelados presentan nunha parte da súa lonxitude, máis ou menos ampla, unha serie de laminiñas, dispostas horizontalmente, transversalmente ou verticalmente, que aumentan a súa superficie sensorial e os fan máis eficientes. En moitas especies, os rinóforos poden ser retraídos rapidamente en caso de perigo, nunhas especies directamente dentro do seu corpo e noutras no interior dunha vaina protectora denominada vaina rinofórica, como forma de protección debido á súa fragilidade e importancia sensorial. Pouco se sabe de certo sobre a súa función, aínda que existe unanimidade entre os diferentes autores en que son órganos sensoriais importantes que interveñen na procura do alimento e doutros conxéneres para a súa reprodución.

- Ollos, que se sitúan baixo a pel da parte superior da cabeza, sobre o cerebro, e redúcense normalmente a simples manchas oculares que só perciben cambios de luz, o que pode ser suficiente para diferenciar entre o día e a noite ou detectar cambios lumínicos que poidan alertar dun posible perigo. Só poden apreciarse cunha observación próxima, a través dunha boa macrofotografía ou por medio dunha lupa binocular.



Branquias. Aínda que nos nudibranquios é posible o intercambio gasoso por toda a súa superficie corporal, poden presentar este órgano respiratorio específico que se atopa no exterior do seu corpo. Non son outra cousa que estruturas moi irrigadas por líquido circulatorio que permiten o intercambio gasoso.

Na infraorde Doridoidei forman un penacho característico na parte posterior dorsal, a pluma branquial, que se dispón rodeando a papila

anal total ou parcialmente e que o mesmo que os rinóforos, pode retraerse totalmente no interior da vaina branquial.

Manto. Recobre toda a superficie dorsal (noto) e en moitos exemplares pertencentes á infraorde Doridoidei presentan na súa composición espículas calcáreas que o endurecen, dándolle soporte ao corpo e mesmo desenvolvendo unha función defensiva. Varía enormemente en formas e cores e pode ser liso ou presentar tubérculos, os cales poden verse alterados tanto en número como en forma. Mentres que na maioría das especies son redondeados e de forma simple, noutras presentan aneis de espículas ao redor e cilios sensoriais, formando cariofilídeos, unhas complexas estruturas especializadas. O manto dos doridáceos pode presentar pola súa superficie ou no bordo, glándulas defensivas que segregan toxinas ou diferentes tipos de ácidos.

Ceras, ou conxunto de todas as ceras: **cerata.** Nalgunhas especies, especialmente nas formas aeolidiáceas, o manto forma expansións en forma de apéndices ou papilas, as cales poden ser ramificadas ou simples, aplanadas ou dixitiformes, tubulares ou con abultamentos irregulares e mesmo finalizar en forma de maza. Os cerata presentan no seu interior, na parte inferior, unha prolongación do sistema dixestivo e na superior un cnidosaco cunha función defensiva. A súa función, ademais de defensiva e dixestiva, é respiratoria xa que a súa pel fina e o seu interior recheo de líquido circulatorio permite o intercambio gasoso, o mesmo que



as branquias dos dóridos. As especies pertencentes á superfamilia Tritonioidea presentan unhas expansións ramificadas ao longo dos laterais do seu dorso cunha función similar aos cerata.

Pé, cuxa función é o desprazamento do animal, segregando en moitas especies unha especie de substancia viscosa que lles permite desprazarse de forma máis rápida.


Cola ou parte posterior do pé, que pode ser delgada e puntiaguda ou roma e redondeada.

1.3 Alimentación

Os nudibranquios, como a maioría dos gasterópodos, presentan un órgano específico para a súa alimentación chamado rádula. É un órgano moi especializado provisto de numerosísimos dentes diminutos e que usan para raspar o alimento. Como é específica para cada especie e adoita conservarse ben, foi moi empregada como carácter determinante, aínda que na actualidade está un tanto en desuso ao atoparse diferenzas en distintos individuos da mesma especie ocasionadas por unha alimentación diferente. Algunhas es-

pecies de nudibranchios que se alimentan exclusivamente de esponjas carecen de rádula e para a súa alimentación segregan encimas que disolven os seus tecidos para posteriormente succionar os mollos resultantes.

Os nudibranchios son especies carnívoras, cuxos hábitos alimenticios foron obxecto de varios estudos. Normalmente as especies pertencentes a unha superfamilia acostuman a alimentarse de animais de certos filos, por exemplo, na gran maioría das especies pertencentes á superfamilia Doridoidea, a dieta baséase en poríferos, briozoos e en menor medida tunicados, mentres que os pertencentes á superfamilia Aeolidioidea, predan sobre cnidarios. Aínda que existen especies cuxa dieta se especializou nunha única presa como, por exemplo, a de *Peltodoris atromaculata* que se compón



Rádula de *Atagema gibba*
Foto: Emilio Rolán



Aeolidia filomenae alimentándose del cnidario *Actinothoe spirodeta*

unicamente da esponxa *Petrosia ficiformis* ou *Marionia gemmii* que se alimenta soamente da gorgonia vermella *Leptogorgia sarmentosa*, a maioría son menos restrictivos, e mesmo existen algúns que poden alimentarse de especies de varios filos como é o caso de *Facelina annulicornis* que basea a súa dieta nos hidrozoos, pero que ademais se pode alimentar doutros nudibranchios e mesmo das postas destes.

Os ovos constitúen a dieta de varias especies, especialmente aquelas pertencentes aos xéneros *Calma* e *Favorinus*.

Tanto *Calma gobioophaga* como *Calma glaucoides* aliméntanse exclusivamente de ovos de varias especies de peixes. Ao ser este un alimento tan nutritivo e carente de desperdicios, o ano vólvese innecesario, desaparecendo durante a súa fase larvaria. Pola contra *Favorinus blianus* e *Favorinus branchialis* si presentan ano ao alimentarse, ademais de ovos de varias especies de nudibranchios que escasean en certas épocas do ano, doutras especies de invertebrados como hidrozoos.



Calma gobioophaga alimentándose de ovos de *Gobius niger*

Uns poucos nudibranquios adquiren parte dos nutrientes que necesitan de asociacións específicas con certas algas unicelulares, as zooxantelas. Un claro exemplo desta asociación é *Spurilla neapolitana* que consegue as zooxantelas de *Anemonia viridis*, da que se alimenta. Nos anacos de tecidos que raspa desta anémona, inxíreas e son separadas no seu sistema dixestivo e almacenadas en divertículos que a súa glándula dixestiva presenta nos cerata dispostos no seu dorso. Aínda que as zooxantelas lles achegan variados nutrientes grazas á súa actividade fotosintética, os nudibranquios, a diferenza de especies doutros filos, poden vivir perfectamente sen a presenza destas algas unicelulares.



Spurilla neapolitana alimentándose de *Anemonia viridis*



Cópula de *Polycera faeroensis*

1.4 Reprodución

Os nudibranquios son animais hermafroditas simultáneos con fertilización cruzada, o que impide a súa autofecundación. O seu ciclo de vida adoita ser anual. O órgano copulador sitúase no seu costado dereito e está formado por un pene situado á beira da vaxina. Para a cópula, os individuos colócanse de forma inversa unindo os seus costados dereitos e poder iniciar a cópula recíproca para intercambiar os seus gametos sexuais.

Aínda que a cópula pode durar uns poucos minutos, xeralmente adoita durar varias horas, ou mesmo nalgunhas especies, varios días. Para iso poden presentar caracteres morfolóxicos que axuden a manter a posición, como a presenza de espiñas no pene. A forma e disposición destas espiñas poden ser criterios á hora de identificar determinadas especies.


Tras a cópula realizan as postas, que adoitan ser depositadas sobre especies que constitúen o seu alimento.

A posta consiste normalmente nunha cinta ou cordón ovíxero, no interior do cal os ovos van encapsulados individualmente e todos unidos por unha matriz mucosa.



Aínda que normalmente as cópulas se realizan entre dous individuos, nalgunhas especies poden verse pequenas orxías, onde 3 ou máis individuos intercambian os seus gametos sexuais. Na foto, exemplares de *Trapania tartanella*

A forma e cor da posta adoitan ser característicos da especie, aínda que estas características, ás veces, poden ser tan sutís que impiden que poidamos identificar a primeira ollada unha especie simplemente pola súa posta.



Diferentes formas de postas de nudibranquios

Segundo a especie, poden presentar 3 tipos diferentes de desenvolvemento larvario. O máis común é o desenvolvemento planctotrófico, cunha larva velíxera, unha larva ciliada nadadora que presenta nos seus primeiros estadios unha cuncha que perde posteriormente durante o seu desenvolvemento e que se alimenta de forma activa, permanecendo entre o plancto uns 30 días. Algunhas especies, como *Cadlina laevis*, presentan desenvolvemento directo. Neste caso a larva non sofre metamorfose, a pequena cuncha pérdese

directamente no interior do ovo e a fase que xorde de este é como un individuo adulto en miniatura. Por último, existen especies onde o seu desenvolvemento larvario é lecitotrófico, é dicir, realízase exclusivamente sobre o fondo mariño e non presentan fase planctónica. Cando eclosionan, as larvas aliméntanse unicamente das reservas que lles proporciona o seu saco vitelino.

As larvas velíxeras móvense na columna de auga, entre o plancto, grazas a unha coroa ciliada, o veo, que ademais de axudarlle na natación tamén é usado para a captura do alimento por medio dun canle periférico ciliado que transporta o fitoplancto recolleito cara á boca da larva. Normalmente a velíxera comeza a súa metamorfose ao detectar substancias químicas na auga circundante procedentes do alimento favorito da especie. Neste caso cambia a súa forma de natación e en vez de nadar en liña recta comeza a facer círculos e a descender ata o substrato, onde se asentará definitivamente metamorfoseándose na forma definitiva dos adultos.

1.5 Sistemas de defensa

A perda da cuncha durante o seu desenvolvemento, aínda que lle reporte beneficios, deixa aos nudibranquios nunha posición delicada ante potenciais depredadores, por iso, tiveron que desenvolver ao longo da súa evolución, estratexias ou sistemas defensivos novos que lles permitan sobrevivir a pesar desta desvantaxe relativa.

Entre os variados sistemas de defensa descritos nos nudibranquios, o máis amplamente estendido e aparentemente efectivo é a defensa química. Case todos os membros do xénero *Discodoris* posúen unhas glándulas especiais no seu manto encargadas da secreción de ácido (cítrico, sulfhídrico, etc.) usado para repeler aos seus posibles depredadores. A gran maioría das especies da superfamilia Doridoidea, depredadores de esponxas, son



Felimida luteorosea

capaces de sintetizar moléculas do seu alimento e incorporalas ao seu sistema dixestivo ou almacenalas en células especializadas do seu manto. Normalmente estas especies mostran vistosas cores (aposematismo) como forma de aviso fronte aos seus depredadores. Tal é o caso de *Felimida luteorosea* que acumula diterfenos que extrae do seu alimento, esponxas da orde Dendroceratida.

Outros usan os sistemas defensivos das súas vítimas, incorporándoos ao seu propio corpo. É o caso dos aeolidiáceos que se alimentan de cnidarios, recuperando os nematocistos non disparados das súas presas, e mediante os divertículos da glándula dixestiva, que se introduce no interior das súas ceras, son almacenados no ápice destas, nos chamados cnidosacos, onde son agrupados en células especializadas denominadas cnidóforos. Os cnidosacos comunican co exterior por medio dun orificio denomeado cnidoporo, que se abre cando o animal é molestado liberando unicamente parte do seu contido de nematocistos, o que lle permite varias descargas en caso dun depredador recorrente.

Outra técnica de defensa, usada pola maioría das especies pertencentes á superfamilia Doridoidea, é a secreción de espículas calcáreas no seu manto, o que ocasiona que sexa un tanto indixesto para os seus posibles depredadores.

A camuflaxe é outro método de defensa usado por algúns nudibrancos que presentan coloracións crípticas. Estas cores, e incluso formas anatómicas externas moi peculiares, fan que pasen desapercibidos ante posibles depredadores, logrando a súa invisibilidade cando están sobre as súas presas ou sobre o substrato onde viven.



Exemplares de *Duvaucelia odhneri* sobre *Leptogorgia sarmentosa*

Algúns especies crípticas conseguen os pigmentos da súa presa para así adoptar a súa mesma coloración. Un claro exemplo é *Duvaucelia odhneri*, que se alimenta dos pólipos de certas gorgonias e nas cales adoita confundirse pola súa forma e cor enrolándose nos seus eixos, mostrando as súas branquias e rinóforos que se confunden cos pólipos do cnidario.

Algúns nudibrancos son capaces de sacrificar algunha parte corporal (autotomía) voluntariamente para confundir así ao depredador e conseguir escapar. *Aeolidia filomenae* é capaz de autotomizar parte das súas ceras, as cales seguen axitándose tras desprenderse do seu corpo para confundir ao depredador mentres consegue tempo para fuxir. Estas ceras serán posteriormente rexeneradas dunha forma máis ou menos rápida.

Por último citar a natación usada por unhas poucas especies como forma de escape dos seus depredadores. É o caso de *Marionia gemmii* capaz de desprazarse nadando, con movementos convulsivos do seu corpo ante posibles perigos.

Aclarar que as distintas especies poden combinar varias destas técnicas, comportamentos ou medios defensivos.



Marionia gemmii

1.6 Utilidade e importancia

Aínda que nalgúns culturas, especialmente suramericanas, os nudibrancos constitúen unha parte da dieta das súas xentes, o seu interese gastronómico é moi reducido ou case inexistente. A verdadeira importancia destes animais para o ser humano radica na súa capacidade de producir substancias tóxicas. O seu uso como recurso para a obtención de certos compostos químicos remóntase á antigüidade, onde os romanos extraían algúns deles dos opistobranquios. A procura de compostos naturais extraídos de animais mariños con potencial para o seu uso en investigación médica, esta a experimentar na actualidade un grande desenvolvemento.

Moitos dos produtos que os nudibranquios usan como defensa química están a ser investigados polo Instituto Nacional do Cancro de Estados Unidos para avaliar o seu potencial uso farmacéutico, algúns dos cales están en fase de investigación clínica.

1.7 Recolección, conservación e estudo

Os nudibranquios áchanse en todos os ecosistemas mariños, desde augas superficiais ata grandes profundidades, aínda que a súa maior biodiversidade atópase desde o intermareal ata os 25 metros de profundidade.

No intermareal, poden ser localizados protexéndose da desecación, escondidos baixo pedras ou dentro da auga en charcas intermareais, mentres que a maior profundidade atópanse baixo pedras, en gretas de rochas, entre estípites de laminarias e principalmente, sobre outras especies que lles serven de alimento.


A falta de cuncha fai moito máis difícil o seu estudo con respecto aos demais moluscos con cuncha, dado que algúns caracteres taxonómicos que se consideran importantes para a súa identificación atópanse na súa morfoloxía externa (forma corporal, rinóforos, penacho branquial,...) e na súa coloración, de aí a gran importancia que ten o seu estudo en vivo. Os nudibranquios deberán, sempre que sexa posible e os nosos medios o permitan, ser fotografados no seu medio, xa que ademais da súa forma e coloración natural, a fotografía pódenos proporcionar un maior grao de información, como o tipo de substrato no que habita e/ou o seu posible alimento. Posteriormente pode ser moi útil a fotografía en detalle en laboratorio, ou na súa falta realizar un debuxo o máis fiel e minucioso posible do mesmo, dado que os seus corpos, ao ser introducidos en solucións para preservación, perden a súa forma e as cores brillantes que poden presentar orixinalmente.

Antes de ser conservados, deben ser relaxados con cristais de mentol, cloruro de magnesio ou mesmo alcol etílico, pois en caso contrario os seus corpos encolleranse de forma violenta, o que fará difícil ou mesmo imposible un estudo anatómico posterior no laboratorio. Calquera das solucións mencionadas derramarase na auga onde se atope o exemplar obxecto de estudo de forma coidadosa, tentando non alteralo e esperando ata que aos poucos vaia quedando relaxado cos rinóforos e penacho branquial estendidos. Espérase un tempo prudente ata asegurarnos que se atopa totalmente anestesiado para engadir con coidado máis solución á auga, en cantidade suficiente para asegurar que xa non volva moverse. É a partir deste intre cando poderemos pasar a conservalo definitivamente en alcol de 70°.

Aínda que a maioría dos nudibranquios non se atopan en ningunha lista de especies ameazadas nin en perigo de extinción, debemos sopesar con gran coidado a necesidade de colleitar un exemplar xa que, quizá, unha boa macrofotografía sexa suficiente para a súa identificación. Só deberemos colleitar exemplares con fins científicos ou estritamente educativos. Unha vez colleitados do seu medio natural son moi difíciles de manter vivos e morren aos poucos días.

2. TAXONOMÍA

A taxonomía, cuxo nome deriva do epíteto grego taxis que significa ordenación, é a ciencia que se encarga dos principios, métodos científicos e fins da clasificación biolóxica, ordenando e clasificando todos os organismos vivos. O pai da taxonomía moderna foi o naturalista sueco Carl von Linné, que en 1767, na súa doceava edición do libro *Sistema Naturae*, describe 7 especies de nudibranchios. A principios do século XIX, Cuvier cita por primeira vez a palabra Nudibranchia para denominar a esta orde de animais e describe nove xéneros, pero serían Alder e Hancock (1845-1855) quen sentan as bases da sistemática moderna. Nos últimos 60 anos o desenvolvemento de equipos e técnicas especializadas para poder mergullar baixo as augas disparou o seu atractivo para a ciencia, comezando un estudo en profundidade destas especies.



A actual popularización dos estudos filoxenéticos, están a dar un novo impulso á sistemática en xeral, e dos nudibranchios en particular, promovendo a aparición de nova información de forma cada vez máis rápida. Neste libro seguiu-se a proposta por WoRMS (Rexistro Mundial de Especies Mariñas), unha ferramenta fundamental que mantén actualizada toda a información sobre a vida mariña e onde calquera persoa pode facer consultas en aberto (www.marinespecies.org).

Os nomes científicos están formados por dúas palabras: o nome xenérico e o nome específico, o que se coñece como nomenclatura binomial. Sempre e sen excepción deberán estar escritos en cursiva.

A primeira parte dun nome científico corresponde ao xénero ao que pertence o organismo e a segunda é o nome da especie. O xénero escríbese sempre con letra maiúscula e a especie en letra minúscula.

O nome da especie pode ir seguido do nome da persoa ou persoas que a describiron e do ano da súa descrición. Se o autor ou autores describiron o animal dentro dun xénero distinto ao que actualmente se atope, ben sexa debido a posteriores estudos morfolóxicos, moleculares ou doutro ámbito, o seu nome e ano irá encerrado entre paréntese. Así, por exemplo, *Cadlina laevis*, foi unha especie descrita por Linneo en 1758. No momento da súa descrición figuraba como *Doris laevis* Linneo, 1758. Co paso do tempo e tras estudos concretos, se considerou que esta especie debía ser incluída no xénero *Cadlina*, polo que o nome científico debe quedar rexistrado como *Cadlina laevis* (Linneo, 1758).

2.1 Listaxe taxonómica

Reino: Animalia

Filum: Mollusca

Clase: Gastropoda

Subclase: Heterobranchia

Infraclase: Euthyneura

Subterclase: Ringipleura

Superorde: Nudipleura

Orde: Nudibranchia

Suborde: Cladobranchia

Superfamilia: Aeolidioidea

Familia: Aeolidiidae

Xénero: *Aeolidia*

Aeolidia filomenae Kienberger, Carmona, Pola, Padula, Gosliner & Cervera, 2016

Aeolidia papillosa (Linneo, 1761)

Xénero: *Aeolidiella*

Aeolidiella alderi (Cocks, 1852)

Aeolidiella glauca (Alder & Hancock, 1845)

Aeolidiella sanguinea (Norman, 1877)

Xénero: *Spurilla*

Spurilla croisicensis (Labbé, 1923)

Spurilla neapolitana (Delle Chiaje, 1841)

Familia: Babakinidae

Xénero: *Babakina*

Babakina anadoni (Ortea, 1979)

Familia: Facelinidae

Xénero: *Facelina*

Facelina annulicornis (Chamisso & Heysenhardt, 1821)

Facelina auriculata (Müller, 1776)

Facelina bostoniensis (Couthouy, 1838)

Facelina dubia Pruvot-Fol, 1948

Facelina schwobi (Labbé, 1923)

Xénero: *Favorinus*

Favorinus blianus Lemche & Thompson, 1974

Favorinus branchialis (Rathke, 1806)

Xénero: *Pruvotfolia*

Pruvotfolia pselliotes (Labbé, 1923)

Familia: Myrrhinidae

Xénero: *Dondice*

Dondice banyulensis Portmann & Sandmeier, 1960

Superfamilia: Arminoidea

Familia: Arminidae

Xénero: *Armina*

Armina maculata Rafinesque, 1814

Armina neapolitana (Delle Chiaje, 1824)

Superfamilia: Dendronotoidea

Familia: Dotidae

Xénero: *Doto*

Doto coronata (Gmelin, 1791)

Doto dunnei Lemche, 1976

Doto eireana Lemche, 1976

Doto floridicola Simroth, 1888

Doto fragilis (Forbes, 1838)

Doto koenneckeri Lemche, 1976

Doto lemchei Ortea & Urgorri, 1978

Doto pinnatifida (Montagu, 1804)

Doto tuberculata Lemche, 1976

Doto sp.

Familia: Hancockiidae

Xénero: *Hancockia*

Hancockia uncinata (Hesse, 1872)

Familia: Lomanotidae

Xénero: *Lomanotus*

Lomanotus marmoratus (Alder & Hancock, 1845)

Superfamilia: Fionoidea

Familia: Calmidae

Xénero: *Calma*

Calma glaucoides (Alder & Hancock, 1854)

Calma gobioophaga Calado & Urgorri, 2002

Familia: Cumanotidae

Xénero: *Cumanotus*

Cumanotus beaumonti (Eliot, 1906)

Cumanotus cuenoti Pruvot-Fol, 1948

Familia: Cuthonidae

Xénero: *Cuthona*

Cuthona nana (Alder & Hancock, 1842)

Familia: Eubbranchidae

Xénero: *Amphorina*

Amphorina farrani (Alder & Hancock, 1844)

Amphorina linensis García-Gómez, Cervera & García, 1990

Amphorina pallida (Alder & Hancock, 1842)

Xénero: *Capellinia*

Capellinia doriae Trinchese, 1874

- Xénero:** *Eubranchus*
Eubranchus tricolor Forbes, 1838
Eubranchus vascoi Ortea, Caballer & Moro, 2002
Eubranchus vittatus (Alder & Hancock, 1842)
Eubranchus sp.
- Familia:** Flabellinidae
Xénero: *Edmundsella*
Edmundsella pedata (Montagu, 1816)
Xénero: *Flabellina*
Flabellina affinis (Gmelin, 1791)
Xénero: *Paraflabellina*
Paraflabellina ischitana (Hirano & Tompson, 1990)
- Familia:** Samlidae
Xénero: *Luisella*
Luisella babai (Schmekel, 1972)
- Familia:** Tergipedidae
Xénero: *Tergipes*
Tergipes tergipes (Forsk. in Niebuhr, 1775)
- Familia:** Trinchesiidae
Xénero: *Catriona*
Catriona aurantia (Alder & Hancock, 1842)
Xénero: *Trinchesia*
Trinchesia albopunctata Schmekel, 1968
Trinchesia cuanensis Korshunova et al., 2019
Trinchesia ocellata Schmekel, 1966
- Superfamilia:** Proctonotoidea
Familia: Janolidae
Xénero: *Antiopella*
Antiopella cristata (Delle Chaje, 1841)
Xénero: *Janolus*
Janolus hyalinus (Alder & Hancock, 1854)
- Superfamilia:** Tritonioidea
Familia: Tritoniidae
Xénero: *Duvaucelia*
Duvaucelia lineata (Alder & Hancock, 1848)
Duvaucelia manicata (Deshayes, 1853)
Duvaucelia odhneri J. Tardy, 1963
Duvaucelia plebeia (G. Johnston, 1828)
Xénero: *Marionia*
Marionia blainvillea (Risso, 1818)
Marionia gemmii Almón, Pérez & Caballer, 2018
Xénero: *Tritonia*
Tritonia hombergii Cuvier, 1803

Suborde: Doridina

Infraorde: Doridoidei

Superfamilia: Chromodoridoidea

Familia: Cadlinidae

Xénero: *Aldisa*

Aldisa binotata Pruvot-Fol, 1953

Aldisa smaragdina Ortea, Pérez & Llera, 1982

Xénero: *Cadlina*

Cadlina laevis (Linneo, 1767)

Cadlina pellucida (Risso, 1826)

Familia: Chromodorididae

Subfamilia: Chromodoridinae

Xénero: *Felimida*

Felimida krohni (Vérany, 1846)

Felimida luteopunctata (Gantés, 1962)

Felimida luteosea (Von Rapp, 1827)

Felimida purpurea (Risso, 1831)

Subfamilia: Miamirinae

Xénero: *Felimare*

Felimare cantabrica (Bouchet & Ortea, 1980)

Felimare fontandraui (Pruvot-Fol, 1951)

Felimare tricolor (Cantraine, 1835)

Felimare villafranca (Risso, 1818)

Superfamilia: Doridoidea

Familia: Discodorididae

Xénero: *Atagama*

Atagama gibba Pruvot-Fol, 1951

Xénero: *Discodoris*

Discodoris rosi Ortea, 1979

Discodoris stellifera (Vayssière, 1903)

Xénero: *Geitodoris*

Geitodoris bacalladoi Ortea, 1990

Geitodoris bonosi Ortea & Ballesteros, 1981

Geitodoris planata (Alder & Hancock, 1846)

Xénero: *Jorunna*

Jorunna tomentosa (Cuvier, 1804)

Xénero: *Peltodoris*

Peltodoris atromaculata Bergh, 1880

Xénero: *Rostanga*

Rostanga rubra (Risso, 1818)

Xénero: *Tayuva*

Tayuva lilacina (Gould, 1852)

Xénero: *Thordisa*

Thordisa azmanii Cervera & García Gómez, 1989

Familia: Dorididae

Xénero: *Doris*

Doris ocelligera (Bergh, 1881)

Doris pseudoargus Rapp, 1827

Doris verrucosa Linneo, 1758

Superfamilia: Onchidoridoidea

Familia: Aegiridae

Xénero: *Aegires*

Aegires punctilucens (d'Orbigny, 1837)

Familia: Calcydorididae

Xénero: *Diaphorodoris*

Diaphorodoris alba Portmann & Sandmeier, 1960

Diaphorodoris luteocincta (M. Sars, 1870)

Familia: Goniodorididae

Xénero: *Ancula*

Ancula gibbosa (Risso, 1818)

Xénero: *Goniodoris*

Goniodoris castanea Alder & Hancock, 1845

Goniodoris nodosa (Montagu, 1808)

Xénero: *Okenia*

Okenia aspersa (Alder & Hancock, 1845)

Okenia mediterranea (Von Ihering, 1886)

Xénero: *Trapania*

Trapania fusca (Lafont, 1874)

Trapania hispalensis Cervera & García-Gómez, 1989

Trapania maculata Haefelfinger, 1960

Trapania pallida Kress, 1968

Trapania tartanella (Von Ihering, 1886)

Familia: Onchidorididae

Xénero: *Knoutsodonta*

Knoutsodonta cervinoi (Ortea & Urgorri, 1979)

Knoutsodonta depressa (Alder & Hancock, 1842)

Knoutsodonta pusilla (Alder & Hancock, 1845)

Knoutsodonta reticulata (Ortea, 1979)

Knoutsodonta sparsa (Alder & Hancock, 1846)

Xénero: *Onchidoris*

Onchidoris bilamellata (Linneo, 1767)

Superfamilia: Phyllidioidea

Familia: Dendrodorididae

Xénero: *Dendrodoris*

Dendrodoris herytra Valdés & Ortea in Valdés, Ortea, Ávila & Ballesteros, 1996

Dendrodoris limbata (Cuvier, 1804)

Xénero: *Doriopsilla*

Doriopsilla areolata Berg, 1880

Doriopsilla pelseneeri d'Oliveira, 1895

Superfamilia: Polyceroidea

Familia: Polyceridae

Subfamilia: Polycerinae

Xénero: *Palio*

Palio nothus (G. Johnston, 1838)

Xénero: *Polycera*

Polycera capitata (Alder & Hancock, 1854)

Polycera faeroensis Lemche, 1929

Polycera kernowensis Driessen, Picton, Dekker & Korshunova, 2021

Polycera quadrilineata (O.F. Müller, 1776)

Subfamilia: Triophinae

Xénero: *Crimora*

Crimora papillata Alder & Hancock, 1862

Xénero: *Limacia*

Limacia clavigera (O.F. Müller, 1776)

Limacia iberica Caballer, Almón & J.Pérez, 2016

Limacia inesae Toms, Pola, Von der Heyden & Gosliner, 2021



3. FICHAS DE ESPECIES



DESCRICIÓN:

Corpo amplo e relativamente baixo. Rinóforos cónicos, lisos e con ápice romo onde na súa base son visibles os ollos. Tentáculos orais lisos e longos, aguzándose cara aos seus ápices e dun tamaño un pouco maior que os rinóforos. Os cerata están dispostos en 16 fileiras oblicuas, a cada lado do dorso, con ata 8 ceras en cada fileira, deixando unha grande área triangular entre os rinóforos e a área cardíaca sen cubrir. Ceras de sección aplanada, máis anchas na súa base e curvándose lixeiramente cara a dentro, sendo máis pequenas as situadas na parte anterior e posterior do corpo. Pé amplo que finaliza en punta e que na súa parte dianteira forma dous tentáculos propodiais tentaculiformes. Glándula dixestiva de cor branca amarelada e visible por transparencia. Cor corporal variable, branca, beige clara ou salmón a verdosa, moteado en marrón claro ou branco. Pode presentar unha mancha en forma de Y, que comezando na zona cardíaca, pasa entre os rinóforos e esténdese por ambos os tentáculos orais, de cor branca brillante a parda clara. Pode tamén estar moteada. Os cerata son de tonalidade máis clara que o corpo e de ápices brancos. Rinóforos e tentáculos orais translúcidos, moteados en branco ou beige opaco cos seus ápices translúcidos, esbrancuxados e excepcionalmente amarelo alaranxados. Alcanza un tamaño máximo de 80 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

A partir da zona intermareal ata os 20 metros de profundidade, en augas pouco profundas. Sobre rochas, pedras e entre algas, sempre preto de anémonas, que lle serven de alimento así como de defensa ao extraer delas os nematocistos e almacenalos nas puntas das súas ceras. Antes de atacar á súa presa estende ao máximo os seus tentáculos sensoriais e segrega unha abundante mucosidade para protexerse dos acontios (filamentos urticantes) que proxecta a anémona ao verse en perigo. A súa posta, que coloca preto da súa presa, é un fino cordón xelatinoso transparente con diminutos ovos de cor branca, esporadicamente de cor rosada, disposto de forma ondulada nunha espiral desordenada.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o estreito de Xibraltar.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aeolidia papillosa, coa que se confundía ata a súa descrición, e que é de maior tamaño, presentando máis filas ceratais con máis ceras de perfil cilíndrico e máis delgadas, afacendo ser dunha tonalidade máis escura que o resto do seu corpo.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *filomenae*, é en honra a Matilde Filomena López González, nacida en Galicia e avoa de Marta Pola, unha das autoras da descrición da especie.

Aeolidia papillosa (Linneo, 1761)



DESCRIPCIÓN:

É o maior aeólido das nosas augas, con corpo rechoncho, tentáculos orais e rinóforos lisos e longos, afiándose cara aos seus ápices. Ceras cilíndricas e dispostas densamente en 25 fileiras a cada lado do dorso, deixando unha grande área triangular central sen cubrir. Mancha en forma de V branca



que comeza na súa fronte e se estende por ambos os tentáculos orais. Cor variable, desde gris a parda púrpura, coa punta dos cerata, rinóforos e tentáculos orais brancos e con manchas brancas repartidas pola zona dorsal que non está cuberta polos cerata. O seu tamaño máximo pode chegar aos 120 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

A partir da zona intermareal en augas pouco profundas, aínda que tamén foi rexistrada a 800 metros de profundidade. Sobre rochas, pedras e entre algas, sempre preto das súas presas, os hexacorais, que



lle serven de alimento, así como de defensa ao extraer deles os nematocistos e almacenalos nas puntas das súas ceras. Aliméntase de *Corynactis viridis*, *Anthopleura ballii*, *Aulactinia verrucosa*, *Anemonia viridis*, *Actinothoe spirodeta*, *Actinia equina*, *Actinia prasina*, *Actinia fragacea*, *Cylista elegans*, etc., para o que xera unha mucosida-

de que evita que se disparen os cnidocitos das súas presas, evitando así danos ou mesmo a morte polo seu veneno. As súas postas, que coloca preto das súas presas, están formadas por un fino cordón xelatinoso transparente con diminutos ovos de cor branca, disposto de forma ondulada nunha espiral desordenada formando un tapete de forma redondeada.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Noruega ata a Bretaña francesa e o noroeste da península ibérica, aínda que mantén predilección polas augas frías do norte.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aeolidia filomenae, recentemente separada desta especie, presenta uns longos tentáculos propodiais e as ceras son de perfil aplanado, máis anchas na súa base, curvándose cara ao dorso no seu ápice.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *papillosa*, é un epíteto latino que significa con papilas ou curtos procesos, en referencia aos cerata que recobren o seu corpo.

Aeolidiella alderi (Cocks, 1852)



DESCRICIÓN:

Corpo longo e aplanado con rinóforos lisos ou lixeiramente engurrados, nunca lamelados, e lixeiramente máis curtos que os tentáculos orais. Nos laterais do dorso posúe 14-16 filas transversais de ceras a cada lado, das cales 10 son móbiles e alongadas. As ceras máis próximas á rexión cefálica son



de menor lonxitude, case a metade das outras. O tubo dixestivo é visible e a súa cor varía dependendo da súa dieta. Cor beige con algunha pigmentación laranxa no dorso. Rinóforos e tentáculos orais brancos ou amarelo pálido translúcido cos ápices amarelo alaranxado. Os cerata son brancos, amarelo tenue, verdosos ou laranxa tenue, dependendo do contido dixestivo, cos ápices amarelo-alaranxados ou pálidos, especialmente os da rexión cefálica, cuxa glándula dixestiva só alcanza a metade dos mesmos, formando un característico collar branco. Pode alcanzar os 37 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Esta especie é fundamentalmente intermareal, aínda que tamén pode chegar aos 15 metros de profundidade baixo pedras e rochas sempre asociada ás súas presas. Aliméntase de anémonas, entre elas *Actinotheria sphyrodeta*, *Anemonia viridis*, *Cereus pedunculatus*, *Metridium dianthus*, *Bunodactis verrucosa*, *Cylista elegans* e *Aiptasia couchii*.



A súa coloración críptica axúdalle a ocultarse dos seus depredadores entre as rochas e dos demais organismos que comparten o seu hábitat. A súa posta consiste nun fío xelatinoso formado por 2 filas de grosos ovos brancos, dispostos nun aparente e desordeado zigzag. O seu desenvolvemento é directo, polo que carece dunha fase larvaria velíxera.

DISTRIBUCIÓN:

Dende as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aeolidiella glauca, que é de maior tamaño, cun corpo máis ancho e con máis ceras. Ademais, presenta manchas de pigmento claras sobre o seu corpo.

Aeolidiella sanguinea, cos ápices dos seus tentáculos orais, rinóforos e cerata de cor branca. Ademais non presenta o característico debuxo en forma de collar branco.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *alderi*, é en honra ao zoólogo e malacólogo británico Joshua Alder (1792-1867).

Aeolidiella glauca (Alder & Hancock, 1845)





DESCRIPCIÓN:

Corpo longo e aplanado, con rinóforos lisos ou lixeiramente engurrados, nunca lamelados, e lixeiramente máis curtos que os tentáculos orais. Corpo densamente cuberto polos cerata, exceptuando a parte central do dorso. As ceras máis próximas á rexión cefálica son de menor lonxitude, case a metade

das outras. Cor parda alaranxada ou marrón agrisada con amplas zonas de pigmentación beige ou marrón claro no dorso e no bordo que rodea o seu pé. Os cerata están cubertos por densas manchas de cor beige, co ápice de cor crema ou branca. Manchas brancas ou beige salpicando o dorso e no ápice de tentáculos orais e rinóforos. Pode alcanzar os 45 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 30 metros de profundidade en zonas fangosas protexidas, fixada a anacos de cunchas ou pequenas pedras incrustadas no lodo. A súa posta está composta por un cordón en forma de espiral plana con pequenos cortes a intervalos regulares. Aliméntase de anémonas da familia Sagartiidae, con predilección por *Cylista lacerata*.



DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata as costas atlánticas da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aeolidiella alderi, de menor tamaño, con ápices de tentáculos orais, rinóforos e cerata de cor amarela.



Aeolidiella sanguinea, co corpo máis estreito, cerata que case recobren totalmente o seu corpo e sen manchas de cor clara sobre o seu dorso.

CURIOSIDADES:

O nome de a especie, *glauca*, é un epíteto latino que significa de cor verde, como a auga de mar, con brillo ou claridade atenuados.

Aeolidiella sanguinea (Norman, 1877)



DESCRICIÓN:

Corpo alongado e goso, con cabeza normalmente engurrada transversalmente e que deixa transparentar un par de ollos internos situados xusto detrás dos rinóforos. Tentáculos orais máis longos que os rinóforos e que están separados por unha distancia igual ao grosor da súa base. Rinóforos lisos ou lixeiramente engurrados que xorden dunhas bases próximas.

Corpo totalmente recuberto, excepto unha estreita franxa dorsal central, por ceras curtas, de ápices redondeados, dispostas de forma regular nunhas 15 filas a cada costado, e que deixan transparentar a súa glándula dixestiva. Pé de forma convexa na súa parte anterior, onde se prolonga lateralmente en dous curtos tentáculos propodiais, mentres que a súa parte posterior é afiada e sobresae normalmente por detrás dos cerata. A súa cor pode ser vermella, laranxa, parda ou parda verdosa, coas puntas dos rinóforos, tentáculos orais e cerata brancos. Pé e tentáculos propodiais de cor branca translúcida. Pode alcanzar os 40 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 40 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre ou baixo pedras. A súa cor depende en gran medida do seu alimento, que consiste basicamente en anémonas, con preferencia por especies da familia Sagartiidae, aínda que tamén se atopou alimentándose sobre *Metridium dianthus*, *Actinia equina*, *Diadumene cincta* e *Aiptasia couchii*. É de hábitos nocturnos. As súas postas están compostas por un fío fino, formado por miles de ovos e colocado nunha folgada espiral, normalmente asociada ao seu alimento ou preto deste.



DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata o noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aeolidiella alderi, co ápice dos seus rinóforos, tentáculos orais e cerata amarelos, e as ceras máis próximas á súa cabeza formando un distintivo collar de cor branca.

Aeolidiella glauca, de corpo máis ancho, coa súa cor parda predominante e con marcas de pigmento sobre o seu dorso e cabeza.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *sanguinea*, é un epíteto latino que significa de cor sangue, referíndose á cor vermella dalgúns exemplares.



Spurilla croisicensis (Labbé, 1923)





DESCRICIÓN:

Corpo alongado e moderadamente ancho, que se aguza gradualmente cara ao seu extremo posterior. Esquinas da parte anterior do seu pé que se estenden en procesos tentaculiformes chamados tentáculos propodiais. Os tentáculos orais son relativamente delgados e dunha lonxitude aproximadamente igual á dos rinóforos. Rinóforos

lisos na súa base e perfoliados no seu segundo terzo superior cunhas 10 laminiñas, alternando entre grandes e pequenas, que se unen na súa parte posterior. Lonxitude ceratal bastante uniforme. As ceras, que son curtas e grosas e cos seus ápices curvados cara ao dorso do animal, esténdense desde detrás dos rinóforos ata a cola e dispóñense en 11 grupos en forma de arco cun distintivo espazo entre os grupos pre e postcardíacos. Cada grupo ceratal está formado por entre 2 e 27 ceras que van decrecendo de tamaño cara ao pé. O sistema dixestivo prolóngase polo interior do corpo dos cerata, de rinóforos e tentáculos, e normalmente apréciase visualmente con forma dun reticulado característico. O corpo é de cor vermella ou laranxa translúcida, sen punteado branco e co reticulado da glándula dixestiva en cor parda. Rinóforos, tentáculos orais e propodiais da mesma cor que o corpo, con ápices esbrancuxados. Os cerata son de cor laranxa translúcida con ápices claros, deixando transparentar a glándula dixestiva. Pode alcanzar os 50 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal, en charcas de marea e baixo rochas, ata os 15 metros de profundidade en fondos rochosos ricos en antozoos hexacorais dos que se alimenta. Cando se senten ameazados ou cando son agredidos ou atacados autotomizan os cerata como forma defensiva.



DISTRIBUCIÓN:

Da Bretaña francesa ata o estreito de Xibraltar e a costa atlántica norte de Marrocos.



ESPECIES SEMELLANTES:

Spurilla neapolitana, que presenta sobre o seu corpo e cerata un característico moteado branco. Sobre o seu corpo as ceras dispóñense nun máximo de 10 grupos en forma de arco. Os rinóforos presentan ata 25 lamelas e dispóñense moi xuntos na súa base.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *croisicensis*, fai referencia á poboación francesa Le Croisic, en cuxas costas foi colleitado o exemplar empregado para a súa descrición.

Spurilla neapolitana (Delle Chiaje, 1841)



DESCRICIÓN:

Corpo alongado, moderadamente ancho, aguzándose gradualmente cara á cola. As esquinas da parte anterior do pé prolórganse en forma de procesos tentaculiformes curtos. Tentáculos orais relativamente longos e rinóforos lixeiramente máis curtos que xorden case xuntos nas súas bases. Estes últimos son perfoliados, lisos na súa base e con ata 25 láminas obli-



cuas na súa metade superior, algunhas das cales só ocupan a zona dorsal do rinóforo. Ceras de lonxitude variable, aínda que todas longas e grosas, agúzanse cara ao seu ápice e dobrándose cara ao centro do dorso. Esténdense desde detrás dos rinóforos ata o extremo posterior do corpo e dispóñense nuns 10 grupos en forma de arcos a cada lado do seu corpo. Cada grupo contén entre 4 e 39 ceras que diminúen en tamaño cara ao pé. Glándula dixestiva prolongada polo interior dos cerata do animal mediante ramificacións dendríticas, prolongada por todo o seu dorso, rexión cefálica, rinóforos e tentáculos orais, que normalmente se aprecia visualmente por transparencia. Corpo de cor rosada ou parda moi clara, algo máis escura no seu dorso, normalmente con pequenas manchas brancas na cabeza, zona cardíaca, rinóforos e cerata, con tamaño e densidade variable, dándolle un aspecto moteado moi característico. Comezando na zona cardíaca e estendéndose cara atrás pola zona medio dorsal, pode presentar unha liña de cor branca irisada. Todo o seu corpo presenta normalmente un reticulado escuro que corresponde ás ramificacións da glándula dixestiva. Pode alcanzar os 70 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal ata os 20 metros de profundidade, entre algas e pedras do fondo, en zonas con anémonas, das que se alimenta. A cópula e a posta teñen lugar a finais de verán. A súa posta consiste nun cordón de ovos brancos retorto sobre si en forma espiraliforme e enrolado nunhas 2-3 voltas, cun diámetro máximo de 3 centímetros.



DISTRIBUCIÓN:

A súa distribución europea abarca desde as costas de Francia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMEJANTES:

Spurilla croisicensis, de cor vermella ou laranxa, rinóforos máis separados na súa base e con menos laminiñas. Sen moteado branco, e rinóforos, tentáculos orais, e pé da mesma cor.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *neapolitana*, é un xentilicio latino que significa de Nápoles, facendo referencia a que os exemplares que serviron para a súa descrición foron recollidos na baía de Nápoles.

Babakina anadoni (Ortea, 1979)



DESCRICIÓN:

Corpo alongado con pé estreito, puntiagudo na súa parte traseira e con dous tentáculos propodiais longos e delgados na súa parte dianteira. Tentáculos orais alongados con



extremos redondeados e rinóforos dunha lonxitude similar que se sitúan na parte central da cabeza. Xorden dun tronco común estando soldados na parte dianteira da súa base, bifurcándose posteriormente. Son grandes e están recubertos por unhas 25 lamelas excepto no seu centro lonxitudinal anterior e nos seus ápices. Na base dos rinóforos,

frontolateralmente, atópanse os ollos. Presenta 7 ou máis grupos de ceras, dispostas lateralmente ao longo do corpo e que comezan por diante dos rinóforos, que se ramifican de forma dicotómica na súa base. As ceras van aumentando de tamaño cara á parte dorsal. Cor rosa violácea, coa parte central e ápice dos rinóforos e extremos dos tentáculos orais brancos. Nos cerata apréciase por transparencia a glándula dixestiva de cor azul, e están rematados por unha banda amarela ancha. Pode alcanzar os 25 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 4 ata os 25 metros de profundidade en fondos rochosos entre pedras con algas onde se alimenta do hidrozoo *Candelabrum cocksii*. É unha especie pouco estudada e moi escasa.



DISTRIBUCIÓN:

Da costa norte de España ata Canarias. Non se coñecen rexistros no mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *anadoni*, está dedicada ao Dr. Emilio Anadón Frutos (1917-1997), Catedrático de Zooloxía da Universidade de Oviedo, que foi o primeiro decano da súa facultade de Bioloxía.

Facelina annulicornis (Chamisso & Heysenhardi, 1821)



DESCRICIÓN:

Corpo alongado de cor esbrancuxada ou branca rosácea translúcida con numerosos puntos opacos de cor branca. Tentáculos orais moi longos, aproximadamente o dobre dos rinóforos e de cor esbrancuxada ou branca rosácea con puntos de cor branca opaca na súa parte basal. Rinóforos translúcidos que presentan lamelas oblicuas en case toda a súa lonxitude excepto na súa parte superior, onde forma unha proxección cilíndrica lisa. Teñen o ápice de cor amarela e un anel de cor parda baixo este. Os ollos sitúanse un pouco por detrás da base dos rinóforos. A cada lado do dorso presenta ceras en 6-7 grupos, e co primeiro grupo ben separado dos demais polo espazo da rexión cardíaca. O primeiro e segundo grupo presentan numerosas ceras, polo menos dispostas en 3 fileiras, mentres que nos demais grupos dispóñense en 2 fileiras. Cerata alongados, lixeiramente curvados e diminuíndo en grosor desde a base ao ápice. Transparentan a glándula dixestiva que ocupa todo o seu interior, excepto o seu ápice que é transparente. Sobre toda a superficie ceratal aparecen numerosos puntos brancos. Pé transparente coa súa parte dianteira con dous palpos propodiais ben desenvolto de cor esbrancuxada e con puntos de cor branca opaca na súa parte anterior. Pode alcanzar os 40 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 35 metros de profundidade, en fondos rochosos baixo pedras. Aliméntase de hidrozoo, e mesmo doutros nudibranchios como *Facelina auriculata* e *Doto coronata*. En observacións levadas a cabo en acuario púidose comprobar como se alimentaba de postas doutros nudibranchios. A súa posta presenta forma de cordón disposto nunha espiral algo irregular e formada por diminutos ovos de cor rosada.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.



ESPECIES SEMELLANTES:

Facelina auriculata, con rinóforos que presentan unhas grosas lamelas que lle dan un aspecto anelado e corpo, normalmente, de cor branca translúcida con tinguiduras rosadas e iridiscencias azuis, observándose por transparencia, detrás dos rinóforos, o esófago avermellado.

Facelina bostoniensis, de maior tamaño, con tentáculos orais longuísimos, que poden alcanzar a metade do tamaño do seu corpo, e os seus cerata moi longos e puntiagudos.

Facelina schwobi, de menor tamaño, con rinóforos anelados e longos e coloración corporal rosácea.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *annulicornis*, é un epíteto latino que significa cornos anelados, referíndose aos seus rinóforos lamelados.

Facelina auriculata (O.F. Müller, 1776)



DESCRIPCIÓN:

Corpo delgado con rinóforos lamelados, sendo a metade de longos que os tentáculos orais. Superficie dorsal cuberta de ceras en grupos de 6 a cada lado, estando o primeiro



grupo separado dos demais. A súa coloración é variable, con corpo xeralmente de cor branca translúcida con tinguiduras rosadas e iridiscencias azuis, observándose por transparencia, detrás dos rinóforos, o esófago avermellado. Ceras de cor marrón coa parte anterior azul e 2-3 manchas brancas no ápice. Rinóforos e tentáculos orais con zonas pigmentadas en branco. Presenta unha ampla variedade de coloración, a cal depende fundamentalmente da súa dieta. Presenta dúas variedades: coronata, cuxo corpo é longo e delgado, estendéndose o pé moito máis alá do último grupo de ceras, e curta, que presenta un corpo máis ancho e curto que a anterior, finalizando moi preto do último grupo de ceras (Thompson & Brown, 1976). Pode alcanzar os 40 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde augas superficiais ata unha profundidade máxima de 40 metros, sobre fondos rochosos, alimentándose de hidrozooos como *Crava squamata*, *Tubularia* sp., *Obelia geniculata* e *Eudendrium* sp. As postas deste nudibranquio son uns cordóns con estreitamentos e diminutos ovos brancos dispostos nunha espiral circular perfecta.



DISTRIBUCIÓN:

De Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Facelina bostoniensis, que alcanza un maior tamaño, cun pé moi ancho e que finaliza na súa parte dianteira en dous longos tentáculos propodiais recurvados cara atrás e con ceras máis longas e puntiagudas.

Facelina annulicornis, con corpo e cerata profusamente salpicados de puntos blanquecinos.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *auriculata*, deriva da palabra latina *aurculus* que significa con aurículas, con orellas, referíndose á característica forma dos rinóforos do animal.

Facelina bostoniensis (Couthouy, 1838)



DESCRICIÓN:

Corpo alongado con tentáculos orais lisos e especialmente longos. Poden alcanzar unha lonxitude igual á metade total do seu corpo. Rinóforos de menor lonxitude que os tentáculos orais, grosos e lamelados, con 20-30 lamelas de dous tamaños dispostas de forma alterna. Ollos na parte posterior da base dos rinóforos e esófago que se ve por transparencia corporal en forma de cordón avermellado detrás dos mesmos. A cada lado do seu dorso presenta ata 7 grupos ceratais bastante apertados, difíciles de separar visualmente. As ceras son longas, puntiagudas e semitransparentes, o que permite apreciar dentro delas a glándula dixestiva con forma de cordón longo que finaliza nun cnidosaco de cor branca no ápice ceratal. Pé moi amplo e da súa parte dianteira xorden un par de tentáculos propodiais grosos, longos, de forma triangular e dobrados cara atrás. A cor de fondo é branca, tinguido de rosa a pardo translúcido, coa zona da cabeza rosada. Manchas de cor branca opaca entre os rinóforos e no pé. Tentáculos orais e rinóforos co ápice esbrancuxado. Os tentáculos orais poden presentar unha liña lonxitudinal esbrancuxada ou azulada. Pode alcanzar unha lonxitude de 55 milímetros.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde augas superficiais ata unha profundidade máxima de 40 metros, alimentándose de hidrozooos como *Ectopleura larynx*, *Obelia geniculata* e *Eudendrium* sp. As postas deste nudibranquio son uns cordóns brancos en espiral con estreitamentos dispostos sen unha orde aparente.



DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica, cuxa distribución en augas europeas abarca desde Noruega ás costas atlánticas da península ibérica.



ESPECIES SEMELLANTES:

Facelina dubia, que alcanza un tamaño lixeiramente menor e con rinóforos longos, lisos ou lixeiramente engurrados (dependendo do seu estado de extensión).

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *bostoniensis*, é un xentilicio latino que significa de Boston e refírese a que os exemplares usados para a súa descrición proviñan de Boston, na costa do estado de Massachusetts, EEUU.

Facelina dubia Pruvot-Fol, 1948



Foto: ©Luis M^a Oregui Lizarralde

DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado con tentáculos orais finos, lisos e especialmente longos. Poden alcanzar unha lonxitude igual á metade total do seu corpo. Rinóforos tamén longos e lisos, aguzándose cara aos seus ápices, que son puntiagudos. Ollos que se poden ver por transparencia e que se sitúan na parte interna da zona basal dos rinóforos. Corpo translúcido que



Foto: ©Luis M^a Oregui Lizarralde

deixa apreciar os seus órganos internos, especialmente o bulbo bucal en forma de mancha alaranxada na súa cabeza, e o esófago, entre os rinóforos e algo por detrás destes en forma de cordón vermello. As ceras son moi finas, moi longas e puntiagudas, dispostas densamente en sete grupos ao longo de cada lado do corpo, cos primeiros catro grupos compostos por 2 ou máis fileiras e os do primeiro grupo dispostos a altura dos rinóforos. As máis laterais son máis

pequenas, mentres que as situadas máis dorsalmente son máis grandes, facéndose gradualmente máis longas desde os costados cara ao centro. Tentáculos propodiais longos e de forma triangular. Corpo translúcido con algunha pigmentación laranxa, especialmente en animais grandes, o mesmo que os tentáculos orais e rinóforos, mentres que os cerata, transparentes, mostran no seu interior o divertículo dixestivo en forma dun cordón verdoso fino. Normalmente presenta manchas esbrancuxadas superficiais por todo o seu corpo, cerata, rinóforos e tentáculos orais. Pode alcanzar unha lonxitude de 38 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive en augas superficiais, ata unha profundidade máxima de 10 metros, sobre cordas mergulladas e sobre fondos brandos con restos de cunchas capaces de ser colonizadas por hidrozooos, dos que se alimenta, concretamente aqueles dos xéneros *Tubularia* e *Podocoryne*. Sobre eles tamén realiza a súa posta, con forma de cordón branco disposto nunha espiral desordenada. É un animal moi activo que, cando sente perigo ou é molestado, estende os seus cerata lateralmente adoptando a forma dunha anémona en actitude defensiva.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Facelina bostoniensis, coa que se pode confundir, pero os seus rinóforos son de aspecto anelado.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *dubia*, é un epíteto latino que significa dubidosa, referíndose ás dúbidas que xerou no autor a inclusión desta especie neste xénero.



Foto: ©Luis M^a Oregui Lizarralde

Facelina schwobi (Labbé, 1923)



DESCRICIÓN:

Corpo delgado con rinóforos anelados e tentáculos orais longos, un pouco máis que os rinóforos. Superficie dorsal cuberta de ceras. O primeiro grupo, que está separado dos demais, ten 7 filas a cada lado, presentando os outros grupos, filas de



4-5. Coloración corporal branca rosada con zonas violáceas, coa cabeza rosa alaranxada e unha liña branca e amarela entre os rinóforos. Tentáculos orais rosados coa parte inferior alaranxada e a superior esbrancuxada con tinguiduras azuladas, mentres que os rinóforos son rosados con aneis amarelados. Lóbulos hepáticos, que se transparentan nos cerata, de cor marrón ou castaña, e ápice dos cerata branco cunha banda de cor vermella rubí por baixo. Sola do pé branca, coa excepción da súa parte anterior que é rosada. Pode alcanzar os 25 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde augas superficiais ata os 70 metros de profundidade, alimentándose de hidrozooos, como *Crava squamata* e *Tubularia* sp., onde se fotografou realizando a súa



posta. As postas son uns cordóns espirais de cor branca dispostos desordenadamente sobre o seu alimento. É un nudibranchio moi raro que se encontrou en contadas ocasións tras a súa descrición, e do que se descoñece todo sobre a súa ecoloxía.

DISTRIBUCIÓN:

Do golfo de Biscaia ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *schwobi*, está posiblemente dedicado ao escritor e crítico literario francés Marcel Schwob (1867-1905).

Favorinus blianus Lemche & Thompson, 1974



DESCRICIÓN:

Cabeza con dous longuísimos tentáculos orais, dous rinóforos máis curtos e grosos que os anteriores con tres grandes aneis característicos da especie, e dous tentáculos propodiais recurvados e de sección redondeada. Dorso recuberto de ceras de sección algo aplanada, as cales se organizan en grupos con forma de ferradura, aínda que dificilmente apreciable, e que tenden a dobrarse cara ao interior do dorso. Corpo translúcido cun característico patrón de pigmentación branca opaca. Liña branca que percorre a superficie dorsal de cada tentáculo oral e que se une sobre a cabeza. Discorre de forma intermitente sobre o centro do seu dorso ata finalizar como unha liña ao longo da parte central dorsal. Os cerata deixan albiscar a glándula dixestiva no seu interior, de cor parda amarelada, e presentan unha liña branca descontínua percorrendo a súa parte dorsal. Rinóforos e tentáculos propodiais con manchas brancas nos seus ápices. Pode alcanzar os 30 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En fondos rochosos entre os 10 e os 60 metros de profundidade. Aliméntase de hidozoos do xénero *Tubularia*, das postas doutros nudibranchios, e mesmo de embrións totalmente formados, como se puido comprobar ao analizar lóbulos de glándulas dixestivas.



DISTRIBUCIÓN:

Dende Noruega ata o noroeste da península ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *blianus*, púxoselle polo lugar onde se atopou o exemplar que serviu para a súa descrición, na rocha (illa) de Bliá, nas Illas Feroe.

Favorinus branchialis (Rathke, 1806)





DESCRIPCIÓN:

Cor translúcida con extensas zonas superficiais cubertas por un pigmento opaco de cor branca, que sobre a súa cabeza debuxa un triángulo (característica distintiva), que se estende polo seu dorso en forma de banda de distinto tamaño e que forma un anel rodeando o pericardio. Pé na parte anterior con dous curtos palpos propodiais,

finalizando na parte posterior, nunha cola longa e translúcida rematada en punta, coa súa parte central de cor branca. Rinóforos de cor marrón escura na súa base e cun abombamento subterminal, sendo este e o ápice de cor branca. Tentáculos orais e palpos propodiais de cor branca translúcida, con ápices de cor branca opaca. No seu lado dereito sitúase o ano e as aberturas xenitais. Mentres o primeiro atópase parcialmente oculto na base do segundo grupo de ceras, as aberturas xenitais atópanse na zona ventral do primeiro grupo ceratal. Presenta ceras a ambos lados do corpo, dispostas en 4-5 grupos, cada un dos cales porta de 6 a 7 relativamente curtas e curvadas cara ao dorso. Cor moi variable, que depende da súa dieta, ao transparentarse o alimento ingerido contido na glándula dixestiva a través da parede ceratal. Habitualmente a súa cor está entre branca e amarela cremosa. Pode presentar un anel subapical de cor diferente. Pode alcanzar os 25 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En fondos rochosos entre os 2 e os 60 metros de profundidade. Como todas as especies de *Favorinus*, aliméntanse de ovos de opistobranquios, incluíndo lebres de mar e outros nudibranquios, sobre cuxas postas se camuflan perfectamente grazas á súa cor. Son hermafroditas cruzados, cravando á súa parella un pene en forma de agulla. A súa posta consiste nun cordón delgado, do diámetro dun cabelo, de cor branca e disposta nunha espiral perfecta.



DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo, incluíndo as Illas Canarias.

CURIOSIDADES:

O nome de a especie, *branchialis*, deriva do epíteto latino *branchia*, e significa con branquias, referíndose aos seus cerata.

Pruvotfolia pselliotes (Labbé, 1923)



DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado con tentáculos orais moi longos, que na súa base son grosos, afiándose cara o ápice. Rinóforos cun pequeno pedúnculo basal liso, lamelados en toda a súa lonxitude (cunhas 30 laminiñas), e na súa parte apical máis delgada, redonda e lisa. Dorso densamente cuberto de ceras que se dispoñen en filas oblicuas, repartidas en sete grupos triangulares e cun espazo entre o primeiro grupo e os seguintes. O número de ceras por grupo vai decrecendo da parte anterior cara á posterior. As ceras son de tamaño e forma variadas, sendo as do centro dorsal as máis longas, mentres que as dos bordos son máis pequenas e dispóñense curvadas cara ao centro. Cando o animal se altera, axita as ceras violentamente. A glándula dixestiva percorre lonxitudinalmente a parte central dos cerata, de cor parda, e se prolonga xusto ata debaixo do cnidosaco branco dos seus ápices. Abertura xenital situada xusto na zona posterior da parte dereita do primeiro grupo ceratal. Está rodeada por unha lámina carnosa cun grupo de ceras asociadas modificadas, e dúas papilas especialmente activas na cópula. Pé coa súa parte anterior con tentáculos propodiais longos e na súa parte posterior unha cola afiada e longa. Cor do corpo translúcida cun punteado branco opaco repartido en toda a súa lonxitude. Tentáculos orais e rinóforos con pigmentación amarela nos seus extremos, e en forma de banda na súa metade. Cerata con dúas bandas parduscas e co extremo de cor ocre ou esbrancuxada. Pode alcanzar unha lonxitude de 50 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do submareal ata unha profundidade máxima de 40 metros, sobre fondos rochosos. É esencialmente nocturno, refúxiándose de día baixo pedras ou en profundas gretas rochosas. Aliméntase de hidrozoos como *Sertularia cupressina*, *Kirchenpaueria pinnata* ou *Obelia geniculata*. Pode chegar a ser caníbal no caso de falta de alimento. A súa posta ten lugar 2 días despois da cópula, e está composta por un cordón xelatinoso de ovos de cor branca disposta nunha espiral regular, cunhas voltas semionduladas, duns 2-3 centímetros de diámetro. Este nudibranquio move vigorosamente os cerata ao ser molestado. Poden ser autotomizados voluntariamente e con facilidade para posteriormente crecer dunha forma moi rápida.



DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas francesas ata Senegal, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Facelina annulicornis, con forma máis estilizada. Os grupos de ceras están claramente separados e os cerata non son bandeados.

Spurilla neapolitana, dun maior grosor relativo, cerata aplanados e de maior tamaño, e rinóforos e tentáculos orais sen bandas de cor escura.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pselliotes*, deriva do termo grego *pséllion*, que significa brazaletes, anel, referíndose ao bandeado dos cerata, tentáculos orais e rinóforo.

Dondice banyulensis Portmann & Sandmeier, 1960



Foto: ©Carlos Fernández-Cid

DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado con dous longos tentáculos orais que teñen unha base ancha e que se aguzan cara aos seus extremos. Rinóforos finos e relativamente pequenos, de case a metade da lonxitude dos tentáculos orais e lamelados en practicamente toda a súa lonxitude. Na parte dianteira lateral de cada base rinofórica ten un pequeno ollo negro. A cada lado do seu dorso, dispostos lonxitudinalmente, destacan seis grupos de ceras en forma de ferradura, e cada grupo está composto por varias filas. Os cerata son finos, lixeiramente curvados, longos, e no seu interior podese ver por transparencia a glándula dixestiva en forma de cordón de cor parda. Sobre o seu dorso presenta tres liñas lonxitudinais características de cor branca opaca: unha medio dorsal que percorre todo o corpo desde a punta posterior do pé, pasa por entre os rinóforos, percorre a súa cabeza e bifúrcase para estenderse pola cara interna dos tentáculos orais, e outras dúas que percorren o seu corpo lateralmente por baixo dos cerata e esténdense pola cara externa dos tentáculos orais. Na súa zona dorsal poden adiviñarse por transparencia algúns órganos internos. Pé moi ancho e translúcido, ca súa parte anterior con dous grosos tentáculos propodiais, e a súa parte posterior finalizada nunha cola fina e longa. Percorrendo as súas marxes presenta unha liña branca irisada opaca que se une na súa cola á liña medio dorsal. Pode presentar unha vistosa coloración laranxa ou un aspecto translúcido, co ápice dos tentáculos orais e rinóforos de cor branca iridiscente e o ápice dos cerata de cor vermella, laranxa forte ou amarela alaranxada. Pode alcanzar os 70 milímetros de longo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 35 metros de profundidade, sobre diversos substratos tanto orgánicos (hidrozoos ou gorgonias), como inorgánicos tales como fondos de cascallo, de area ou paredes verticais rochosas. É unha especie carnívora que se alimenta principalmente de pólipos de hidrozoos do xénero *Eudendrium*, sobre cuxas colonias acostuma realizar as postas. Algúns autores especulan que en caso de falta de alimento pódense alimentar de poliquetos e mesmo doutros nudibranquios cos que comparte alimento (*Flabellina affinis*, *Edmundsella pedata* ou *Cratena peregrina*). Cando se ve ameazado ou é molestado, estira os cerata lateralmente nun claro xesto defensivo. Presenta unha curiosa cerimonia precópula, movendo as súas cerata enerxicamente. Reprodúcese no verán e as súas postas consisten nun cordón moi festoneado composto por multitude de diminutos ovos brancos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o golfo de Biscaia ata o Mediterráneo. O animal fotografado é a primeira cita desta especie para augas da Comunidade Galega.

ESPECIES SEMELLANTES:

Fjordia lineata, de menor tamaño, presenta os rinóforos e tentáculos orais da mesma lonxitude e os seus rinóforos son lisos ou lixeiramente engurrados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *banyulensis*, é un xentilicio latino que significa de/procedente de Banyuls-sur-Mer (Francia), referíndose a que foi na estación oceanográfica desta localidade onde se recolleron os primeiros exemplares para a súa descrición.



Foto: ©Carlos Fernández-Cid

Armina maculata Rafinesque, 1814



DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado, relativamente alto e coa parte posterior finalizada en punta. Tendo pequenos rinóforos retráctiles de forma cilíndrica e unidos na súa base, que se proxectan cara adiante sobresaíndo dunha invaxinación da parte dianteira central do seu manto. A parte superior dos rinóforos presenta 13-15 laminiñas verticais, algunhas das cales poden ser bi- ou mesmo trifurcadas. Na parte anterior inferior dos rinóforos presenta un tubérculo baixo e acabalado, a carúncula, cuxas funcións son sensoriais. Manto recuberto de tubérculos de diferente tamaño, uns grandes de forma redonda ou ovalada de ápice plano, e outros pequenos e puntiagudos. Baixo o manto, entre este e o pé, nos seus laterais, presenta unhas lamelas cuxa función é respiratoria. As laminiñas anteriores, de cor branca, dispóñense lonxitudinalmente, e as posteriores, máis numerosas, alíñanse algo oblicuamente con respecto ao eixo corporal e son de cor amarelada. O pé forma na súa parte dianteira un escudo cefálico característico, adaptado para facilitar que o animal se enterre. Entre este e o resto do pé dispónse o bulbo bucal que pode ser parcialmente evaxinado para capturar o alimento. Na parte posterior, o pé presenta un suco pouco profundo e de forma alongada, de cor branca, que se corresponde coa glándula pedia. Manto de cor entre amarela alaranxada a laranxa con manchas brancas, de forma redonda ou ovalada, e de diferente tamaño que se sitúan sobre as elevacións planas ou puntiagudas do mesmo. Tamén pode presentar pequenos tubérculos con pigmento branco ou amarelo. Rinóforos de cor branca e pé de cor crema. Pode chegar a alcanzar os 150 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 30 ata os 120 metros de profundidade, sobre fondos de area, lodo ou area fangosa, sempre mesturado con anacos de cunchas. É unha especie escavadora e carnívora que de día entérrase no sedimento, e de noite sae en busca de alimento, que consiste en cnidarios pennatuláceos, concretamente da especie *Veretillum cynomorium*, da cal parece imitar a súa cor

e textura. A posta é unha cinta xelatinosa translúcida disposta en concertina de forma desordenada, dentro da cal se sitúan os ovos de cor lila mate nun cordón disposto en zigzag.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da península ibérica ata Angola, incluíndo o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *maculata*, deriva do latín *maculatus*, que significa punteado ou manchado, referíndose ao patrón de coloración do seu dorso.



Armina neapolitana (Delle Chiaje, 1824)



DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado, aplanado e aguzado na súa parte traseira. Rinóforos curtos, cilíndricos, retráctiles e que se sitúan na parte anterior corporal, unidos na súa base e lamelados verticalmente. Na parte anterior, baixo os rinóforos, presenta dous característicos tubérculos sensoriais, a carúncula. Manto percorrido por 20-22 estrías lonxitudinais que presentan diferente grosor de forma alterna. Pé amplo e que sobresaie lixeiramente a ambos os dous lados do manto. Na súa parte anterior presenta dous lóbulos carnosos redondeados que sobresaen amplamente, e a súa parte posterior é aguzada. Entre o manto e o pé presenta unha serie de laminiñas branquiais situadas de forma apertada, as anteriores dispóñense en sentido lonxitudinal, e posteriores en sentido oblicuo ao corpo e son máis numerosas. Cor de fondo do



dorso crema clara, destacando sobre el unha liña central lonxitudinal de cor branca que desde detrás dos rinóforos chega á cola. Estrías lonxitudinais máis grosas do manto tamén pigmentadas de cor branca. Na zona media do dorso, sobre as estrías lonxitudinais, a pigmentación branca faise máis evidente, transformándose nunha banda blanquecina característica que se lape-la coa lonxitudinal e formando ambas unha cruz. Detrás desta banda, algun-

has das estrías lonxitudinais presentan pigmentación azul escura. Esta cor tamén aparece no bordo anterior e no posterior do manto. Rinóforos de cor amarelada con ápices brancos e pigmentación azul escura dispersa. Pode alcanzar os 45 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 30 ata os 100 metros de profundidade, en fondos de area fangosa ou lodo mesturado con anacos de cunchas. É unha especie escavadora e carnívora, que de día fica enterrada no sedimento e de noite sae en busca de alimento, que parece consistir en cni-darios pennatuláceos, aínda que as súas costumes alimentarias son moi pouco coñecidas.

DISTRIBUCIÓN:

Do noroeste da península ibérica ata o oeste do Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Armina loveni, con cor de fondo do manto vermella con 50 protuberancias lonxitudinais prominentes de cor branca.

Armina tigrina, de maior tamaño, con cor de fondo do manto rosada e dorso cunhas 40 protuberancias onduladas lonxitudinais con pigmentación negra variable entre elas.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *neapolitana*, é un xentilicio latino que significa referente a Nápoles, ao ser na súa costa onde se recolleron os exemplares para a súa descrición.

Doto coronata (Gmelin, 1791)



DESCRICIÓN:

Corpo translúcido, branco ou amarelo pálido. Na súa cabeza ten lóbulos cefálicos ben desenvolvidos e rinóforos longos e lisos, de cor branca translúcida con puntos opacos brancos na súa parte superior, sobresaíndo dunhas vainas atrompetadas translúcidas con varias manchas carmín ou pardas na súa cara interna. Sobre o seu dorso presenta ata sete pares de ceras con forma de maza, das cales as maiores, teñen entre 4 e 5 círculos de tu-



bérculos de forma redondeada e pouco saíntes, no ápice dos cales existe unha mancha de cor carmín ou parda escura. Tubérculo apical pouco desenvolvidos e de forma redondeada. Glándula dixestiva que se ramifica e penetra dentro dos cerata de cor crema. Non presenta pseudobranquias desenvolvidas. Papila xenital que pode presentar pigmentación

avermellada. Corpo translúcido cos cerata esbrancuxados ou de cor crema (por transparencia da glándula dixestiva), con manchas de cor carmín ou parda salpicando o seu dorso, a cabeza, a vaina rinofórica, os costados corporais e unha mancha moi aparente na cara interna da base dos cerata. Adoita presentar granulacións esbrancuxadas e pequenas manchas carmíns ou pardas nos tubérculos ceratais. Pode chegar aos 12 milímetros de longo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 180 metros de profundidade, normalmente sobre hidrozooos en fondos rochosos. As súas postas consisten nunha cinta branca ou rosada colocada en forma de acordeón sobre os hidrozooos dos que se alimenta, como *Abietinaria abietina*, *Obelia geniculata*, *Nemertesia antennina*, *Eudendrium* sp. ou *Aglaophenia pluma*, entre outros.

DISTRIBUCIÓN:

Gran Bretaña, Islandia, Illas Feroe, illa de Spitsbergen e ao sur ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Doto dunnei, alcanza un maior tamaño, as súas vainas rinofóricas atrompetadas presentan unhas marxes moi dilatadas punteadas en branco. As súas ceras teñen ata 7 círculos de tubérculos redondeados, e o seu corpo de cor crema presenta manchas de pigmento pardo avermellado ou negro.

Doto eireana, lixeiramente menor, con corpo e ceras de cor crema translúcida cun punto avermellado en todos os tubérculos ceratais, e unha liña característica sen puntuación que une as ceras de cada lado.

Doto tuberculata, de maior tamaño, con vainas rinofóricas amplamente dilatadas, con bordo festoneado e cor corporal translúcida cun matiz amarelo verdoso e manchas negras por todo o seu corpo.


CURIOSIDADES:

O nome da especie, *coronata*, é unha palabra latina que significa coroadado, cercado, envolto, en referencia ao aspecto que presentan os cerata.

Pode ser parasitado tanto por copépodos ectoparásitos (*Doridicola agilis*) como endoparásitos (*Lomanotocola brevipes*).



Doto dunnei Lemche, 1976



DESCRIPCIÓN:

Cabeza pequena, con veo ceálico sobresaíndo lixeiramente polo lateral. Rinóforos lisos e longos, aproximadamente tres veces a lonxitude das vainas de onde sobresaen, que son de forma atrompetada e de marxes dilatadas que se estenden cara adiante. Sobre o seu dorso presenta 7-8 pares de ceras, cada unha das cales ten ata sete círculos de tubérculos redondeados. Papila anal ben desenvolvida e que se dispón entre o primeiro e o segundo par de ceras ao lado dereito. No mesmo costado sitúase a abertura xenital, xunto cunha pequena protuberancia baixo o primeiro par de ceras. Presenta unhas enormes e distintivas pseudobranquias formadas por varias lamelas transparentes relativamente saíntes. Cor do corpo amarelada ou crema, máis escura nos cerata, con manchas de pigmento pardo avermellado ou negro en densos grupos sobre o seu dorso e laterais. Os cerata presentan puntos redondos de cor vermella ou negra nos ápices dos tubérculos ceratais. Ademais, entre estes, presenta manchas dispersas de pigmento marrón avermellado ou negro sobre a superficie ceratal. Ápices de rinóforos con pigmento branco. Pode alcanzar os 25 milímetros de longo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Aliméntase exclusivamente do hidrozoo *Kirchenpaueria pinnata*, sobre o que se encontra ás veces en grupos abundantes a metade da primavera. A súa posta consiste nunha cinta xelatinosa de ovos brancos disposta en concertina sobre o hidrozoo, de entre 0'5 e 1 centímetros de longo.



DISTRIBUCIÓN:

Do norte das illas británicas ata o noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Doto coronata, que é a especie tipo deste grupo e que alcanza un menor tamaño, con vainas rinofóricas que teñen puntos de cor carmín na súa parte interna. Non ten pseudobranquias e presenta unha mancha moi aparente de cor carmín na cara interna da base dos cerata.

Doto eireana, que alcanza un menor tamaño, con corpo e cerata de cor crema translúcida cun punto avermellado só no ápice dos tubérculos ceratais, e que presenta unha liña característica sen puntuación que une as ceras de cada lado.

Doto koenneckeri, que alcanza un menor tamaño, presenta quillas rinofóricas sobre a súa cabeza, ceras con 4 filas de 5 tubérculos, co apical longo e estreito e unha mancha en forma de coma no ápice de cada tubérculo. Cor corporal amarelada co dorso e laterais fortemente pigmentados en cor parda.

Doto sp., de menor tamaño, con ceras que presentan tubérculos non moi definidos cun punto vermello carmín no seu ápice, excepto no apical que presenta unha mancha difusa branca. Pseudobranquias non moi definidas en forma de dúas proxeccións redondeadas e corpo branco translúcido cunha puntuación vermella carmín moi difusa, excepto entre as vainas rinofóricas e parte frontal da cabeza onde esta puntuación é moito máis densa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *dunnei*, é en honra a Jimmy Dunne, ictiólogo da Universidade de Galway (Irlanda).



Doto eireana Lemche, 1976



DESCRIPCIÓN:

Corpo moi delgado cando está totalmente expandido. Parte frontal da cabeza que forma unha liña transversal case recta, coas aletas velares cuadrangulares, da metade de ancho que a cabeza. Rinóforos que sobresaen dunhas vainas cilíndricas estreitas e axustadas, lixeiramente acampanadas no seu ápice e que alcanzan unha maior altura na súa parte anterior, cilíndricos e do dobre de lonxitude que a vaina rinofórica. Ollos xusto debaixo da base dos rinóforos. Sobre o seu dorso atópanse 5-6 pares de ceras, onde o quinto par é máis pequeno e está máis próximo ao cuarto que os anteriores, con 3-4 aneis de tubérculos pequenos e romos e cos dous aneis superiores formados por 4-6 tubérculos cada un. Cando os cerata están estirados, a pseudobranquia redúcese a unha simple crista. Cerata bulbosos coa parte máis ampla xusto debaixo do seu ápice. A cor de fondo é branca cremosa, lixeiramente hialina, con pequenas manchas vermellas no ápice de cada tubérculo ceratal e distribuídas uniformemente polo dorso. Partes laterais superiores cunha área distintiva libre de pigmentación que une as ceras de cada lado. Vainas rinofóricas que case non presentan manchas e os cerata sen ningunha, excepto no ápice dos seus tubérculos. Pode alcanzar os 8 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Atópase exclusivamente sobre o hidrozoo *Amphisbetia operculata* en zonas de forte movemento de augas, correntes ou ondada. A súa posta é unha estreita cinta de cor branca disposta en forma de concertina, que sitúa sobre o hidrozoo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a costa oeste de Irlanda ata as costas atlánticas da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Doto coronata, lixeiramente de maior tamaño, é a especie tipo deste grupo. Vainas rinofóricas con puntos carmín na súa parte interna, sen pseudobranquias e cunha mancha moi aparente de cor carmín na cara interna da base dos cerata.

Doto dunnei, que alcanza un maior tamaño, con vainas rinofóricas atrompetadas con marxes moi dilatadas punteadas en branco, ceras con ata 7 círculos de tubérculos redondeados e corpo de cor crema con manchas de pigmento pardo avermellado ou negro.

Doto sp., con ceras que teñen tubérculos non moi definidos, cun punto vermello carmín no seu ápice, excepto no apical, que presenta unha mancha difusa branca. Pseudobranquias non moi definidas en forma de dúas proxeccións redondeadas e corpo branco translúcido cunha puntuación vermella carmín moi difusa, excepto entre as vainas rinofóricas e parte frontal da cabeza, onde dita puntuación é moito máis densa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *eireana*, significa de Eire, de Irlanda por ser o lugar onde se recolleron os exemplares que serviron para a súa descrición.



Doto floridicola Simroth, 1888



DESCRICIÓN:

Rinóforos lisos, delgados e longos cunha liña de puntos brancos na súa parte anterior e outra na posterior, que xorden dunha vaina curta e levemente acampanada que se expande só lixeiramente na súa parte anterior. Do seu dorso xorden entre catro e seis pares de ceras alongadas e infladas, sendo as maiores as do segundo par, onde cada unha delas está formada por ata 4 series de 4 tubérculos redondeados (excepcionalmente cada serie pode ter 5 ou 6 tubérculos). O tubérculo apical de cada cera é o maior. As pseudobranquias están formadas por un par de prominencias semitransparentes, na cara interna da base de cada cerata. Papila anal cilíndrica, hialina e co interior branco. Corpo de cor branca amarela pálida translúcida, e tanto este como a cabeza están moteados dunha cor avermellada parda que forma unha banda no centro do dorso e nos flancos, pero que desaparece na base dos cerata e entre eles. Os ápices dos tubérculos dos cerata son de cor avermellada ou parda cun espazo esbrancuxado entre eles. Pode chegar aos 10 milímetros de longo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 ata 90 metros de profundidade, sobre o hidroideo *Aglaophenia kirchenpaueri*, do que se alimenta. Adoita esconderse na base do mesmo, aínda que as súas postas, que consisten nunha cinta xelatinosa ondulada de ovos brancos disposta nunhas poucas voltas, sitúanse en zonas ben visibles que destacan, ademais, pola súa cor.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo, incluíndo as Illas Canarias e Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Doto fragilis, que alcanza un tamaño maior, con vainas rinofóricas anchas e campaniformes, ata con dez pares de ceras con forma de acios de bolas e cor corporal parda.



Doto koenneckeri, lixeiramente de menor tamaño, con quillas rinofóricas sobre a súa cabeza, ceras con catro filas de 5 tubérculos, onde o apical é longo e estreito. Mancha en forma de coma no ápice de cada tubérculo con cor corporal amarelada e dorso e laterais fortemente pigmentados de cor parda.

Doto lemchei, con 4-6 pares de ceras que teñen 3-5 series de tubérculos con manchas brancas nos seus ápices. Cor corporal beige translúcida con moteado pardo irregular sobre dorso e cabeza.

Doto paulinae, non citado nas nosas augas, co que comparte moitas similitudes pero que se diferencia fundamentalmente en que este presenta o tubérculo apical dos cerata branco, non avermellado.

Doto sp., con ceras con tubérculos non moi definidos e cun punto vermello carmín no seu ápice, excepto no apical que presenta unha mancha difusa branca. Pseudobranquias non moi definidas en forma de dúas proxeccións redondeadas e corpo branco translúcido cunha puntuación vermella carmín moi difusa, excepto entre as vainas rinofóricas e a parte frontal da cabeza, onde esta puntuación é moito máis densa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *floridicola*, é unha palabra composta por os termos latinos *floris*, que significa flor, e *cola*, que quere dicir que vive ou habita entre, o que podería traducirse como que vive entre flores.

Doto fragilis (Forbes, 1838)





DESCRIPCIÓN:

Corpo robusto, coa marxe anterior da cabeza lixeiramente dilatado lateralmente. Rinóforos finos e alongados que xorden dunhas vainas atrompetadas, con forma acampanada por fóra. Bordo das vainas rinofóricas pigmentado en branco. Dorso con dez pares de ceras, colocadas en dúas filas ao longo de ambos os laterais do corpo en forma de acios de bolas, cada un dos cales presenta doce círculos concéntricos de tubérculos pálidos. Un carácter distintivo é unha liña branca, ou manchas brancas glandulares ao longo de cada flanco, desde as vainas rinofóricas ata a cola. Hai dúas variedades principais, dependendo da dieta, unha co corpo de cor castaña e os cerata máis apertados e de cor pálida e a outra co corpo branco translúcido e pigmentación parda só sobre a cabeza, cos cerata de cor crema pálida ou branca. Pode alcanzar os 34 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É unha especie común, sobre todo a finais de verán, desde o intermareal ata os 25 metros de profundidade, normalmente escondida na base de hidrozoo, dos cales se alimenta, e onde o seu aspecto axúdalle a camuflarse. A variedade cor castaña aliméntase de *Nemertesia antennina* e *Nemertesia ramosa*, mentres que a variedade translúcida aliméntase de *Halecium muricatum*. A súa posta consiste nunha cinta ancha de ovos de cor crema asalmonada disposta nun apertado zigzag rodeando o talo do hidrozoo.



DISTRIBUCIÓN:

Dende Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Doto floridicola, de menor tamaño, con ceras alongadas e infladas con ata catro series de catro tubérculos redondeados, onde o maior é o apical, e o seu corpo de cor branca ou amarela pálida está moteado en vermello ou pardo formando unha banda que percorre o centro lonxitudinal do dorso e flancos.



Doto lemchei, de menor tamaño, con entre 4 e 6 pares de ceras que teñen entre 3 e 5 series de tubérculos con manchas brancas nos seus ápices. Cor corporal beige translúcida con moteado pardo irregular sobre dorso e cabeza.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fragilis*, é un termo latino que significa fráxil.

Doto koenneckeri Lemche, 1976



DESCRIPCIÓN:

Veo cefálico ben desenvolvido e quillas prerinofóricas prominentes sobre a súa cabeza. Rinóforos tubulares e longos que xorden dunhas vainas non moi elevadas, pouco atrompetadas e co seu bordo liso. Dorso con ata sete pares de ceras, onde as máis desenvolvidas presentan un máximo de catro círculos de tubérculos, e con 5 tubérculos no círculo superior formando un pentágono que rodea o tubérculo apical, que é longo e estreito. No ápice de cada tubérculo posúe unha mancha parda en forma de coma, excepto no apical onde é redondeada. Poden presentar tamén outras pequenas manchas pardas e granulacións branquecinas. Pseudobranquias pouco desenvolvidas que se sitúan na base interior dos cerata en forma de 1-2 proxeccións redondeadas despigmentadas. Papila anal que se sitúa entre a primeira e a segunda cera ao lado dereito, de forma cilíndrica coa súa parte interna fortemente pigmentada de branco. Papila xenital non pigmentada, disposta baixo a primeira cera dereita. Cor corporal amarelada co dorso e laterais fortemente pigmentados de cor parda, cunha liña despigmentada que une a base dos cerata. Rinóforos con pigmentación branca na súa parte anterior e posterior, e vainas rinofóricas con granulacións brancas no seu bordo e puntos pardos na súa parte interior. Pode alcanzar os 8 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior da baixamar ata os 30 metros de profundidade, sempre sobre hidrozoos como *Lytocarpia myriophyllum*, *Aglaophenia kirchenpaueri*, *Aglaophenia pluma* e *Aglaophenia tubiformis*. Pasan completamente desapercibidos sobre as súas presas, como consecuencia do seu pequeno tamaño e da súa coloración críptica. Normalmente, son as súas postas esbrancuxadas as que os delatan, con forma de cinta disposta en concertina de tres ou catro pregaduras, fixas sobre o eixo principal da colonia hidrozoa e formada por ata 7-8 filas de diminutos ovos brancos ou lixeiramente rosados, que poden alcanzar un tamaño de 3 milímetros.

DISTRIBUCIÓN:

Do noroeste das illas británicas ata as costas do oeste do Mediterráneo e Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Doto pinnatifida, de maior tamaño, con bordos de vainas rinofóricas punteadas en negro e tubérculos ceratais alongados cun punto negro no seu ápice. Ao longo de cada lateral presenta unha simple fila de tubérculos co ápice negro e a súa cor corporal é branca rosada.

Doto sp., con ceras que presentan tubérculos non moi definidos cun punto vermello carmín no seu ápice, excepto no tubérculo apical, que presenta unha mancha difusa branca. Corpo branco translúcido con puntuación vermella carmín moi difusa, excepto entre as vainas rinofóricas e na parte frontal da cabeza onde esta puntuación é moi máis densa.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *koenneckeri*, é en honra a Gerd Koennecker (19??-2018), biólogo mergullador da Universidade de Galway.

Doto lemchei Ortea & Urgorri, 1978



DESCRIPCIÓN:

Marxe frontal da cabeza cun par de aletas laterais prominentes. Rinóforos tubulares, longos e que xorden dunhas vainas pouco atrompetadas cos seus bordos lisos. Sobre o seu dorso, entre catro e seis pares de ceras, cada unha das cales está provista de entre tres a cinco series de tubérculos con manchas brancas no seu ápice, onde o apical é o maior e o máis visible. Cor clara beige translúcida con moteado pardo irregular no dorso e cabeza. Ceras sen manchas, pero se aprecian por transparencia as glándulas dixestivas brancas no interior dos tubérculos destas. Rinóforos moteados en branco cara ao seu ápice. Pode alcanzar os 10 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Aliméntase exclusivamente do hidrozoo *Aglaophenia tubulifera*. De costumes nocturnas, agóchanse durante o día na base destes hidrozooos, onde os delatan as súas postas esbrancuxadas que constan soamente de dous ou tres pregaduras dunha banda branca de ovos, e son pequenas comparadas coas doutras especies de *Doto*.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata as costas do noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Doto coronata, lixeiramente maior, con vainas rinofóricas con puntos de cor carmín na súa parte interna. Non ten pseudobranquias e

presenta unha mancha moi aparente de cor carmín na cara interna da base dos cerata.

Doto floridicola, con ceras alongadas e infladas con ata catro series de catro tubérculos redondeados onde o maior é o apical. Corpo de cor branca ou amarela pálida moteada formando unha banda que percorre o centro lonxitudinal de dorso e flancos.

Doto tuberculata, de maior tamaño, con vainas rinofóricas amplamente dilatadas, con bordo festoneado, e dun a tres tubérculos negros. De catro a oito pares de ceras con tres ou catro círculos concéntricos de tubérculos alongados con manchas negras terminais (excepto o apical). Cor corporal translúcida cun matiz amarelo verdoso e manchas negras por todo o seu corpo e entre os cerata.



Doto sp., con ceras que presentan tubérculos non moi definidos cun punto vermello carmín no seu ápice, excepto no apical que presenta unha mancha difusa branca. Pseudobranquias non moi definidas, en forma de dúas proxeccións redondeadas, e corpo branco translúcido cunha puntuación vermella carmín moi difusa, excepto entre as vainas rinofóricas e parte frontal da cabeza onde esta puntuación é moito máis densa.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lemchei*, é en honra ao Dr. Henning Mourier Lemche (1904-1977), investigador danés que se dedicou ao estudo dos opistobranquios.

Esta especie pode presentar un copépo-do endoparásito, *Lomanotocola brevipes*.

Doto pinnatifida (Montagu, 1804)



DESCRICIÓN:

Rinóforos lisos, cilíndricos, xurdindo dunhas vainas atrompetadas con bordos punteados en negro. Dorso con ata dez pares de ceras grandes, cada unha delas cun máximo de seis círculos de tubérculos, e cada tubérculo cun punto negro no ápice. Ao longo de cada lateral presenta unha serie de tubérculos simples con ápice negro. Cor branca, rosada con manchas pardas dispersas sobre cabeza e dorso. A súa cor escurécese coa idade. Pode alcanzar os 30 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Aliméntase exclusivamente do hidrozoo *Nemertesia antennina*. A súa posta é unha cinta de cor rosada colocada de forma ondulada sobre o talo do hidrozoo. Xeralmente aparece camuflado na base do mesmo.

DISTRIBUCIÓN:

Dende o sur de Noruega ata o noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Doto coronata, de menor tamaño, con vainas rinofóricas que teñen puntos de cor carmín na súa parte interna. Non ten pseudobranquias e presenta unha mancha moi aparente de cor carmín na cara interna da base dos cerata.

Doto dunnei, de menor tamaño, con vainas rinofóricas atrompetadas e marxes moi dilatados punteados en branco. Ceras que teñen ata sete círculos de tubérculos redondeados e corpo de cor crema con manchas de pigmento pardo avermellado ou negro.

Doto koenneckeri, de menor tamaño, con quillas rinofóricas sobre a súa cabeza. Ceras con catro filas de cinco tubérculos, co apical longo e estreito e unha mancha en forma de coma no ápice de cada un deles. Cor corporal amarelada con dorso e laterais fortemente pigmentados de pardo.

Doto tuberculata, de menor tamaño, con vainas rinofóricas amplamente dilatadas, bordo festoneado e dun a tres tubérculos negros. De catro a oito pares de ceras con entre tres e catro círculos concéntricos de tubérculos alongados con manchas negras terminais (excepto o apical). Cor corporal translúcida cun matiz amarelo verdoso e manchas negras por todo o seu corpo e entre os cerata.

Doto sp., con ceras que presentan tubérculos non moi definidos cun punto vermello carmín no seu ápice, excepto no apical, que presenta unha mancha difusa branca. Pseudobranquias non moi definidas en forma de dúas proxeccións redondeadas. Corpo branco translúcido cunha puntuación de cor carmín moi difusa excepto entre as vainas rinofóricas e parte frontal da cabeza, onde esta puntuación é moito máis densa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pinnatifida*, é un epíteto latino composto por *pinnatus*, que ten plumas, alado, e *fidus*, fendido, dividido, referíndose á aparencia que lle dan os cerata sobre as súas marxes.



Doto tuberculata Lemche, 1976



DESCRIPCIÓN:

Corpo estreito e alongado. Rinóforos de forma tubular alongada que sobresaen dunha vaina atrompetada, amplamente dilatada, co bordo festoneado con 1-3 diminutos tubérculos negros. Os espécimes adultos presentan no dorso entre catro e oito pares de ceras, cada unha delas con 3-4 círculos concéntricos imperfectos de tubérculos alongados, os cales, excepto o tubérculo apical, teñen manchas negras terminais. Presentan manchas similares por todo o corpo e entre os cerata. Corpo translúcido cun matiz amarelo verdoso. Pode alcanzar unha lonxitude de 20 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 60 metros de profundidade, en lugares cenagosos ou con sedimentación, con corrente de marea entre moderada e forte, por debaixo da liña de algas. Adoitan fixarse normalmente ao centro de colonias de hidrozooos como *Sertularella gayi* e *Abietinaria abietina*, dos que se alimenta, e estenden os seus cerata lateralmente cando son molestados para camuflarse mellor. A forma das postas de ovos desta especie é insólita para un *Doto*, xa que presenta a forma dun lazo de cinta ondulada colocado ao longo dunha rama do hidrozoo.



DISTRIBUCIÓN:

Do oeste das illas británicas ó noroeste da península ibérica.




ESPECIES SEMELLANTES:

Doto koenneckeri, de menor tamaño, con quillas rinofóricas sobre a súa cabeza. Ceras con catro filas de cinco tubérculos, co apical longo e estreito e unha mancha en forma de coma no ápice de cada un. Cor corporal amarelada con dorso e laterais fortemente pigmentados de pardo.

Doto pinnatifida, lixeiramente de maior tamaño, cos bordos das súas vainas rinofóricas punteados en negro. Tubérculos ceratais alongados cun punto negro no seu ápice. Ao longo de cada lateral presenta unha fila simple de tubérculos co ápice negro e cor corporal branca rosada.

Doto sp., con ceras que presentan tubérculos non moi definidos cun punto vermello carmín no seu ápice, excepto no apical, que presenta unha mancha difusa branca. Pseudobranquias non moi definidas en forma de dúas proxeccións redondeadas. Corpo branco translúcido cunha puntuación vermella de cor carmín moi difusa excepto entre as vainas rinofóricas e parte frontal da cabeza, onde esta puntuación é moito máis densa.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *tuberculata*, provén do termo latino *tuberculum*, que significa tumor pequeno, excrecencia, referíndose aos tubérculos laterais que presenta esta especie.

Doto sp.



Foto: © Bruno Almón Pazos

DESCRICIÓN:

Veo cefálico ben desenvolvido. Rinóforos tubulares e longos que xorden dunhas vainas moi elevadas e pouco atrompetadas, co seu bordo lixeiramente acampanado e sesgado, que é máis alto na súa parte frontal. Sobre o seu dorso destacan seis pares de ceras con forma de maza, que teñen pequenos tubérculos dispostos un tanto aleatoriamente. Ápice de cada tubérculo cunha mancha vermella carmín redondeada, excepto no apical, onde exhibe unha mancha branca de contornos difusos. Presenta tamén outras pequenas manchas e granulacións de cor vermella carmín e esbrancuxadas. Pseudobranquias pouco desenvolvidas que se sitúan na base interior dos cerata, en forma de dúas proxeccións redondeadas despigmentadas. Glándula dixestiva que se ramifica e penetra dentro dos cerata e é de cor laranxa clara. Cor corporal branca translúcida cunha puntuación vermella carmín moi dispersa polo seu dorso e laterais, máis concentrada entre as vainas rinofóricas e a parte frontal da cabeza. Rinóforos con pigmentación branca que se fai lixeiramente máis densa cara ao seu ápice, e vainas rinofóricas totalmente de cor branca translúcida uniforme. Pode alcanzar un tamaño duns 8 milímetros de lonxitude.



Foto: ©Bruno Almón Pazos

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Foi atopado a 14 metros de profundidade xunto á súa posta fondo rochoso, sobre un hidrozoo do xénero *Eudendrium*. Poden pasar completamente desapercibidos sobre a súa presa, como consecuencia do seu pequeno tamaño e da súa cor críptica. Soamente as postas os delatan, esbrancuxadas, que teñen forma de cinta xelatinosa disposta en

concertina con seis ou oito voltas, fixa sobre o eixo principal da colonia hidrozoo e formada por entre sete e oito filas de diminutos ovos brancos que pode alcanzar un tamaño de 15 milímetros.

DISTRIBUCIÓN:

Encontrado na ría de Arousa.

ESPECIES SEMELLANTES:

Doto coronata, de menor tamaño, con vainas rinofóricas que teñen puntos de cor carmín na súa parte interna. Non ten pseudobranquias e presenta unha mancha moi aparente de cor carmín na cara interna da base dos cerata.

Doto dunnei, as súas vainas rinofóricas atrompetadas presentan unhas marxes moi dilatadas punteadas en branco.

Doto eireana, o seu corpo e ceras son de cor crema translúcida cun punto avermellado en todos os tubérculos ceratais e unha liña característica sen puntuación que une as ceras de cada lado.

Doto koenckeri, con quillas rinofóricas sobre a súa cabeza. Ceras con catro filas de cinco tubérculos, co apical longo e estreito.


Doto pinnatifida, cos marxes das súas vainas rinofóricas punteadas en negro.

Doto tuberculata, coas vainas rinofóricas amplamente dilatadas e os marxes festoneados.



Foto: ©Bruno Almón Pazos

Hancockia uncinata (Hesse, 1872)



DESCRICIÓN:

Corpo bastante plano, recto e alongado. Parte frontal da cabeza no que destaca o veo oral que forma dous lóbulos aplanados, un a cada lado, con 3-6 proxeccións en forma de dedo cada un e cuxa función é táctil. Parte superior da cabeza que presenta dous rinóforos moi rechamantes que xorden dunha vaina alta de forma atrompetada e dentada no seu bordo superior. O ápice do rinóforo é bulboso, e na súa base ten pequenas dobraduras verticais (lamelas). Sobre o seu dorso destacan unha serie de ceras, que aínda que poden chegar ser ata nove pares, normalmente son entre tres e cinco, e son globosas, en forma de maza, co ápice de maior diámetro que a súa base, dispostas de forma asimétrica e alterna. A parte final do corpo termina en punta, ás veces moi preto da última cera, o que pode darlle un aspecto un tanto truncado lateralmente. Cor que pode variar do rosa ao verde, pasando por parda ou vermella escura, salpicado normalmente de manchas ou punteado de branco na súa zona dorsal. Liñas ou puntos brancos que tamén poden resaltar no bordo posterior do corpo e na parte superior da vaina dos rinóforos. Pode alcanzar os 15 milímetros de lonxitude.



Foto: ©Paula Domínguez Lapido

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 3 ata os 30 metros de profundidade, en fondos rochosos con algas. Aliméntanse do hidrozoo *Clytia hemisphaerica*, o cal crece normalmente sobre outros hidrozooos e algas. Posta moi parecida á doutras especies de *Doto*, é dicir, unha cinta plana disposta en zigzag e dunha cor branca azulada distintiva. É unha especie que se camufla extremadamente ben na súa propia contorna, sendo moi difícil de ver.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata Canarias, tamén no Mediterráneo occidental.

ESPECIES SEMELLANTES:

A primeira vista pódese confundir cunha especie de *Doto*, aínda que a forma do seu veo oral e os seus rinóforos característicos lamelados verticalmente, fano inconfundible.

CURIOSIDADES:

O nome do xénero, *Hancockia*, é en honra a Albany Hancock (1806-1873), celebre biólogo e naturalista británico.

O nome da especie, *uncinata*, é unha palabra latina que significa curvada, e que posiblemente se refira á forma dos cerata.





Lomanotus marmoratus (Alder & Hancock, 1845)



DESCRICIÓN:

Corpo alongado e delgado coa parte corporal máis ancha á altura dos rinóforos, desde onde se vai aguzando ata a súa parte posterior que finaliza en punta. Rinóforos que sobresaen dunhas vainas lobuladas altas na súa parte final, pequenos e redondeados. Veo oral composto por uns procesos dixitiformes. A todo o longo do bordo paleal sinuoso, dispóñense uns procesos a modo de ceras, delgados e alongados, que finalizan nunha inflamación subterminal típica. No caso de exemplares xuvenís, estes son simples tubérculos. Coloración do animal críptica, sendo a cor de fondo agrisada translúcida con manchas superficiais de cor branca e parda escura que lle confiren un efecto moteado. Glándula dixestiva de cor marrón que pode ser visible a través da pel. Pode alcanzar os 39 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Atópanse xeralmente sobre a súa presa, o hidrozoo *Nemertesia antennina*. Os adultos acostuman a atoparse agochados na base das colonias desta especie. A fecundación ocorre a finais de primavera e verán. A súa posta é moi característica e consiste nunha cadea semitransparente de ovos rosados dispostos nun apertado zigzag ao longo do talo do hidrozoo.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata as costas de Portugal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *marmoratus*, é unha palabra latina que significa veteado, e fai referencia á súa coloración característica.

É unha especie rara, da que se coñece pouco máis que a súa forma, polo que sería interesante un estudo e seguimento da mesma.

Calma glaucoides (Alder & Hancock, 1854)



DESCRICIÓN:

Corpo aplanado con rinóforos lisos, dunha lonxitude un pouco menor á dos tentáculos orais, e tanto uns como outros, máis anchos nas súas bases. Ollos pequenos que se dispoñen detrás dos rinóforos, entre estes e o primeiro grupo de ceras. As ceras, que son delgadas, cilíndricas e co ápice agudo, distribúense nuns 10-12 grupos pares, dispostos lateralmente e variando o seu número por grupo, de catro nos dianteiros a dous nos traseiros. Nalgúns individuos os cerata presentan unha protuberancia na súa parte dianteira preto da zona de inserción. Distínguense dous morfotipos dependendo da lonxitude dos cerata: un con eles curtos, cor xeralmente translúcida, cunha aparente glándula dixestiva e co ápice amarelado ou esbrancuxado; o outro con cerata longos, de ton branco azulado e ápices pardo amarelados. Pé ancho que finaliza nun talón estreito e presenta na súa parte dianteira uns tentáculos propodiais pequenos e agudos. Nos animais maduros sexualmente pódense ver no seu dorso, por transparencia, as súas gónadas de cor parda amarelada ou branca sucia. Carece de ano e crese que é debido á súa alimentación, moi nutritiva e sen desperdicio. Cor que pode variar dependendo do tipo de ovo do que se alimentou e do estado dixestivo no que se atope o animal. Pode ser branca case translúcida, branca azulada ou rosa translúcida, coa parte final dos cerata parda, amarela ou branca. Rinóforos e tentáculos orais totalmente de cor translúcida uniforme ou cos ápices de cor branca. Pode alcanzar unha lonxitude de 25 milímetros.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 20 metros de profundidade, baixo pedras ou dentro de estípites de laminarias. Aliméntase de ovos de distintas especies animais, de cefalópodos e de peixes das familias Gobiesociidae, Blenniidae e Gobiidae. Realiza as postas na primavera e verán dentro de estípites de laminaria ou baixo pedras, e teñen forma de cordóns tortuosos e enrevesados.



DISTRIBUCIÓN:

Dende Noruega ata o oeste do Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Calma gobioophaga, que é de menor lonxitude e máis estreita, con ollos xusto na parte traseira da base dos rinóforos. Tentáculos propodiais grandes e en forma de dedo, con soamente dúas ceras por grupo ceratal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *glaucoides*, significa azulado, facendo referencia á tonalidade da cor do corpo do animal no que se baseou a súa descrición.



DESCRICIÓN:

Corpo aplanado con rinóforos e tentáculos orais lisos, de aproximadamente a mesma lonxitude e lixeiramente máis anchos nas súas bases. Ollos grandes que se dispoñen na base dos rinóforos, xusto no seu bordo traseiro. Sobre o seu dorso presenta 7-10 grupos ceratais pares dispostos nos costados, cada un deles formado por 2-3 ceras, as cales son de forma globosa-cónica e apuntadas no seu ápice. Pé ancho que finaliza nun talón pequeno e estreito, e que forma na súa parte dianteira dous tentáculos propodiais longos e dicitiformes de aproximadamente a mesma lonxitude que as primeiras ceras. Nos animais maduros sexualmente pódense ver no seu dorso, por transparencia, as gónadas de cor esbrancuxada. Carece de ano debido á súa alimentación tan nutritiva e sen desperdicio. Cor marrón amarelada a branca translúcida, máis escuro na glándula dixestiva, dependendo do estado de nutrición do animal e da etapa de dixestión. A cor dos cerata está en función da cor da glándula dixestiva, presentando algúns puntos brancos que se concentran na súa parte sub-apical. Rinóforos e tentáculos orais translúcidos, cunha banda de puntos brancos subapical. Pode alcanzar os 10 milímetros de lonxitude.



É un nudibranquio propio das augas superficiais, na beira inferior e sublitoral superficial, normalmente asociado á súa presa, os ovos de *Gobius niger*, dos que se alimenta especificamente. Realiza as postas na primavera e verán, dentro de estípites de laminaria ou baixo pedras, e teñen forma de cordóns tortuosos e enrevesados.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É un nudibranquio propio das augas superficiais, na beira inferior e sublitoral superficial, normalmente asociado á súa presa, os ovos de *Gobius niger*, dos que se alimenta especificamente. Realiza as postas na primavera e verán, dentro de estípites de laminaria ou baixo pedras, e teñen forma de cordóns tortuosos e enrevesados.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o golfo de Biscaia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Calma glaucoides, de maior tamaño, con ollos que están detrás dos rinóforos, entre estes e o primeiro grupo ceratal. Tentáculos propodiais pequenos e afiados, con ata 4 ceras por grupo ceratal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gobioophaga*, fai referencia a que se alimenta dos ovos de *Gobius niger*.



Cumanotus beaumonti (Eliot, 1906)





DESCRICIÓN:

Cabeza ancha con tentáculos orais curtos nos laterais da parte anterior do pé, e rinóforos longuísimos e lisos. Ceras longas e delgadas, finalizando de forma puntiaguda e ordenadas en 8-12 filas transversais, con 6-9 ceras en cada fila. As tres filas de ceras anteriores atópanse por diante dos rinóforos, sendo

estes os máis pequenos. Os cerata son translúcidos, deixando ver a glándula dixestiva de cor castaña ou avermelladarosada que as percorre, mentres que no ápice presentan cnidosacos de forma alongada e de cor branca. Exterior salpicado de manchas douradas e brancas. Corpo transparente, pigmentado con manchas douradas no dorso que se concentran na cabeza en forma dun gran parche. Pode alcanzar os 30 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Esta especie aliméntase de hidrozooos, neste caso estaba sobre *Ectopleura larynx*. Os rexistros desta especie son escasos polo que apenas se coñece a súa bioloxía. Os seus cerata son musculares, o que lles permite nadar con vigorosos movementos do seu corpo. Realiza as postas en maio. A posta é un cordón xelatinoso translúcido recheo de diminutos ovos brancos e disposto nunha espiral desordenada vertical de ata 13 voltas (dependendo do tamaño do animal).

DISTRIBUCIÓN:

Dende Noruega ata as costas do oeste do Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Cumanotus cuenoti, que é de menor tamaño, non superior a 10 milímetros de lonxitude, carece de tentáculos orais e propodiais, ten menos denticulos na súa rádula e a súa cor corporal é translúcida.




CURIOSIDADES:

O nome da especie, *beaumonti*, púxose en honra ao naturalista británico Walter Ibbotson Beaumont (1861-1912) que, entre outras publicacións, escribiu artigos sobre nudibranquios.

Descríronse dúas especies desta familia no Atlántico noroeste e ambas considéranse moi raras. *Cumanotus cuenoti* (Pruot-Fol, 1948) describiuse nas costas atlánticas do sur de Francia e *C. beaumonti* foi descrito por primeira vez en augas norueguesas e británicas. Dicir se ambas as especies son diferentes é complicado dado que se describiron a partir de moi poucos exemplares colleitados. Tompson & Brown (1984) destacan ambas coma especies diferentes, mentres que Bernard Picton & Morrow (1994) suxiren a posibilidade de que ambas especies sexan sinónimos.

Cumanotus cuenoti Pruvot-Fol, 1948



DESCRICIÓN:

Cabeza ancha sen tentáculos orais nin propodiais, e rinóforos longos e lisos situados cara atrás. As ceras, longas e delgadas, finalizan de forma puntiaguda e están ordenadas en 5-8 filas transversais, con 4-6 ceras en cada fila. A primeira fila de ceras anteriores atópase lixeiramente situada por diante dos rinóforos, sendo estas as máis pequenas. Os cerata son translúcidos, deixando ver a glándula dixestiva, de cor castaña ou parda avermellada, que as percorre en toda a súa lonxitude. Corpo de cor branca translúcida. Pode alcanzar os 10 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:



Esta especie aliméntase exclusivamente do hidrozoo *Ectopleura dumortieri*. Os rexistros desta especie son escasos polo que apenas se coñece a súa bioloxía. Os seus cerata son musculares o que lles permite nadar con vigorosos movementos do seu corpo. Este animal foi fotografado mentres realizaba a posta sobre a súa presa entre os meses de abril e maio. Consiste nun cordón grosso e curto, translúcido, recheo de diminutos ovos

brancos e disposto en resorte, de apenas dúas voltas moi abertas.

DISTRIBUCIÓN:

Dende a Bretaña francesa ata o noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Cumanotus beaumonti, que é de maior tamaño (ata 30 milímetros de lonxitude), e presenta uns tentáculos orais e propodiais curtos, ten máis dentículos na súa rádula e o seu corpo transparente está salpicado de manchas douradas, especialmente sobre a súa cabeza.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cuenoti*, é en honra ao zoólogo e xenetista francés Lucien Claude Marie Julien Cuenot (1866-1951), quen foi profesor de zooloxía na universidade de Nancy e director do Xardín Zoolóxico.



Cuthona nana (Alder & Hancock, 1842)



DESCRIPCIÓN:

Cabeza e boca, vistas desde a súa parte inferior, amplas. Tentáculos orais lisos, dispostos case na marxe frontal nos exemplares grandes e de forma máis dorsal nos xuvenís, e rinóforos tamén lisos e máis longos que os anteriores. Pé máis ancho na súa parte anterior, pero non presenta tentáculos propodiais. Ceras máis numerosas que noutras especies do xénero *Cuthona*, e que se dispoñen ao longo dos laterais do corpo, da cabeza, e por diante dos rinóforos, deixando normalmente o dorso ao descuberto. Cor corporal branca translúcida, cos cerata deixando transparentar os lóbulos dixestivos, os cales poden ser de cor parda, laranxa, rosa pálida ou rosa avermellada. Ápices de cerata, tentáculos orais e rinóforos brancos. Pode alcanzar os 28 milímetros de lonxitude, sendo os maiores exemplares os da zona ártica.



Cor corporal branca translúcida, cos cerata deixando transparentar os lóbulos dixestivos, os cales poden ser de cor parda, laranxa, rosa pálida ou rosa avermellada. Ápices de cerata, tentáculos orais e rinóforos brancos. Pode alcanzar os 28 milímetros de lonxitude, sendo os maiores exemplares os da zona ártica.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do nivel inferior da baixamar ata os 30 metros de profundidade, en fondos de area fangosa ou lodo de augas protexidas da ondada e sempre asociado ao hidrozoo *Hydractinia echinata* do que se alimenta e que adoita atoparse sobre cunchas habitadas por cangrexos ermitáns. Realizan a posta durante todo o ano, cun máximo no verán, e pode realizar varias postas ao ano. A súa posta consiste nun fío rosado esbrancuxado disposto nunha espiral retorta e colocado sobre a súa presa. Dos ovos xorden larvas velíxeras que derivan na auga entre o plancto durante dúas semanas aproximadamente, antes de establecerse no fondo mariño para transformarse na forma definitiva de adulto. Estudos realizados recentemente indican que o ton da súa cor está en función do seu alimento, polo que aqueles exemplares que se alimentan de exemplares femia de *Hydractinia echinata* son dunha cor máis escura que os que se alimentan dos exemplares macho.



DISTRIBUCIÓN:

Dende Noruega e o oeste de Groenlandia ata o noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Catriona aurantia, que presenta menos ceras e estas nunca se dispoñen por diante dos seus rinóforos.

CURIOSIDADES:

O nome de a especie, *nana*, é un epíteto latino que significa de pequeno tamaño, referíndose á súa reducida talla.



Amphorina farrani (Alder & Hancock, 1844)



DESCRICIÓN:

Corpo alongado e delgado. Tentáculos orais e rinóforos de tamaño parecido e relativamente curtos. A parte propodial do pé, que é moi ancho, proxéctase a cada lado da cabeza. Superficie dorsal que pode chegar a presentar ata dez filas oblicuas de ceras, con cinco por fila. Os cerata son inchados e case en forma de maza. Cor moi variable. Poden conformarse ata cinco morfotipos:

Branco ou branco agrisado, coas partes finais de cerata, rinóforos e tentáculos orais alaranxados ou amarelo alaranxado e ápices brancos. Dorso e cabeza moteado en laranxa e amarelo alaranxado, e ás veces tamén os cerata.

Pardo, con ou sen bandas laranxas en cerata, rinóforos e tentáculos orais. Partes finais dos cerata translúcidos, normalmente con manchas cor laranxa no dorso.

Dourado, amarelo ou laranxa, cerata con ápices translúcidos e bandas glandulares brancas. Corpo normalmente pálido e cerata máis delgados.

Branco translúcido, cerata con ápices e cnidosacos brancos, lóbulos hepáticos claramente visibles de cor parda ou laranxa. Rinóforos e tentáculos orais espolvoreados de branco, con pigmentación amarela.

Translúcidos, sen pigmentación. Rinóforos e tentáculos orais translúcidos. Cerata cos ápices brancos e transparentando os lóbulos hepáticos de cor marrón. Pode alcanzar os 20 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En costas rochosas do sublitoral superficial, entre 5 e 40 metros de profundidade, ricas en hidrozoos dos que se alimenta, tales como *Obelia geniculata*, *Tubularia indivisa*, *Sertularella rugosa* ou *Aglaophenia pluma*. As súas postas, que realiza nos meses de marzo a maio, deposítas sobre a súa presa, e consisten nunha cinta xelatinosa transparente repleta de ovos de cor rosada disposta nun simple círculo, cos seus extremos solapándose lixeiramente.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata as costas do oeste do Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Amphorina linensis, de cor branca translúcida con manchas vermellas sobre o seu dorso e cos ápices dos cerata de cor branca.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *farrani*, é en honra ao Dr. G. P. Farran de Dublín, naturalista e coleccionista de cunchas que facilitou a campaña de mostraxe de Alder & Hancock nas costas irlandesas en 1843, nas que se colleitaron os exemplares que serviron para a súa descrición.

Amphorina linensis (García-Gómez, Cervera & García, 1990)





DESCRICIÓN:

Corpo alongado e delgado, lixeiramente máis ancho que o pé, que é cadrado na súa parte dianteira e finaliza nun afiado e longo talón. Tentáculos orais cilíndricos e pequenos, aproximadamente da metade de lonxitude que os rinóforos. Rinóforos longos, lisos e lixeiramente engrosados na súa base e ápice. Ceras que se dispoñen bordeando o dorso en 11 filas lixeiramente inclinadas (nun exemplar

de 20 milímetros de lonxitude), son máis ou menos avultadas, sendo as maiores as centrais e as máis pequenas as laterais. Glándula dixestiva engurrada no interior dos cerata, a cal se pode observar por transparencia. Corpo branco translúcido con manchas de forma e tamaño irregulares, entre vermello sangue e pardo, dispersas polo seu dorso. Ápices de cerata, rinóforos e tentáculos orais, de cor branca opaca, co talón do pé traseiro bordeado en cor branca opaca por medio dunha liña ou puntos. Pode alcanzar os 20 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En costas rochosas do sublitoral superficial, entre 5 e 40 metros de profundidade, ricas en hidrozooos dos que se alimenta. Observacións directas mostráronnos que nas nosas costas vive en augas abertas expostas, alimentándose de hidrozooos da familia Campanulariidae que crecen sobre o briozoo *Pentapora foliacea*. Realiza as postas sobre os hidrozooos, as cales consisten nunhas cintas xelatinosas de ovos brancos dispostas nunha espiral lateralmente alongada.



DISTRIBUCIÓN:

Costas atlánticas da península ibérica.



ESPECIES SEMELLANTES:

Amphorina farrani, que sempre presenta coloración amarela, dourada ou laranxa nalgún lugar do seu corpo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *linensis*, é un xentilicio que deriva do nome dado aos habitantes da poboación de La Línea de la Concepción da provincia de Cádiz (linense), por ser na costa desta poboación onde se colleitaron os exemplares para a súa descrición.

Amphorina pallida (Alder & Hancock, 1842)



DESCRIPCIÓN:

Rinóforos con máis do dobre de lonxitude que os tentáculos orais. As ceras, de forma desigual e infladas, son maiores canto máis preto da parte central do dorso, e están dispostas nun máximo de dez filas con sete ceras por fila. Corpo de cor branca agrisada translúcida con pequenos puntos brancos e manchas de cor marrón, vermella, laranxa e dourada. Rinóforos e tentáculos orais co ápice branco e unha banda cor café na súa metade. Cerata punteados de forma variable en branco con manchas douradas ou pardo avermelladas e con bandas brancas e amarelas nos seus ápices. Pode alcanzar unha lonxitude de 22 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En costas rochosas do sublitoral superficial, entre 5 e 40 metros de profundidade, ricas en hidrozooos dos que se alimenta, tales como *Obelia geniculata*, *Tubularia indivisa*, *Ectopleura larinx*, *Hydrallmania falcata*, *Hydractinia echinata* ou *Kirchenpaueria pinnata*. A súa posta consiste nunha cinta xelatinosa transparente repleta de ovos de cor branca e disposta nunha espiral curta e irregular de volta e media.



DISTRIBUCIÓN:

Dende Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Amphorina linensis, con corpo translúcido con manchas vermellas sangue ou pardas sobre o seu dorso e ápice s de cerata de cor branca. Non presenta punteado sobre o seu corpo.

Eubranchus exiguus, de menor tamaño. Sobre o seu dorso presenta manchas verdosas e nunca punteado en branco.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pallida*, é un epíteto latino que significa pálida, referíndose á tonalidade da súa cor corporal.



Capellinia doriae Trinchese, 1874



DESCRICIÓN:

Corpo pequeno e goso que se aguza de forma súbita na súa parte traseira. Os pequenos tentáculos orais e os longos rinóforos son cilíndricos e lisos. Sobre o seu dorso, a ambos os dous lados, dispóñense uns 6-8 grupos de ceras, con 1-3 ceras en cada grupo, de forma irregular e de diferentes tamaños que adoitan dispoñerse de forma alterna nun lado e outro a partir do segundo grupo. Os cerata, que presentan dúas ou tres filas de tubérculos pouco prominentes ao longo da mesma, son de forma alongada e finalizan en puntas agudas. Pé coa parte anterior alongada e que forma na súa parte posterior unha cola longa e afiada. Corpo de cor branca translúcida, salpicado con manchas de cor parda ou verde oliva de contorno irregular en dorso e cerata. Os cerata, que teñen as paredes transparentes e se lle aprecia a glándula dixestiva ceratal de cor parda verdosa, presentan o tubérculo apical translúcido bordeado, normalmente na súa base, por un anel de cor parda. Tentáculos orais e rinóforos con ápices brancos e unha banda subterminal parda. Pode chegar aos 10 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En costas rochosas do sublitoral superficial, entre 1 e 40 metros de profundidade, en zonas de laminaria e ricas en hidrozoo, dos que se alimenta. A súa posta, máis rechamante que o propio animal, consiste nunha estreita cinta xelatinosa translúcida rechea de pequenos ovos brancos, disposta en forma de C pechada sobre a súa presa.



DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o oeste do Mediterráneo.



ESPECIES SEMELLANTES:


Eubranthus vittatus, aínda que este é de maior tamaño e ten un maior número de cerata lisos e sen tubérculos.

Eubranthus vascoi, é lixeiramente de menor tamaño, o seu corpo é relativamente máis alto e os seus cerata dispóñense formando un arco lonxitudinal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *doriae*, é en honra ao Marqués Giacomo Doria (1840-1913), naturalista, herpetólogo e político italiano, fundador e director do Museo Civico di Storia Naturale de Xénova en 1867, actualmente denominado Museo di Storia Naturale Giacomo Doria na súa memoria.

Eubranchus tricolor Forbes, 1838



DESCRICIÓN:

Tentáculos orais e rinóforos lisos e sen pigmentación. Corpo de cor branca translúcida. Ceras numerosas, aplanadas, avultadas e dispostas en aparente orde pero moi próximas entre si. Glándula dixestiva visible a través da parede translúcida dos cerata de cor parda clara que se volve de cor morada na súa parte superior, baixo os cni-dosacos. Cerata cun anel subterminal de pigmento amarelo e con anel de pigmento branco opaco por baixo deste. Pode alcanzar os 45 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En costas rochosas do sublitoral superficial, entre 5 e 40 metros de profundidade, ricas en hidrozooos dos que se alimenta, tanto tecados como atecados. A súa posta consiste nunha cinta xelatinosa transparente repleta de ovos de cor rosada e disposta nun simple círculo cos seus

extremos uníndose cara ao centro do círculo. O exemplar da fotografía foi localizado, xunto á súa posta, sobre o hidrozoo *Nemertesia ramosa*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o Ártico ata o noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:


Amphorina farrani, de menor tamaño e sempre con coloración amarela, dourada ou laranxa en dorso, rinóforos e tentáculos orais.

Amphorina linensis, de menor tamaño, sobre o seu dorso presenta manchas de pigmento vermello e os ápices dos seus cerata, rinóforos e tentáculos orais de cor branca.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *tricolor*, é unha palabra composta por dous termos latinos, o prefixo *tri*, tres, e o epíteto *cor*, cor, que significa con tres cores, referíndose ás cores que presenta o seu corpo.




DESCRIPCIÓN:

Corpo estilizado co pé estreito. Rinóforos cilindrocónicos, co ápice redondeado e os tentáculos orais curtos e cilíndricos. Cola que non sobresaie por detrás das últimas ceras abatidas, que poden superar a súa lonxitude. As ceras son alongadas e teñen 2 ou 3 aneis de tubérculos nos que a ramificación do dixestivo pode chegar ata a súa superficie interna. A zona máis ancha é o anel central. Agrúpanse en fileiras oblicuas ao eixo do corpo, sendo maiores as ceras máis dorsais (as maiores chegan a ser un terzo máis longas que os rinóforos). A primeira fileira está dirixida cara atrás e a segunda cara adiante, formando un arco de ceras incompleto, que forman un tronco común da rama dixestiva dereita. O dixestivo no seu interior está inchado e lobulado pero non o enche por completo. As ramas dixestivas no corpo son visibles por transparencia do dorso. Á altura da área cardíaca forman un nó con tres ramas: a dereita, que se dirixe ás dúas primeiras fileiras dese lado, a esquerda, que se dirixe ao resto, e unha terceira que desemboca no ano, que se sitúa diante da primeira fileira postcardíaca de ceras ao lado dereito. O gonoporo sitúase no mesmo costado, debaixo do cerata máis dorsal da primeira fileira. O corpo é de cor branca opaca nos laterais e translúcido no dorso, con puntos brancos e castaño claro, os cales forman dúas bandas nos laterais: a máis ventral colorea o bordo do pé e a máis dorsal forma arcos ou manchas entre as fileiras de ceratas. O terzo apical dos rinóforos ten o extremo translúcido e por baixo un anel castaño, seguido dunha zona translúcida. Os dous terzos basais están coloreados de castaño, tinguidura que continúa por diante e por detrás deles, excepto unha zona decolorada onde están os ollos. Os tentáculos orais son tamén de cor castaña. Hai unha área branca entre os rinóforos, que chega ata o morro. Os cerata son transparentes con numerosos puntos pardo escuro e brancos, un anel subterminal castaño, e o ápice dos tubérculos branco neve. O dixestivo no seu interior é castaño escuro, do mesmo xeito que no corpo, e o cnidosaco é de cor crema.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En costas rochosas do sublitoral superficial, entre 10 e 40 metros de profundidade, en zonas ricas en hidrozooos dos que se alimenta. A súa posta, máis rechamante que o propio animal, consiste nunha cinta xelatinosa estreita e translúcida rechea de pequenos ovos brancosados, disposta en forma de C pechada sobre o seu alimento. O exemplar fotografado atopábase xunto á súa posta sobre *Aglaophenia tubulifera*.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o golfo de Biscaia ata o noroeste da península ibérica e as illas Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eubranthus doriae, de maior tamaño e que presenta sobre o seu dorso un maior número de ceras.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *vascoi*, é en honra do profesor Dr. Vasco García, reitor nese momento da Universidade das Azores, pola súa gran contribución á unión e irmandamento dos arquipélagos macaronésicos.

Eubranchus vittatus (Alder & Hancock, 1842)



DESCRICIÓN:

Corpo esvelto e delicado con rinóforos longos, lisos e esveltos e co dobre de lonxitude que os tentáculos orais. As ceras dispóñense en ata dez filas transversais, cada unha das cales cun máximo de trece ceras en cada costado. Cerata numerosos, co ápice afiado e dispostos sen orde aparente e moi próximos entre si, longos, dixitiformes, cilíndricos, un pouco inflados apicalmente, e que poden ser contraídos a vontade. Glándula dixestiva visible a través da parede translúcida dos cerata, de cor parda clara ou esbrancuxada. Corpo de cor branca translúcida a agrisada, con manchas superficiais de cor verde oliva ou parda distribuídas aleatoriamente por todo o seu corpo. Os cerata presentan o ápice branco, con 1-3 bandas de cor verde, parda ou amarela baixo este. Glándula dixestiva de cor esbrancuxada, sendo visible por transparencia da parede ceratal. Rinóforos e tentáculos orais cos ápices brancos e unha banda inferior de cor verdosa ou parduzca. Pode alcanzar os 20 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 60 metros de profundidade, sempre asociado ao hidrozoo *Kirchenpaueria pinnata*, principalmente en costas rochosas do sublitoral superficial. A súa posta consiste nunha cinta xelatinosa transparente, lixeiramente ondulada, repleta de ovos de cor branca e disposta nun círculo simple, cos seus extremos solapándose lixeiramente, e coa base de menor diámetro que o bordo superior, o que lle confire forma de copa.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eubranchus sp., ápices de cerata translúcidos cunha banda grosa inferior de cor amarela alaranxada e tentáculos orais e rinóforos cunha franxa central parduzca entre dúas franxas amarelo alaranxadas.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *vittatus*, é un epíteto latino que significa adornado con franxas ou bandas, referíndose ás bandas que presentan os cerata.

Eubranchus sp.



DESCRIPCIÓN:

Tentáculos orais e rinóforos lisos, case da mesma lonxitude, de cor branca translúcida e bandeados no seu último terzo en amarelo, marrón e amarelo no centro, e con ápices brancos. Corpo de cor branca translúcida. Ceras en forma de maza, afiadas, avultadas e dispostas aparentemente en dúas filas lonxitudinais a cada costado. Glándula dixestiva perfectamente visible a través da parede ceratal, de cor beige. Os cerata teñen un anel terminal de pigmento amarelo, que se aclara ata case branco no seu ápice.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Atopouse a 28 metros de profundidade, realizando unha posta sobre o hidrozoo *Kirchenpaueria pinnata*. A súa posta consiste nunha cinta xelatinosa transparente repleta de ovos de cor branca e disposta nun círculo simple cos seus extremos uníndose cara ao centro do mesmo.


DISTRIBUCIÓN:

Ría de Arousa.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eubranthus tricolor, tentáculos orais e rinóforos totalmente de cor branca translúcida.

Eubranthus vittatus, con corpo de cor branca agrisada con manchas dispersas de cor verdosa ou parduzca e punteado en branco. Cerata cunha banda branca no seu ápice e 1-3 bandas parduzcas por baixo desta.



Edmundsella pedata (Montagu, 1816)



DESCRICIÓN:

Rinóforos e tentáculos orais aproximadamente da mesma lonxitude, sendo os primeiros lisos ou lixeiramente rugosos. Ollos visibles como un pequeno punto negro que se sitúan na base dos rinóforos. Presenta 6-7 grupos de ceras a cada lado do seu dorso, dispostas ao longo do seu corpo e cada grupo, composto por 2 ou 3 ceras, parte dunhas expansións laterais do corpo, estando máis desenvoltas as do primeiro grupo. Orificio xenital no seu costado dereito baixo o primeiro grupo de ceras. Corpo de cor rosa violácea translúcida, co ápice de rinóforos e tentáculos orais de cor branca irisada. Glándula dixestiva dos cerata que pode variar de cor parda clara a castaña, alaranxada ou vermella, segundo o seu alimento. Pé transparente. Foron citados exemplares de 40 milímetros de lonxitude pero normalmente non adoita exceder os 20 milímetros.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 40 metros de profundidade, sobre fondos rochosos, en zonas lixeiramente expostas, con preferencia por paredes verticais con pouca luz. Aliméntase de briozoos como *Flustra foliacea* e de hidrozooos como *Obelia geniculata*. A cópula ten lugar a finais de primavera, realizando a posta durante os meses de verán. Deposita as súas postas sobre as súas presas, en forma dun cordón fino ondulado de ovos de cor branca, disposto nunha espiral desordenada.

DISTRIBUCIÓN:

Do sur de Noruega ata o Mediterráneo, incluíndo Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Flabellina affinis, con rinóforos fortemente lamelados horizontalmente e a parte apical das súas cerata cun anel de cor violeta opaca.

Paraflabellina ischitana, con rinóforos fortemente lamelados horizontalmente e os seus cerata totalmente transparentes coa glándula dixestiva ben visible e diferenciada.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pedata*, provén do termo latino *pedatus* e significa que ten pés, posiblemente en referencia ás ceras dispostas en grupos sobre expansións corporais, en forma de dedos de mans ou pés.

Flabellina affinis (Gmelin, 1791)




DESCRICIÓN:

Tentáculos orais longos e rinóforos longos e finos, que xorden dunhas bases próximas entre sí e que están laminados de forma perpendicular ao eixo lonxitudinal con 18-22 lamelas circulares. Pé estreito e translúcido que ten na súa parte dianteira dous tentáculos propodiais longos de forma triangular, e a súa parte posterior finaliza nunha cola fina e longa. A cada lado do seu dorso, dispostos lonxitudinalmente, destacan 7-8 grupos de ceras, o primeiro dos cales está visiblemente máis separado. As ceras do mesmo grupo xorden dun talo grosa común, que se divide en 2-3 apéndices máis pequenos, e cada un dos cales porta 3-4 ceras en total. Cerata de forma dixitiforme e afiados, máis longos os situados cara ao centro dorsal e máis pequenos os dispostos lateralmente. Orificios xenital e anal que se sitúan na parte dereita do corpo, o xenital baixo o primeiro pedúnculo ceratal e o anal lixeiramente anterior ao segundo. Todo o seu corpo, rinóforos, tentáculos orais e a base dos cerata son translúcidos cunha lixeira cor rosa, violeta ou malva, excepto os ápices de rinóforos, tentáculos orais e cerata, que son brancos. Cerata de cor violeta semitranslúcida, co seu terzo superior algo máis escuro, que deixan entrever no seu interior o divertículo da glándula dixestiva en forma de cordón fino lonxitudinal de cor parda avermellada. Pode alcanzar os 5 centímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 30 metros de profundidade, sobre fondos rochosos ou detriticos, en zonas pouco iluminadas e sempre asociado a hidrozooz como *Eudendrium ramosum* ou *Eudendrium racemosum*, dos que se alimenta. A fecundación ocorre a finais da primavera e principios do verán. Nos animais maduros sexualmente son visibles os seus diminutos óvulos, por transparencia, na base dos cerata. A súa posta, que deposita sobre os hidrozooz, consiste nun cordón duns 0'5 milímetros de diámetro, de cor rosada ou violácea e disposto de forma ondulada algo desordenadamente.



DISTRIBUCIÓN:

Do noroeste da península ibérica ata o Mediterráneo e as Illas Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Edmundsella pedata, de menor tamaño, con rinóforos lisos ou lixeiramente engurrados e con ceras que non xorden por grupos dun talo común.



Paraflabellina ischitana, de menor tamaño, con cerata de parede translúcida, polo que a súa glándula dixestiva é perfectamente visible no seu interior ata o seu ápice.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *affinis*, provén do termo latino *adfinis*, que significa afín, semellante.

Paraflabellina ischitana (Hirano & Tompson, 1990)



DESCRIPCIÓN:

Tentáculos orais longos e rinóforos laminados de forma perpendicular ao eixo lonxitudinal, con 12-19 láminas circulares. Pé estreito, destacando na súa parte anterior, 2 pequenos tentáculos propodiais de forma triangular. Cola fina e longa. A cada lado do seu dorso destacan ata 9 grupos de ceras, xeralmente ben separados uns doutros. As ceras do mesmo grupo xorden dun talo grosa común da mesma cor que o corporal. Orificios xenital e anal que se sitúan na parte dereita do corpo. O xenital lixeiramente antes do primeiro pedúnculo ceratal, e o anal lixeiramente anterior ao segundo. Todo o seu corpo, rinóforos, tentáculos orais e a base dos cerata, de cor violeta forte, excepto os ápices dos rinóforos e dos tentáculos orais, que son brancos. Nos cerata apréciase, por transparencia, as glándulas dixestivas, cuxa cor pode variar entre laranxa e laranxa avermellada. A parte apical dos cerata teñen un anel branco opaco que oculta parcialmente os cnidosacos, e os seus ápices son de cor branca translúcida. Pode alcanzar os 30 milímetros de longo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 40 metros de profundidade, sobre fondos rochosos ou detríticos, en zonas lixeiramente expostas e sempre asociado a hidrozooos do xénero *Eudendrium*, dos que se alimenta. A súa posta é un cordón relativamente grosa e ondulado, disposto de forma irregular e composto por ovos de cor rosada dunhas 70 micras de diámetro.



DISTRIBUCIÓN:

Do noroeste da península ibérica ata as Illas Canarias, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Edmundsella pedata, de maior lonxitude, con rinóforos lisos ou lixeiramente engurrados e con ceras que non xorden por grupos dun talo común.

Flabellina affinis, de maior tamaño, con cerata que non presentan unha parede tan translúcida, adoitan ser de cor violácea, e no seu ápice sempre teñen un anel opaco de cor púrpura.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ischitana*, é un xentilicio latino que significa da illa de Ischia, illa italiana do mar Tirreno, no golfo de Nápoles, pola procedencia dos exemplares que serviron para a súa descrición.

Luisella babai (Schmekel, 1972)



DESCRICIÓN:

Tentáculos orais máis longos que os rinóforos, que xorden moi xuntos na súa base e presentan numerosas laminiñas moi apertadas entre si. Ollos que se sitúan na base dos rinóforos. As ceras presentan cnidos distribuídos en grupos de 7-12 pares, cada un cun total de dous a cinco, e que xorden dun pedúnculo común. Os grupos da



parte dianteira son os que están compostos por un maior número de ceras, e observados de forma lateral, a súa disposición lembra a unha á. Pé que finaliza nunha cola longa e afiada que se prolonga na súa parte anterior nun par de tentáculos propodiais curtos sucados ventralmente. O seu aspecto é branco leitoso, case translúcido, cun lixeiro brillo azulado. Ápices de rinóforos e cerata de cor laranxa pálida. Presenta tamén dúas liñas brancas que percorren lonxitudinalmente o dorso pola base dos cerata, e outras dúas máis bordeando a marxe do pé. Pode chegar aos 50 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre fondos rochosos a partir dos 15 metros de profundidade. Non é unha especie abundante. Aliméntanse de hidrozoo, con preferencia polos do xénero *Eudrendium*, cuxos pólipos raspa coa súa rádula. Realizan as postas sobre os de-

vanditos hidrozoo, que consisten en cordóns ovíxeros encordados de forma helicoidal, dispostos desordenadamente.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da península ibérica ata Senegal, incluíndo o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome do xénero, *Luisella*, é en honra ao eminente experto alemán en nudibranchios Dr. Luise Schmekel (1935-2016), quen describiu á especie tipo deste xénero, *Luisella babai*,



e autor da recoñecida monografía *Opisthobranchia deas Mittelmeeres*.

O nome da especie, *babai*, é en honra ao malacólogo e investigador en Opisthobranchios xaponés Kikutarō Baba (1905-2001).

Tergipes tergipes (Forsskål in Niebuhr, 1775)



DESCRIPCIÓN:

Corpo delgado e alongado, con tentáculos orais moi curtos e translúcidos e con rinóforos longos, finos, afusados e pigmentados de cor parda clara na súa parte basal. Desde a base posterior dos rinóforos esténdense unhas manchas parduzcas en sentido oblicuo, que finalizan na zona de inserción das primeiras ceras e no interior das cales están os ollos. As ceras dispóñense nos costados do dorso de forma moi característica: as dúas primeiras de forma simétrica, e as seguintes de forma alterna ata un máximo de 8. Os cerata son de forma alongada, máis estreitos na súa base, o que lles dá un aspecto mazudo e con grandes cnidosacos defensivos nos seus ápices. Pé semitransparente que non presenta tentáculos propodiais na súa parte anterior, mentres que a posterior é moi afiada e alongada. Cor corporal branca translúcida, con manchas avermelladas ou parduzcas na base dos rinóforos, laterais da cabeza e corpo. Pel translúcida que permite ver por transparencia a maior parte das vísceras de cor crema, e a glándula dixestiva cuxa cor depende da súa dieta. Pode alcanzar os 8 milímetros de lonxitude aínda que non adoita exceder os 5.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Nudibranquio propio de augas superficiais, no intermareal inferior e sublitoral superficial, normalmente asociado a hidrozooos como *Obelia geniculata*, do que se alimenta, polo que pode ser atopado en estípites e frondes de laminarias. Tamén foi citado alimentándose de *Bougainvillia ramosa*, *Sertularia cupressina*, *Aglaophenia pluma*, *Crava multicornis*, *Gonothyrea loveni*, *Laomedea flexuosa*, *Laomedea gelatinosa*, *Laomedea loveni* e *Obelia longissima*. O seu diminuto tamaño e a súa cor críptica, fan que pase desapercibido e que sexa difícil de observar no seu hábitat. En ocasións esta especie foi citada como gregaria. É hermafrodita con fecundación cruzada. As súas postas teñen forma de cápsula reniforme transparente de 1'2 milímetros de lonxitude, con ata 150 diminutos ovos brancos no seu interior.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica cuxa distribución en augas europeas abarca desde Islandia ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *tergipes*, é unha palabra que deriva da unión de dous epítetos latinos, *tergum* e *pes*, que significa pés sobre as costas, referíndose á aparencia que lle dan os cerata sobre o dorso do animal.



Catriona aurantia (Alder & Hancock, 1842)





DESCRICIÓN:

Rinóforos moderadamente longos, aguzados e un pouco engurrados, próximos nas súas bases e que diverxen cara aos seus ápices. Tentáculos orais máis curtos que os rinóforos, que son lisos e lixeiramente aplanados, e que se sitúan lixeiramente cara o marxe da cabeza. Sobre o seu dorso presenta numerosas ceras que se organizan en

ata 12 filas ao longo dos seus laterais, con entre 2 e 5 en cada fila e que deixan ver a metade anterior do dorso espido. Os cerata mostran por transparencia o lóbulo hepático de cor rosa alaranxada, parda avermellada ou parduzca, co ápice mostrando un cnidosaco de cor branca. Pé que se expande anteriormente en forma de disco sen ángulos tentaculares e que se vai aguzando ata a súa parte traseira onde se estende en forma de cola longa e afiada. Corpo translúcido ou lixeiramente tinguido de cor laranxa ou rosa con diminutos puntos brancos opacos apenas visibles. Tentáculos orais e rinóforos tamén translúcidos, aínda que estes últimos poden presentar unha lixeira tinguidura avermellada. Pode alcanzar os 22 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Da liña inferior da baixamar ata os 34 metros de profundidade, sobre hidrozoos onde se camuflan para pasar desapercibidos. Normalmente atópanse en zonas expostas con fortes correntes de marea. Aliméntase especialmente de *Ectopleura larynx*, aínda que tamén o pode facer de *Bougainvillia ramosa*, *Sarsia eximia*, *Garveia nutans* e *Obelia longissima*. A súa posta consiste en pequenas láminas de contorno irregular de ovos brancos dispostos na base dos hidrozoos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Catriona gymnota, coa que se sinonimizaba ata hai pouco tempo, pero que un estudo xenético separou. Esta especie está presente alén do Atlántico, mentres que a especie europea é *Catriona aurantia*.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aurantia*, é un epíteto latino que significa dourada, de cor ouro, referíndose posiblemente á cor das ceras dos animais usados para a súa descrición.

Trinchesia albopunctata Schmekel, 1968



DESCRIPCIÓN:

Tentáculos orais relativamente curtos, rinóforos lisos, e ambos semitransparentes con manchas e puntuacións de cor branca, excepto na súa zona central onde presentan unha banda despigmentada. Ollos na base posterior de cada rinóforo e claramente visibles como un punto negro no centro dunha área despigmentada. Ceras en 6-7 filas, as tres primeiras formando un grupo ben definido e separado do resto, delgadas, relativamente curtas, co ápice redondeado e que no seu interior deixan ver a glándula dixestiva de cor parda ou avermellada. Pé semitransparente, redondeado na súa parte anterior e cunha cola estreita, puntiaguda e relativamente longa, onde pode presentar pequenas manchas brancas. Cor corporal semitransparente con manchas e puntuacións de pigmento esbrancuxado sobre a súa cabeza, dorso e flancos, así como sobre a superficie ceratal. Ápice dos cerata branco ou semitransparente. Na descrición orixinal describíense pequenas puntuacións difusas de cor laranxa sobre a cabeza e dorso. Pode alcanzar os 7 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 ata os 34 metros, sobre algas con hidrozoo. Descoñécese todo sobre a súa bioloxía e no traballo de descrición da especie, Schmekel cita as súas postas de forma reniforme ou enroladas en semicírculo con ovos lixeiramente rosados. Este exemplar fotografado foi atopado entre unha colonia do hidrozoo da familia tubulariidae, *Ectopleura larynx*.

DISTRIBUCIÓN:

A súa distribución é mediterránea. É considerada unha especie moi rara, xa que ademais da illa de Ischia, no golfo de Nápoles, onde foi descrita, só foron atopados contados exemplares no litoral mediterráneo da península ibérica. O exemplar da fotografía foi atopado na ría de Arousa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *albopunctata*, é un epíteto latino composto por *alba*, branco e *punctata*, con puntos, puntuado, que significa puntuada en branco, referíndose á súa coloración corporal.





DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado aguzándose cara a unha cola moi puntiaguda. Na cabeza destacan tentáculos orais curtos, curvados, e rinóforos longos, lisos, e esveltos, dunha lonxitude de ata 1'5-2'5 veces a dos tentáculos orais. Tras estes, e desprazados lixeiramente cara ao exterior, sitúanse os ollos. As ceras, que son relativamente curtas e de forma fusiforme, dispóñense en ata 10 fileiras, normalmente con 4 filas ceratais anteriores. Pé estreito e translúcido que finaliza nunha cola puntiaguda. Na súa parte anterior presenta unhas esquinas curtas en forma de tentáculos propodiais. Cor do corpo esbrancuxada a agrisada clara, ás veces con algún pigmento branco difuso, aínda que sen formar liñas, cos ápices de tentáculos orais e rinóforos con pigmento tamén branco difuso e algunhas veces amarelado. Os cerata presentan un colorido vistoso composto por un cnidosaco apical translúcido, e posteriormente, unha banda de cor alaranxada ou amarela, seguida por unha banda ancha azul, unha liña negra, unha banda estreita ou reducida punteada en laranxa ou amarelo, e a base de cor negra ou gris escura. Pode alcanzar os 15 milímetros de lonxitude aínda que normalmente non adoita exceder os 10.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 20 metros de profundidade, en zonas rochosas pouco iluminadas e con abundancia de algas e hidrozooos do xénero *Sertularella*, con predilección por *Sertularella polyzonía*, do que se alimenta. Realiza as postas na primavera e verán. A posta é un cordón xelatinoso de ovos de cor branca disposta nunha espiral tridimensional dun par de voltas, colocada sobre a súa presa.



DISTRIBUCIÓN:

A súa distribución abarca o oeste de Suecia, as illas británicas e Irlanda. O animal fotografado representa a primeira cita para a península ibérica, e amplía a súa distribución de maneira importante cara ao sur.

ESPECIES SEMELLANTES:

Trinchesia caerulea, que alcanza un maior tamaño, e coa base dos seus cerata agrisada. Sen banda de cor negra sobre a banda azul nas súas cerata, e tentáculos propodiais longos.

Trinchesia morrowae, de tamaño lixeiramente menor, coa base dos seus cerata de cor agrisada a amarelada, cunha liña branca grossa que percorre lonxitudinalmente o seu dorso, e na parte frontal do pé só con proxeccións angulares.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cuanensis*, fai referencia a Lough Cuan, un nome alternativo para a localidade de Strangford Lough en Irlanda do Norte, onde se realizaron gran cantidade de estudos biolóxicos mariños nos últimos 100 anos.

Trinchesia ocellata Schmekel, 1966



DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado, aguzándose cara a unha cola moi puntiaguda. Na cabeza destacan os tentáculos orais curtos e rinóforos longos, lisos e esveltos. As ceras, alongadas en forma de pinga, están dispostas en oito grupos pares. Os dous primeiros pares sitúanse simetricamente, e a partir do segundo dispóñense asimetricamente, cos situados á dereita máis adiantados que os da esquerda. No primeiro grupo as ceras están aliñadas en tres filas, posteriormente fano só nunha. Os cerata, que aumentan de tamaño desde o exterior cara ao centro dorsal, son translúcidos, deixando ver a glándula dixestiva de cor parda a amarela escura. Corpo de cor amarela pálida cunha liña de pigmento branco que percorre lonxitudinalmente o centro dorsal, desde a cabeza ata o último grupo ceratal, finalizando normalmente de forma descontinua ata a punta da cola. Laterais normalmente bordeados en branco descontinuo. Tentáculos e rinóforos transparentes, cunha mancha de pigmento branco que pode cubrilos na súa maior parte nalgúns exemplares, ou só os seus ápices noutros. Os cerata son translúcidos, co ápice de cor vermella opaca, e unha banda de puntos brancos opacos baixo este. Pode alcanzar os 15 milímetros de lonxitude, aínda que non adoita exceder os 10.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 a 40 metros, sobre fondos rochosos con hidrozoos dos xéneros *Dynamena*, *Sertularella*, *Halecium*, *Dycoryna*, *Obelia*, *Eudendrium* e *Podocoryne*, dos que se alimenta. Reprodúcese na primavera. A súa posta é un cordón ovíxero estreito e transparente, de marxes algo rugosos, cun ancho de 2 ou 3 ovos de cor branca e disposta dunha forma algo ao azar para adaptarse ás ramificacións dos hidrozoos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o Cantábrico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Trinchesia thompsoni, coa que comparte distribución, aínda que esta se caracteriza pola presenza de 2 pares de manchas alaranxadas na superficie anterior dos cerata.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ocellata*, é un epíteto latino que significa que ten ollos, provista de ollos, referíndose ás manchas do ápice dos cerata parecidas a ocelos.



Antiopella cristata (Delle Chiaje, 1841)



DESCRIPCIÓN:

Corpo ovalado e aplanado erizado de papilas. Rinóforos que xorden xuntos da parte dorsal da cabeza, cunha base laminar curta, e na súa parte superior laminar coas laminiñas dispostas de forma moi oblicua. Entre os rinóforos posúe un abultamento sensorial de superficie rugosa, que é unha característica deste xénero, e que se denomina carúncula nual. Na base dos rinóforos sitúanse os ollos. Papilas alongadas e anchas que normalmente son algo máis anchas na súa parte central, cos ápices brancos e unha iridescencia azulada, orlando todo o corpo do animal, exceptuando a súa cola triangular curta. Distribúense a ambos os dous lados do corpo e na parte frontal da cabeza, sendo as dorsais máis grandes que as que xorden próximas ao pé. Papilas translúcidas que permiten ver no seu interior a prolongación da glándula dixestiva en cor escura a modo de filamento que as percorre e ramifica apicalmente. Son retráctiles, o que permite ao animal, dependendo do seu estado, contraelas e darlle unha forma globosa, ou alongalas adquirindo unha forma máis estilizada. Cor do corpo moi variable, amarelada, esbrancuxada ou traslúcida, cunha liña irisada de cor esbrancuxada ou azulada que o percorre desde a cola e que na parte anterior dorsal está dividida en dúas. Laterais corporais tamén con manchas da mesma cor. Rinóforos e papilas con ápices de cor branca irisada ou azulada. Pode alcanzar unha lonxitude máxima de 80 milímetros, aínda que normalmente adoitan medir preto de 30.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 6 ata os 40 metros de profundidade, sobre fondos duros rochosos con predilección por zonas de baixo hidrodinamismo e iluminadas, normalmente sobre briozoos e sobre gorgonias. Foi citada alimentándose de diversas especies de briozoos, *Cellaria* sp., *Bugula avicularia*, *Bugula neritina*, *Bugula flabellata*, *Bugula turbinata*, *Bicellariella ciliata* e *Alcyonidium gelatinosum*, entre outros. A súa posta consiste nun fino cordón formado por unha simple liña de ovos disposta de forma desordenada. Presentan unha alta capacidade de autotomizar as súas cerata en caso de verse molestados ou agredidos, as cales seguen dilatándose ou contraéndose despois de desprenderse do corpo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata as costas de Marrocos, tamén na parte oeste do Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cristata*, é un epíteto latino que significa con crista, crestada, en referencia á carúncula que presenta entre os rinóforos.



Janolus hyalinus (Alder & Hancock, 1854)



DESCRICIÓN:

Corpo de forma oval-triangular e rodeado totalmente de numerosas ceras. Pé moi amplo, ondulado, que sobresa lateralmente, e parte posterior que se prolonga como unha lámina fina en forma de pico. As ceras, que se desprenden á máis mínima molestia, son moi numerosas e esténdense mesmo pola parte frontal corporal. Teñen superficie verrugosa, espiñenta ou rugosa e finalizan en punta. Dispóñense formando un par de series laterodorsais, coas de maior lonxitude cara ao dorso e as menores cara aos laterais e frontal. No seu interior, na súa parte central lonxitudinal pódese albiscar, por transparencia, a glándula dixestiva que se estende soamente ata a metade das mesmas, excepto as dispostas na parte frontal que carecen dela. Rinóforos en toda a súa lonxitude con ranuras en espiral, e na base dos mesmos cunha estrutura sensorial en forma de crista engurrada: a carúncula. Ten dous pequenos tentáculos orais. Papila anal situada de forma posterodorsal na súa parte dereita. Corpo de cor crema translúcida con manchas de cor marrón avermellada e algunhas manchas brancas no centro do dorso. Os cerata son translúcidos coa glándula dixestiva de cor marrón avermellada e pé tamén translúcido pero punteado de forma irregular en branco. Pode alcanzar unha lonxitude máxima de 28 milímetros.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a parte inferior do intermareal ata os 30 metros de profundidade, en cordas de boias e hábitats artificiais de zonas protexidas, así como en paredes rochosas expostas, sempre asociado a briozoos dos xéneros *Scrupocellaria* e *Bugula*, dos que se alimenta. A súa posta consiste nun fío ondulado branco disposto en espiral, rodeando

a súa presa, en forma de contas. Sábese que as ceras desprendidas (despréndense á mínima molestia) ocasionaron o envenenamento doutros nudibranquios recolectados na mesma cubeta.



DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata as costas de Marrocos, incluíndo o Mediterráneo.



ESPECIES SEMELLANTES:

Proctonotus mucroniferus, que non presenta a característica carúncula entre a base dos rinóforos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hyalinus*, é un epíteto latino que significa transparente, translúcido, referíndose ao seu corpo translúcido.

Marionia blainvillea (Risso, 1818)



DESCRICIÓN:

Corpo alongado de sección cuadrangular que se aguza cara a súa parte traseira. Veo cefálico grande e dividido en dous lóbulos con procesos brandos dicitiformes. Rinóforos que xorden dunhas vainas altas e nas que se poden retraer, ramificados no seu ápice. Nos laterais do dorso presenta 12-14 pares de apéndices plumosos (distribuídos lonxitudinalmente e unidos por un distintivo cabalón), que funcionan coma branquias. Dorso con pequenos tubérculos brandos rodeados por unha liña máis escura que lle confire un aspecto reticulado en forma de rede. Patrón de coloración que varía coa idade. Mentres que os xuvenís son de cor branca a branca violácea, os adultos son desde amarelo pálido a alaranxado ou de tonalidades avermelladas máis escuras, con manchas ou punteado branco. Pode medir 90 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 50 metros de profundidade, en zonas rochosas pouco iluminadas con octocorais dos xéneros *Alcyonium*, *Eunicella*, *Leptogorgia* e *Paramuricea*, dos que se alimenta. É de hábitos nocturnos, e de día os exemplares xuvenís adoitan camuflarse sobre as súas presas, mentres que os adultos escóndense no interior de gretas ou baixo pedras.



Actualmente estase estudando un posible cambio de comportamento alimenticio coa idade. As súas postas, que realiza sobre os octocorais, son en forma dun longo cordón, lixeiramente aplanado lateralmente e con continuas estrangulacións, disposto de forma desordenada e de cor esbrancuxada. Cando son molestados pódense axitar violentamente con rápidas contraccións do corpo coas que se desprazan nadando.



DISTRIBUCIÓN:

Do norte da península ibérica ata o Mediterráneo, Canarias e Madeira.

ESPECIES SEMELLANTES:

Marionia gemmii, é de maior tamaño, presenta só 7-8 branquias a cada lado e a súa cor é parduzca cunha liña laranxa grossa

que percorre o seu dorso en sentido lonxitudinal central. O dorso está salpicado de manchas de cor azul metálica e brancas dispersas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *blainvillea*, é en honra do naturalista, zoólogo e anatomista francés Henri Marie Ducrotay de Blainville (1777-1850), membro da Academia Francesa de Ciencias, catedrático de anatomía e zooloxía na Facultade de Ciencias de París e posteriormente catedrático de Historia Natural do museo de París onde lle deu clases ao autor.



DESCRIPCIÓN:

Corpo oval-alongado e de sección cuadrangular, co manto recuberto por numerosos tubérculos redondeados e brandos con forma de verrugas. Na parte frontal da cabeza ten un enorme veo oral bilobulado con oito papilas velares ramificadas en pequenos procesos dixitiformes, e un palpo oral a cada lado. Rinóforos que sobresaen dunha grosa vaina case cilíndrica coa parte superior lixeiramente máis estreita e recuberta externamente de verrugas que se ramifican nos seus extremos, cun amplo talo basal. Os filamentos que rodean o ápice rinofórico son tripinnados, parcialmente retráctiles, e poden exceder o ápice do rinóforo cando están totalmente estendidos. Na parte superior do manto, ao longo dos seus laterais, presenta 7-8 branquias arborescentes a cada lado, todas dun tamaño similar, excepto as máis próximas ao extremo posterior que son máis pequenas. Pé longo e musculoso, con manchas brancas calcáreas, co extremo anterior redondeado e simple, e o posterior aguzado. Cor corporal de parduzca a crema, cunha banda central ancha de cor laranxa percorrendo lonxitudinalmente o seu dorso e con manchas dispersas de cor azul metálica e branca de diverso tamaño. Xuvenís de cor branca. Tamaño máximo 200 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 80 metros de profundidade, sobre fondos rochosos con abundantes octocorais. Os xuvenís adoitan permanecer camuflados sobre as súas presas, pero os exemplares maiores que son de cor máis escura escóndense en gretas ou baixo contraplomos. Aliméntase de *Leptogorgia sarmentosa*. Realiza as súas postas na primavera e verán sobre as gorgonias,



e son en forma de cordóns branco rosados dispostos de forma densa e desordenada. Polas glándulas do manto segregan unha substancia química defensiva que pode ser irritante para a pel. Este nudibranquio desprázase normalmente reptando, aínda que cando é molestado ou necesita percorrer amplas distancias pode nadar con movementos rítmicos.

DISTRIBUCIÓN:

Dende o noroeste da península ibérica ata o Mediterráneo occidental.

ESPECIES SEMELLANTES:

Marionia blainvillea, é de menor tamaño, presenta 12-14 branquias a cada lado e a súa cor é laranxa translúcida a rosa pálida con manchas brancas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gemmai*, é en honra á asociación sen ánimo de lucro "Grupo de Estudo do Medio Mariño" (GEMM), cuxos compoñentes foron os primeiros en darse conta de que era un animal novo para a ciencia, e dous deles participaron na súa descrición.



Tritonia hombergii Cuvier, 1803



DESCRIPCIÓN:

Corpo oval-alongado e de sección oval-cuadrangular, co manto recuberto por numerosos tubérculos redondeados e brandos con forma de verrugas. Na parte frontal da cabeza ten un enorme veo oral bilobulado e cada lóbulo presenta numerosas proxeccións dixitiformes. Rinóforos que sobresaen dunha grossa vaina lixeiramente acampanada, co seu bordo superior festoneado, e presentan un amplo talo basal e se ramifican nos ápices. Na parte superior do manto, ao longo dos seus laterais, presenta branquias arborescentes cuxo número aumenta coa idade. Branquias primarias, con ata sete ramificacións e orientadas cara ao centro do manto, mentres que as secundarias, que se alternan coas primarias, son de menor tamaño e menos ramificadas e oriéntanse cara ao lateral. Pé longo e musculoso. Cor corporal que cambia coa idade e así, os xuvenís son de cor branca translúcida con pigmento branco opaco, mentres que os adultos varían da cor pardarosa a pardavilácea. Tamaño máximo de 200 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 80 metros de profundidade, sobre fondos rochosos con abundantes octocorais. Os xuvenís adoitan permanecer camuflados sobre as súas presas, o octocoral *Alcyonium digitatum*, pero os exemplares maiores que son de cor máis escura agóchanse en gretas ou baixo contraplochos. Realiza as súas postas na primavera e verán sobre as súas presas ou nos seus arredores. Estas están formadas por un cordón branco cunha membrana transparente ao longo dun bordo que é coa que se fixa ao substrato, formando unha espiral aproximada. Teñen un ciclo de vida anual. Polas glándulas do manto segregan unha substancia química defensiva, polo que o contacto con este animal pode causar lesións cutáneas. Existe constancia de que o composto químico que exudan polos tubérculos dorsais ocasiona bochas na pel.



DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata a península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Marionia blainvillea, é de menor tamaño, presenta 12-14 branquias a cada lado e a súa cor é laranxa translúcida a rosa pálida con manchas brancas.

Marionia gemmii, dun tamaño similar, ata que foi descrita confundíase con esta especie. Presenta só 7-8 branquias a cada lado e a súa cor é parduzca cunha grossa liña laranxa percorrendo o seu dorso en sentido lonxitudinal central, co dorso salpicado de manchas de cor azul metálica e brancas dispersas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hombergii*, é en honra a un mozo naturalista do Havre, M. Homberg.

Duvaucelia lineata (Alder & Hancock, 1848)





DESCRIBCIÓN:

Rinóforos coa súa base nunha vaina lisa e cilíndrica da que sobresaen uns extremos ramificados. Na cabeza destacan o seu veo oral con catro lóbulos longos e delgados en forma de tentáculos. Ao longo do dorso presenta 4-6 pares de apéndices branquiais ramificados. Cor branca translúcida, ás veces pode

presentar unha lixeira tinguidura rosada, con dúas liñas brancas opacas que percorren o dorso ata unirse na súa parte traseira. Estas liñas brancas opacas son diagnósticas e son as que lle dan nome ao animal. Tentáculos orais pigmentados de branco opaco nos seus extremos. Pode alcanzar os 20 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 40 metros de profundidade, sobre substratos rochosos con limo. A súa dieta é descoñecida aínda que se especula que pode alimentarse de octocorais como *Sarcodictyon roseum*.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o sur de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Duvaucelia odhneri, é de maior tamaño, non presenta as características liñas brancas sobre o seu dorso, e atópase sobre gorgonias dos xéneros *Leptogorgia* e *Eunicella*.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lineata*, é un epíteto latino que significa raiada, ornada de liñas, en clara referencia ás dúas liñas brancas que percorren o seu dorso.



Duvaucelia manicata (Deshayes, 1853)



DESCRIBIÓN:

Rinóforos de forma cilíndrica, robustos, que teñen finas dixitacións dispostas en forma de coroa rodeando o seu ápice, e que sobresaen dunhas vainas anchas campaniformes. Cabeza cun veo oral provisto de catro ou seis procesos tentaculares na súa parte dianteira. Bordeando o seu dorso presenta entre tres e catro pares de branquias pouco ramificadas. Orificio xenital á altura da primeira branquia e ano no costado dereito, á altura da segunda. Pé de forma redondeada na súa parte anterior, ancho, que finaliza en punta na cola e que sobresae amplamente por detrás. Corpo de cor branca con manchas de pigmento vermello escuro, verde ou negro sobre o seu dorso. Nos laterais tamén presenta manchas de pigmento similares pero distribuídas con menos densidade. Pode alcanzar os 13 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 40 metros de profundidade, normalmente asociado ás súas presas, os alcionáceos *Cornularia cornucopiae* e *Clavularia crassa*.

DISTRIBUCIÓN:

Do sur de Inglaterra ata Marrocos, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Duvaucelia odhneri, de maior tamaño, veo oral con seis procesos pequenos e dorso con entre 5 e 8 pares de branquias ramificadas.

Duvaucelia plebeia, de maior tamaño, veo oral con seis procesos dixitiformes e o seu dorso con 6-10 pares de branquias arborescentes e cor verdosa máis clara.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *manicata*, provén da palabra latina *manicatus* que significa con mangas, posiblemente en referencia ás elevadas vainas dos seus rinóforos.



Duvaucelia odhneri J. Tardy, 1963



DESCRICIÓN:

Parte anterior da cabeza cun pequeno veo oral con 6 procesos dixitiformes, dos cales os maiores son os dous laterais. Rinóforos con ápices ramificados que sobresaen dunha vaina alta, lisa e cilíndrica na que se poden retraer. Ao longo dos laterais do dorso presenta 5-8 pares de apéndices branquiais ramificados. A súa cor críptica é variable dependendo da súa dieta, e pode ser branca pura ou con máis ou menos pigmento gris escuro, salmón ou rosa. Branquias de cor branca. Pode chegar a 34 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 3 ata os 25 metros de profundidade, onde se pode atopar sobre as gorgonias *Eunicella verrucosa* e *Leptogorgia sarmentosa*, de cuxos pólipos se alimenta, sendo a súa cor normalmente o mesmo que o da gorgonia onde se atopa. É moi difícil de ver debido ao seu reducido tamaño e ao seu alto grao mimético. Enrólase nas ramas da gorgonia, e as súas branquias e rinóforos confúndense cos pólipos desta pola súa cor e forma. As súas postas consisten nun fío fino enrolado en bobina ao redor dos eixos da gorgonia.



DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ao sur da península ibérica, incluíndo a costa mediterránea española.

ESPECIES SEMELLANTES:

Duvaucelia lineata, de menor tamaño, con veo oral con catro procesos dixitiformes e cor branca translúcida con dúas liñas diagnósticas brancas percorrendo lonxitudinalmente o seu dorso.



Duvaucelia manicata, de menor tamaño, con veo oral con catro procesos dixitiformes. Só presenta catro pares de branquias sobre o seu dorso e coloración de manchas avermelladas e verdosas.


Duvaucelia plebeia, veo oral con seis procesos dixitiformes e cor translúcida con manchas verdosas.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *odhneri*, está dedicado a Nils Hjalmar Odhner (1884-1973) biólogo sueco especialista en nudibranchios.

Duvaucelia plebeia (G. Johnston, 1828)



DESCRICIÓN:

Rinóforos arborescentes sobresaíndo dunhas vainas longas e atrompetadas. Veo oral finalizado en seis longos procesos con forma dicitiforme. Bordeando o dorso presenta entre seis e dez pares de branquias arborescentes pouco ramificadas. Cor amarela pálida con amplas manchas pardo-verdosas no dorso e flancos. Normalmente os exemplares novos son de cor máis clara. Pode chegar a alcanzar os 30 milímetros de lonxitude aínda que normalmente non adoita exceder os 20.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 120 metros de profundidade, normalmente asociado á súa presa: o coral brando *Alcyonium digitatum*, onde pode atoparse escondido na base da colonia ou entre matas de hidrozoo nas súas proximidades. As súas postas son cadeas finas, delicadas, brancas, colocadas en espiral sobre a súa presa e duns 8-10 milímetros de diámetro.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Noruega ata Portugal.



ESPECIES SEMELLANTES:

Duvacelia manicata, de menor tamaño, bordeando o seu dorso só presenta catro pares de branquias, e a súa cor é avermellada ou verdosa máis escura cos contornos orlados nunha cor distinta.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *plebeia*, é un epíteto latino que significa vulgar, posiblemente en referencia á súa cor pouco rechamante.

Aldisa binotata Pruvot-Fol, 1953



DESCRICIÓN:

Manto con tubérculos dispersos moi planos e con dúas depresións na liña central entre rinóforos e branquias que simulan ósculos de esponxa. Rinóforos laminados con poucas láminas e dispostas cunha inclinación duns 30 graos. Bordos das vainas dos rinóforos case lisos. Oito branquias rodeadas dun bordo crenulado. Cor do manto vermella ou laranxa avermellada con manchas e vetas brancas dispostas irregularmente e non moi definidas que comezan á altura da metade da primeira depresión. Branquias avermelladas co ápice das mesmas esbrancuado e rinóforos da cor do manto. Pode chegar a alcanzar os 20 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos rochosos e asociada ás esponxas das que se alimenta e nas que se camufla moi ben grazas á súa coloración críptica. A súa posta, de aproximadamente dous centímetros de diámetro, está formada por unha cinta xelatinosa translúcida, composta de ovos de cor laranxa de gran tamaño, visibles a primeira ollada e disposta nunha espiral perfecta dunhas 2-3 voltas.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da península ibérica ata as costas de Marrocos, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aldisa banyulensis, moito máis pequena, con rinóforos laminados horizontalmente e branquias dunha cor uniforme vermella. A súa distribución é mediterránea.

Aldisa smaragdina, á que algúns autores consideran un sinónimo, dado que a descrición orixinal de *A. binotata* é moi superficial e que non se pode redescibir ao perderse o animal tipo. *Aldisa smaragdina* presenta un manto máis tuberculado, fundas rinofóricas con tubérculos no seu bordo, e branquias de cor branca verdosa en máis da súa metade superior.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *binotata*, é unha palabra composta polo prefixo latino *bi*, dous, e o epíteto latino *notata*, nota, punto, mancha, referíndose ás dúas depresións que posúe na parte central do seu notto.

Aldisa smaragdina Ortea, Pérez & Llera, 1982



DESCRIPCIÓN:

Corpo lixeiramente esmagado dorsoventralmente, de contorno ovalado. Manto cuberto de tubérculos baixos e redondeados con dúas depresións na liña central entre os rinóforos e as branquias, simulando ósculos de esponxa. Rinóforos laminados con poucas



lámimas dispostas case verticalmente que se poden retraer nas bolsas rinofóricas, cuxos bordos, que se elevan lixeiramente sobre o manto, son tuberculados. Penacho branquial, que rodea o ano, formado por 5 branquias, que pode tamén retraerse totalmente e que está rodeado dun bordo fortemente crenulado. Ten dous tentáculos orais curtos, co seu ápice romo e lixeiramente enrolados. A cor

do manto é vermella ou laranxa avermellada, con vetas brancas en ambos os laterais, dispostas irregularmente e non moi definidas, que comezan á altura dos rinóforos. A metade superior das branquias son de cor branca verdosa e a base de cor avermellada. Rinóforos da cor do manto. Pode alcanzar os 30 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos rochosos e asociada á súa presa, a esponxa *Phorbas fictitius*, da que se alimenta e na que se camufla moi ben grazas á súa coloración críptica. As súas postas consisten nunha cinta xelatinosa estreita e ondulada de ovos de cor laranxa disposta nunha espiral de ata 4 voltas, fixa ao substrato por un dos seus cantos.



DISTRIBUCIÓN:

Do norte da península ibérica ata as costas de Marrocos, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aldisa banyulensis, pero nesta especie, que é moito máis pequena, os rinóforos están laminados horizontalmente e as súas branquias son dunha cor uniforme vermella.

Aldisa binotata, considerada por algúns autores como un sinónimo, dado que a descrición orixinal desta é moi superficial e que non se pode redescibir ao perderse o animal tipo. *Aldisa binotata* presenta un manto máis liso, fundas rinofóricas lisas no seu bordo, e branquias de cor avermellada excepto na súa parte superior que son esbrancuxadas.

CURIOSIDADES:

O nome dá especie, *smaragdina*, provén do termo grego *smaragdos* que significa esmeralda, referíndose á cor das súas branquias.

Cadlina laevis (Linnaeus, 1767)



DESCRICIÓN:

Corpo ovalado, aplanado e fráxil, cun manto que recobre totalmente o corpo e que



presenta pequenos tubérculos dispersos, lisos, de baixo perfil e de forma redondeada, que poden ser de dous tamaños diferentes. Bordeando a marxe do manto hai unha liña de glándulas subdérmicas de ácido con carácter defensivo e de cor branca ou amarelada. Cabeza escondida baixo o manto, con dous tentáculos orais curtos, anchos e aplanados. Rinóforos curtos, de cor branca, totalmente retráctiles, que nalgúns individuos presentan as puntas amarelas e que xorden dunhas fundas baixas e crenuladas. A súa base é alaminar e semitranslúcida e a parte laminar está formada por 13-15 laminifias. Rodeando a papila anal posúe 5-7 branquias tripinnadas, pequenas e robustas, que pode retraer totalmente a vontade. Pé ancho e de forma triangular que sobresaie lixeiramente pola parte posterior do manto. Cor do manto branca, máis ou menos translúcida, cos tubérculos dorsais brancos ou lixeiramente amarelados. Algúns individuos presentan o bordo do manto amarelo. Pode alcanzar ata 32 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior da baixamar ata máis de 500 metros de profundidade, sobre fondos rochosos. Aliméntase de esponxas, como *Dysidea fragilis*, *Phorbas fictitius*, *Hemimycale columella* e de *Halisarca dujardini*. É unha especie hermafrodita con reprodución cruzada, para iso, no seu costado dereito, baixo o manto, presentan o órgano copulador usado para a fecundación, o que ocorre a finais do inverno. A posta consiste nunha cinta ovíxera xelatinosa disposta en espiral de



2'5 milímetros de altura, de cor crema pálida.



DISTRIBUCIÓN:

Do Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Cadlina pellucida, é diferente na cor de branquias e rinóforos que son pardo escuros.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *laevis*, é un epíteto latino que significa liso, chaira, uniforme, lixeiro, pouco pesado.

Cadlina pellucida (Risso, 1826)



DESCRIPCIÓN:

Corpo de contorno elíptico e perfil baixo. Manto amplo, suave e translúcido, que cobre a totalidade do seu corpo e está recuberto de diminutos tubérculos translúcidos. Rodeando a saia do manto presenta unha liña irregular de tubérculos de cor branca opaca que son glándulas defensivas. Rinóforos pequenos e lamelados, formados por un talo curto e liso de cor branca, 7-9 lamelas de cor marrón escura a case negra e un pequeno botón apical que pode ser tamén de cor branca. Penacho branquial que rodea o ano e que está formado por 4-7 branquias tripinnadas, curtas e grosas, dunha cor similar aos rinóforos e co raquis e ápices de cor esbrancuxada. Tanto os rinóforos como o penacho branquial poden retraerse totalmente. Pé delgado, translúcido, case transparente, con manchas de cor branca translúcida no seu bordo, ocúltase totalmente baixo o manto cando o animal está en repouso, proxectándose lixeiramente cando este está en movemento. Cor do manto branca, máis ou menos translúcida. Pode alcanzar ata 25 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 50 metros de profundidade, en fondos rochosos, en gretas ou baixo pedras. Aliméntase de esponxas, como *Dysidea fragilis*, *Sycon ciliatum* ou *Hemimycale columella*. Son animais hermafroditas con fecundación cruzada. Para iso no seu costado dereito, baixo o manto, presentan o órgano copulador

usado para a fecundación, o que ocorre a finais de primavera e principios de verán. A posta consiste nunha cinta xelatinosa translúcida de ovos brancos disposta nunha espiral de dúas voltas e de aproximadamente 1 centímetro de diámetro máximo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o suroeste de Inglaterra ata as costas de Portugal e as costas mediterráneas de España e Francia.

ESPECIES SEMELLANTES:

Cadlina laevis, diferénciase na cor de branquias e rinóforos que son brancos, ademais os tubérculos do manto poden ser dunha cor amarela tenue.



CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pellucida*, é unha palabra latina que significa translúcido, referíndose á transparencia do seu manto.

Felimida krohni (Vérany, 1846)



DESCRIPCIÓN:

Corpo alto e alongado. Fácil de identificar pola cor rosada do corpo, aínda que ás veces pode ser violeta ou azul pálido. Sobre el contrastan tres raias lonxitudinais de cor amarela ou branca que desde a cabeza alcanzan as branquias. A liña central percorre o centro do dorso desde a parte anterior do penacho branquial ata a parte anterior dos rinóforos. As laterais comezan lixeiramente por detrás dos rinóforos e bordean o penacho branquial para unirse detrás del, rodeándoo. Estas raias poden ser descontínuas e, a miúdo, poden existir entre elas manchas amarelas ou brancas. Unha banda de cor amarela bordea o manto, existindo tamén unha liña branca ou amarela no centro da cola dalgúns exemplares. Rinóforos cunha parte inferior lisa e robusta case translúcida, e unha parte superior lamelada de cor carmín, con 12-15 laminíñas. Penacho branquial, que pode ser de cor carmín ou rosada, e formado por 5-8 branquias unipinnadas, con laminíñas a ambos os dous lados do raquis que se alternan en lonxitude (curtas e longas) e que forman unha coroa rodeando o ano. Pé da mesma cor que o corpo. Aos lados da boca presenta dous palpos orais curtos. Pode alcanzar unha lonxitude de 30 milímetros.



Sobre fondos rochosos a partir dos 5 e ata os 30 metros de profundidade. Segundo algúns autores predan sobre esponxas do xénero *Ircinia*. Observámola varias veces alimentándose da esponxa *Aplysilla rosea*. Son hermafroditas que se fecundan de forma cruzada. Para iso no seu costado dereito, un pouco por detrás dos rinóforos, presentan a papila xenital usada para a cópula. Se aparean na primavera e principios de verán. A posta consiste nunha cinta xelatinosa de ovos brancos, lixeiramente ondulada e disposta nunha espiral de 2-3 voltas duns 10 milímetros de diámetro.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre fondos rochosos a partir dos 5 e ata os 30 metros de profundidade. Segundo algúns autores predan sobre esponxas do xénero *Ircinia*. Observámola varias veces alimentándose da esponxa *Aplysilla rosea*. Son hermafroditas que se fecundan de forma cruzada. Para iso no seu costado dereito, un pouco por detrás dos rinóforos, presentan a papila xenital usada para a cópula. Se aparean na primavera e principios de verán. A posta consiste nunha cinta xelatinosa de ovos brancos, lixeiramente ondulada e disposta nunha espiral de 2-3 voltas duns 10 milímetros de diámetro.



Sobre fondos rochosos a partir dos 5 e ata os 30 metros de profundidade. Segundo algúns autores predan sobre esponxas do xénero *Ircinia*. Observámola varias veces alimentándose da esponxa *Aplysilla rosea*. Son hermafroditas que se fecundan de forma cruzada. Para iso no seu costado dereito, un pouco por detrás dos rinóforos, presentan a papila xenital usada para a cópula. Se aparean na primavera e principios de verán. A posta consiste nunha cinta xelatinosa de ovos brancos, lixeiramente ondulada e disposta nunha espiral de 2-3 voltas duns 10 milímetros de diámetro.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da península ibérica ata o norte de África, incluíndo o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *krohni*, está dedicado ao Dr. Auguste David Krohn (1803-1891), zoólogo ruso de orixe alemá, pioneiro da bioloxía mariña, colega de Charles Darwin (mantiña correspondencia con él) e autor de numerosas descrições de animais mariños.



Felimida luteopunctata (Gantès, 1962)



Foto: ©Sergio Barreira Rodríguez

DESCRIPCIÓN:

Do intermareal ata os 10 metros de profundidade, en zonas rochosas baixo pedras. Aliméntase das esponxas incrustantes *Halichondria panicea* e *Hymeniacidon perlevis*. A súa posta está formada por unha cinta xelatinosa ovíxera de cor amarela disposta nunha espiral duns 15 milímetros de diámetro. É capaz de biosintetizar unha alomona defensiva, a verrucosina, que ten un efecto tóxico para os peixes.



DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Doris ocelligera, de menor tamaño, de cor amarelada, con tubérculos do seu dorso espiculosos e en menor cantidade, de menor tamaño e que presentan unha mancha escura no seu ápice.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *verrucosa*, é un epíteto latino que significa verrugosa, con verrugas, en clara referencia aos tubérculos que recobren o seu dorso.

Aegires punctilucens (d'Orbigny, 1837)



DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado, estreito, ríxido e de aspecto irregular con numerosos tubérculos longos, espiculados e deformes, e con ápice aplanado. A cada lado da cabeza presenta un tentáculo oral curto e aplanado. Rinóforos lisos e cilíndricos, con ápice truncado, que xorden dunha vaina prominente que ten entre 3 e 5 tubérculos orlando a súa parte superior. Penacho branquial por diante da papila anal, composto por tres branquias tripinnadas e protexido por tres lóbulos paleais altos e tuberculados. Cor corporal castaña, lixeiramente translúcida, cos tubérculos, rinóforos e branquias lixeiramente máis claros. As partes do corpo que non teñen tubérculos e que están distribuídas simetricamente sobre o animal, presentan uns ocelos de cor parda alaranxada escura, orlados por puntos marróns, e con varios puntos de cor azul brillante no centro. Pode chegar a alcanzar os 20 milímetros de lonxitude, aínda que normalmente o seu tamaño adoita oscilar entre os 12 e os 15 milímetros.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 15 metros de profundidade. Existe un único rexistro a 100 metros de profundidade asociado a esponxas do xénero *Leucosolenia*, especialmente *Leucosolenia botryoides* e tamén sobre diferentes especies de briozoos. Pola súa cor e o seu pequeno tamaño adoita pasar desapercibido, camuflándose extremadamente ben no seu hábitat.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *punctilucens*, que significa puntos de luz, fai referencia a eses pequenos puntos de cor azul brillante que presenta repartidos polo noto, e que parecen producir un efecto espello, reflectindo a cor do mar.



Diaphorodoris alba Portmann & Sandmeier, 1960





DESCRIPCIÓN:

Corpo aplanado e de forma ovalada, co manto recuberto de protuberancias cónicas espazadas. Dorso cunha especie de reticulado formado por espículas que poden observarse por transparencia do manto. Ten un par de rinóforos lamelados longos, con 8-13 laminiñas e que pode retraer totalmente no interior dunhas vainas rinofóricas que teñen 2-3 pequenos

tubérculos cónicos no seu bordo. Penacho branquial, que rodea a papila anal pola súa banda anterior, formado por 3-5 follas branquiais unipinnadas, coa central notoriamente máis desenvolvida e dirixida cara adiante. Aos lados da boca presenta dous abultamentos ou lóbulos que se corresponden cos tentáculos orais. Cola ancha e puntiaguda, case de forma triangular, que sobresae amplamente pola súa banda posterior e presenta o eixo central lonxitudinal claramente elevado. Cor corporal branca translúcida, co bordo superior e inferior do manto amarelo. Rinóforos e branquias da mesma cor que o manto, cos seus ápices e raquis de cor branca opaca. Dúas liñas brancas percorren o bordo do pé, unha a cada lado, para unirse ao final da cola cunha liña central lonxitudinal da mesma cor que discorre polo seu eixo central lonxitudinal. Pode alcanzar os 12 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos rochosos como paredes verticais pouco iluminadas e ricas en esponxas e briozoos. Aliméntase de briozoos como *Cellepora pumicosa*, *Crisia* sp., e *Smittina reticulata* entre outros. No seu costado dereito presentan o órgano copulador usado para a fecundación. A súa posta é unha cinta xelatinosa con escasos ovos brancos de pequeno tamaño.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o sueste de Inglaterra ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Diaphorodoris luteocincta, coa que ata hai pouco se sinonimizaba, e que un estudo xenético separou en 2016. Presenta o manto bordeado por unha cinta submarginal amarela, lixeiramente rota e bordeada por unha banda branca translúcida.

Diaphorodoris papillata, sobre o seu dorso presenta papilas vermellas redondeadas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *alba*, deriva do epíteto latino *albus*, branco, referíndose á súa cor corporal.

Diaphorodoris luteocincta (M. Sars, 1870)



DESCRIPCIÓN:

Corpo aplanado, de forma ovalada, co manto recuberto de prominentes procesos cónicos ben espazados. Rinóforos lamelados, con 8-10 laminíñas que poden retraerse totalmente no interior das súas vainas rinofóricas e que presentan 2-3 pequenos tubérculos no seu bordo. Penacho branquial que rodea a papila anal pola súa banda anterior, formado por 5 follas branquiais unipinnadas, coa central notoriamente máis desenvolvida e orientada cara adiante, mentres que as dúas posteriores son case anecdóticas. Aos lados da boca presenta dous abultamentos ou lóbulos que se corresponden cos tentáculos orais. Cola ancha e puntiaguda, case de forma triangular, que sobresae amplamente pola súa banda posterior e presenta o eixo central lonxitudinal claramente elevado. Cor corporal branca translúcida, co manto bordeado por unha franxa submarxinal amarela, lixeiramente rota e rodeada por unha banda branca translúcida. Pigmentación avermellada entre os tubérculos dorsais. Rinóforos e branquias da mesma cor que o manto, con ápices e raquis de cor branca opaca. Bordo do pé con dúas liñas brancas, unha a cada lado, para unirse ao final da cola cunha liña central lonxitudinal da mesma cor que discorre polo seu eixo central lonxitudinal. Pode alcanzar os 12 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos rochosos como paredes verticais pouco iluminadas e ricas en esponxas e briozoos. Aliméntase de briozoos como *Cellepora pumicosa*, *Crisia* sp. e *Smittina reticulata*, entre outros. A súa posta é unha cinta xelatinosa cuns poucos ovos brancos de tamaño moi pequeno.



DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo occidental.

ESPECIES SEMELLANTES:

Diaphorodoris alba, coa que ata hai pouco se sinonimizaba e que un estudo xenético separou en 2016. Rodeando totalmente o seu manto presenta unha cinta de

cor amarela ininterrompida que chega ao bordo e á parte inferior do manto.

Diaphorodoris papillata, que sobre o seu dorso presenta papilas vermellas redondeadas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *luteocincta*, é un vocábulo composto polas palabras latinas, *luteus*, que significa amarelo, e *cincta*, que significa que ten cintura, rodeado, coroado, en clara referencia ao bordo amarelo que bordea o seu dorso.

Ancula gibbosa (Risso, 1818)



DESCRIPCIÓN:

Rinóforos inclinados cara adiante, con 10 láminas planas e cunha masa redondeada no ápice. Da parte dianteira da súa base xorden proxectados un par de procesos tentaculares. Tentáculos orais curtos e de forma dicitiforme. Na parte superior central do seu corpo sitúanse as branquias, compostas por tan só tres ramas branquiais pinnadas e rodeadas por catorce procesos tentaculares curtos. Cor branca translúcida, cos extremos de rinóforos, procesos tentaculares, branquias, tentáculos orais e marxe superior central do pé amarelos ou alaranxados, aínda que excepcionalmente poden ser de cor branca. Pode alcanzar os 30 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 aos 110 metros de profundidade, sobre fondos rochosos ou baixo pedras. Sempre sobre colonias de tunicados, principalmente dos xéneros *Botryllus* e *Botrylloides*, e sobre hidrozoo e briozoos, onde se cre que se alimenta de entoproctos que crecen sobre estes, como *Pedicellina cernua*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Islandia, Groenlandia e as illas británicas ata o Mediterráneo occidental.

ESPECIES SEMEJANTES:

Polycera quadrilineata, aínda que de coloración variable, presenta liñas de puntos ou raias sobre o seu dorso, non ten procesos extrarínofóricos e o seu penacho branquial está formado por ata 11 follas branquiais.

Polycera kernowensis, ten ata 10 procesos dicitiformes formando o seu veo oral, non presenta procesos extrarínofóricos e o seu penacho branquial está formado por 58 follas branquiais.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gibbosa*, é un epíteto latino que significa con giba, con chepa, referíndose á pequena chepa que presenta o seu dorso e que eleva lixeiramente o penacho branquial.




Goniodoris castanea Alder & Hancock, 1845



DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado e algo aplanado. Manto ancho, ben desenvolvido e de forma rectangular que presenta unha crista mediodorsal. Laterais elevados formando cristas laterais.



Tentáculos orais pequenos, aplanados e de forma triangular. Rinóforos lamelados. Poden presentar ata 17 laminiñas que finalizan nun ápice fino. Penacho branquial composto por ata 9 branquias tripinnadas que se dispoñen en círculo rodeando a papila anal. Todo o seu corpo, incluíndo o manto, presenta pequenas cristas e tubérculos. Mimetízase perfectamente entre as ascidias que lle serven de alimento. A súa coloración é

parda avermellada, máis ou menos clara, con manchas brancas dispersas. Os rinóforos son da mesma cor que o corpo e as branquias, de cor parda avermellada con raquis esbrancuxadas. Pode chegar a alcanzar 38 milímetros de lonxitude, pero non adoita exceder os 20 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 25 metros de profundidade. Aliméntase das ascidias coloniais *Botryllus schlosseri* e *Botrylloides leachi*, na túnica das cales escava buracos profundos nos que se introduce para camuflarse. Foi citada alimentándose de *Ascidia mentula* e da especie exótica *Botrylloides violaceus*. Son animais hermafroditas simultáneos. Realiza as postas



entre febreiro e outubro, sobre ou baixo rochas en forma dunha cinta disposta en espiral. Destas saen larvas velíxeras que flotan entre o plancto, derivando na auga, ata asentarse para transformarse en adultos.



DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *castanea*, é un epíteto latino que significa castaño, en clara referencia á cor corporal deste animal.

Goniodoris nodosa (Montagu, 1808)



DESCRICIÓN:

Manto reducido que deixa ver un pé curto con bordo curvado cara arriba e ondulado. Na parte superior do dorso presenta unha especie de quilla e a ambos os dous lados desta, zonas cubertas de pequenos tubérculos cónicos. Tamén é visible unha quilla que percorre lonxitudinalmente o centro do pé



pola súa banda superior. Rinóforos lamelados e tentáculos orais que sobresaen baixo o manto pola súa banda anterior, aplanados e longos. Penacho branquial composto por 13 grandes branquias simples ao redor da papila anal. Corpo de cor branca translúcida, salpicado de puntos opacos brancos, excepto en branquias, rinóforos e tentáculos orais, con tons rosados e amarelados. Pode alcanzar os 25 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 120 metros de profundidade, sobre briozoos ou ascidias dos que se alimentan. Os exemplares novos aliméntanse de briozoos como *Alcyonidium diaphanum*. De adultos aliméntanse de ascidias coloniais, especialmente de *Diplosoma listerianum* e

Dendrodoa grossularia. Reprodúcense na primavera. A súa posta consiste nun cordón xelatinoso transparente de ovos de cor branca dispostos nunha espiral de pouco máis dunha volta.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas Feroe ata o noroeste da península ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nodosa*, é un epíteto latino que significa nudoso, con nudos, posiblemente referíndose á aparencia que lle dan os tubérculos do seu dorso.



Okenia aspersa (Alder & Hancock, 1845)



Foto: ©Juan E. Trigo

DESCRICIÓN:

Corpo ovalado, con 2 pares de papilas alongadas, finas e aguzadas, dirixidas cara adiante, precedendo aos rinóforos. Entre os rinóforos e o penacho branquial existen 2 filas de procesos dixitiformes e ata 4 pares de procesos máis curtos rodeando o penacho branquial. Rinóforos moi longos e laminados. Poden presentar cada un deles ata 35 lamelas. Penacho branquial, que se dispón formando un círculo ao redor da papila anal, formado por ata 12 follas branquiais unipinnadas. Corpo de cor crema, espolvoreado de motas de cor amarela, laranxa e parda. Pode alcanzar unha lonxitude máxima de 22 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 60 metros de profundidade, en fondos de area fangosa onde pode enterrarse totalmente en busca do seu alimento, a ascidia *Molgula occulta*, que vive enterrada no sedimento. Tamén se alimenta de *Asciodiella aspersa*. A súa posta consiste nun fío ovíxero branco enrolado en forma de espiral e suxeito ao substrato por un extremo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata as costas de Portugal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aspersa*, deriva do epíteto latino *aspersus*, que significa asperxido, espolvoreado, referíndose á súa librea moteada.



Foto: ©Juan E. Trigo

Okenia mediterranea (Von Ihering, 1886)



DESCRICIÓN:

Corpo ovalado, con 9 pares de papilas alongadas rodeando o bordo do manto onde o primeiro par é o máis longo e os dous últimos están unidos polas súas bases. Presenta un reborde que percorre a parte superior central do dorso, desde os rinóforos ata as branquias, formado por 4-5 papilas baixas e alongadas, parcialmente fusionadas. Nos exemplares adultos



unha fila a cada lado formada por 2-3 papilas ou tubérculos curtos de cor similar. Cabeza cun veo oral bilobulado provisto de 4 dixitacións sensoriais. Branquias e rinóforos relativamente grandes. Rinóforos de forma amplamente cónica, cunha pequena base alaminar e unha ampla zona laminar formada por 12-20 laminiñas moi finas que terminan en punta. Penacho branquial formado por 5-9 follas unipinnadas con 3-15 lamelas cada unha, que rodea unha papila anal prominente, e que se sitúan na parte posterior do dorso. Poro xenital no seu flanco dereito, xusto detrás do rinóforo. Pé de forma triangular. Cor corporal branca translúcida con manchas laranxas, avermelladas e amarelas. As papilas que bordean o manto e as branquias adoitan ser de cor amarela alaranxada, sendo normalmente, da mesma cor o reborde que presenta na parte superior do manto. Presenta manchas laranxas e avermelladas dispersas sobre o seu dorso e partes laterais do corpo. Pode alcanzar unha lonxitude máxima de 15 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 60 metros de profundidade, sobre fondo rochoso ou de area. Esta especie aliméntase de gorgonias, pero existen autores que especifican que se alimentan de hidrozooz incrustantes ctenostomados como *Alcyonidium mytili*. Non é unha especie frecuente nas nosas augas. Son animais hermafroditas que se fecundan de forma cruzada, xuntándose sobre o seu costado dereito, o que



ocorre a finais de inverno e na primavera. A súa posta consiste nun cordón grosso xelatinoso branco, composto por miles de ovos diminutos, disposto en espiral ascendente moi desordenada.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da península ibérica ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *mediterranea*, fai referencia ao lugar onde se recolleron os exemplares para a súa descrición.

Trapania fusca (Lafont, 1874)



DESCRIPCIÓN:

Corpo limaciforme, alongado, suave, arqueado dorsalmente e algo translúcido, apreciándose por transparencia a súa masa visceral de cor esbrancuxada. Esquinas da parte anterior do pé tentaculiformes, e tentáculos orais máis longos e dexitiformes. Rinóforos lamelados, non retráctiles, presentando ao seu lado dous procesos dexitiformes extrarrinofóricos que apuntan cara atrás. Plumas branquiais non retráctiles e que se dispoñen rodeando a papila anal. A cada lado do penacho branquial hai un apéndice extrabranquial dexitiforme. Cor branca translúcida coa zona dorsal con pigmentación parda máis ou menos homoxénea e sobre esta, un xaspeado branco, máis denso por diante dos rinóforos e na parte posterior, por detrás das branquias. Todos os seus apéndices corporais, é dicir, tentáculos orais e propodiais, rinóforos, branquias e procesos extrarrinofóricos e extrabranquiais, así como o extremo caudal do corpo son de cor amarela alaranxada, con pigmentación branca na súa base. Pode chegar a alcanzar os 15 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive no sublitoral, ata os 50 metros de profundidade. Aliméntase duns minúsculos invertebrados mariños denominados entoproctos. As súas postas consisten nun cordón ovíxero branco e xelatinoso colocado desordenadamente sobre a súa presa, fixándoo ás pequenas algas que crecen na zona.



DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas atlánticas de Francia ata o oeste do Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

O seu dorso pigmentado en marrón faino facilmente distinguible das outras especies de *Trapania* presentes nas nosas augas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fusca*, é un epíteto latino que significa escura, referíndose á pigmentación marrón que presenta sobre o seu dorso.

Trapania hispale Cervera & García-Gómez, 1989



DESCRICIÓN:

Nudibranquio de corpo lima-ciforme que posúe procesos extrarri-nofóricos e extrabranquiais curvados e dispostos cara atrás. Tentáculos propodiais anchos na súa base e recurvados lixeiramente cara atrás. Tentáculos orais dixitiformes. Rinóforos non retráctiles e lamelados nos seus dous terzos superiores onde presentan 10-11 laminiñas. Penacho branquial que rodea a papila anal pola súa banda dianteira e que está formado por 3 follas branquiais bi e tripinnadas, das cales a central é a maior. Cor do corpo branca translúcida cunha puntuación branca opaca superficial fina e moi difusa. Pode observarse por transparencia a masa visceral. Rinóforos, branquias e apéndices, así como a parte final do pé e tentáculos orais e propodiais de cor amarela. Pode alcanzar os 12 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive no sublitoral, ata os 50 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre esponxas, alimentándose de entoproctos. Algúns espécimes atópanse parasitados por copépodos do xénero *Splanchnotrophus*, que se dispoñen na parte traseira da branquia abrazando toda a súa masa visceral (unha masa branca que parece o comezo da posta do nudibranquio).

DISTRIBUCIÓN:

Mediterráneo e costas atlánticas adxacentes.

ESPECIES SEMELLANTES:

Trapania tartanella, da que é moi difícil de distinguir externamente, aínda que esta ten só os dous últimos terzos da lonxitude dos seus apéndices pigmentados, comezando en cor amarela e finalizando alaranxada, ademais da punta final do pé.

Polycera faoensis, de maior tamaño. Non presenta apéndices laterais xunto aos rinóforos e na parte frontal da cabeza presenta 8 ou máis procesos tentaculares cónicos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hispalensis*, é un xentilicio latino que significa de Sevilla, procedente de Sevilla.



Trapania maculata Haefelfinger, 1960



Foto: ©Sergio Barreira Rodríguez

DESCRICIÓN:

Corpo limaciforme, alto e alongado. Na súa cabeza presenta dous tentáculos orais longos e finos, e baixo estes, dous tentáculos propodiais curvados cara atrás e de maior grosor na súa base. Rinóforos con pedúnculo liso e curto e unha parte superior provista de 7-8 laminiñas sensoriais. Penacho branquial formado por tres follas branquiais tripinnadas, onde a central está máis desenvolvida, e que bordean a papila anal pola súa banda superior. Presenta os típicos procesos curvados e longos, dirixidos posteriormente, na base de cada rinóforo e nos laterais do penacho branquial. Cor corporal branca translúcida con manchas amarelas ou amarelo alaranxadas sobre o dorso, nos flancos e na cola. Sobre o dorso presenta unha mancha central de forma alongada que comeza na parte frontal da cabeza e excede os rinóforos pola súa banda posterior, ademais dunha mancha de forma triangular alongada situada no centro do seu dorso, por diante do penacho branquial. A ambos os dous lados do penacho branquial tamén se dispoñen outras dúas manchas ovaladas. Na zona dorsal do pé posúe unha mancha de cor amarela ou amarela alaranxada que aproximadamente, a metade de percorrido, alárgase para cubrir tamén os laterais do final da cola. Rinóforos co pedúnculo branco e a zona laminar amarela ou amarela alaranxada. Branquias con manchas da mesma cor na parte apical e na súa cara anterior. Tentáculos orais, propodiais e procesos extrarrinofóricos e extrabranquiais da mesma cor que as manchas corporais. Pode alcanzar os 20 milímetros, aínda que normalmente a súa lonxitude non excede os 15.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 30 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre esponxas de diferentes xéneros, alimentándose de entoproctos. A súa posta está formada por un cordón ovíxero plano de aspecto xelatinoso de 34 milímetros de altura, enrolado de forma irregular, e no interior do cal se dispoñen uns diminutos ovos de cor branca.



DISTRIBUCIÓN:

Do sur das illas británicas ata o Mediterráneo occidental.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polycera quadrilineata, alcanza un tamaño maior e aínda que algún dos morfotipos desta especie pode dar lugar a confusión, presenta dixitacións no seu veo oral e non ten os procesos

curvados tras os rinóforos e penacho branquial.

Trapania pallida, de menor tamaño, de cor branca cremosa uniforme con manchas brancas en tentáculos, rinóforos, penacho branquial, no seu dorso e nos procesos curvados, rinofóricos e branquiais. Ademais estes últimos son máis curtos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *maculata*, é un epíteto latino que significa manchado, referíndose ás manchas que presenta sobre o seu corpo.



Trapania pallida Kress, 1968





DESCRICIÓN:

Presenta un corpo delgado e alongado de cor translúcida con liñas de cor branca opaca sobre o dorso, rinóforos, bordos branquiais, procesos laterais, punta da cola e en todos os seus apéndices. Rinóforos lamelados con ápice que sobresa e en forma de punta redondeada. Na súa base posúe dous procesos anteriores extrarrinofóricos curvados cara á súa parte posterior.

Penacho branquial formado por tres plumas branquiais tripinnadas, dispostas pola parte anterior da papila anal. Na base das branquias ten un par de procesos extrabranquiais laterais dirixidos cara atrás. Pode alcanzar os 15 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive no sublitoral, entre os 10 e os 30 metros, en costas rochosas, sobre esponxas, hidrozooos e briozoos, alimentándose dos entoproctos que crecen sobre estes, posiblemente especies do xénero *Loxocalyx*.



DISTRIBUCIÓN:

Mediterráneo e costas atlánticas adxacentes.




ESPECIES SEMELLANTES:

O seu corpo totalmente esbrancuxado permite diferenciala doutras especies do xénero *Trapania* das nosas augas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pallida*, é un epíteto latino que significa pálido, referíndose á cor esbrancuxada de todo o seu corpo.



Trapania tartanella (Von Ihering, 1886)



DESCRICIÓN:

Cor branca translúcida, o que permite ver, por transparencia, a súa masa visceral parduzca. Rinóforos lamelados con dous procesos dixitiformes ao seu lado que apuntan cara atrás, o mesmo que aos lados das branquias. Os dous terzos últimos de todos os seus apéndices corporais, tentáculos orais e propodiais, rinóforos, branquias e procesos extrarrinofóricos e extrabranquiais, así como o extremo caudal do corpo, son de cor amarela, finalizando en amarela alaranxada. Pode alcanzar os 10 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive no sublitoral, ata os 50 metros de profundidade. Do mesmo xeito que as outras especies deste xénero, aliméntase de entoproctos que crecen sobre algunhas especies de esponxas. Son hermafroditas que se fecundan de forma cruzada (nalgúns casos vimos fecundándose ata tres exemplares á vez), para iso no seu costado dereito, case debaixo dos rinóforos, presentan o órgano copulador usado para a fecundación, que ocorre na primavera e verán. As súas postas consisten nun cordón ovíxero branco xelatinoso colocado desordenadamente sobre unha esponxa recuberta de entoproctos, fixándoo ás pequenas algas que crecen na zona. Adoita estar parasitado polo copépodo *Splanchnotrophus gracilis*, que se dispón na parte traseira da branquia abrazando toda a súa masa visceral (unha masa branca que parece o comezo da posta e que sobresa no medio do penacho branquial).

DISTRIBUCIÓN:

Do sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Trapania hispalensis, moi difícil de distinguir externamente, aínda que esta ten pigmentación amarela nos apéndices, nunca laranxa.


Polycera faeorensis, da que se diferencia facilmente.



CURIOSIDADES:

O nome desta especie, *tartanella*, é o nome dunha arte de pesca de arrastre tradicional italiana co que se recolleron os exemplares para a súa descrición. Esta arte de pesca consiste en rodear a zona de pesca cunha rede que é recuperada posteriormente desde terra.

Knoutsodonta cervinoi (Ortea & Urgorri, 1979)



DESCRICIÓN:

Corpo de contorno ovalado, lixeiramente máis longo que ancho e bastante aplanado. Manto recuberto de tubérculos subglobosos, dilatados no seu centro e aguzados apicalmente, que aumentan a súa densidade diminuindo lixeiramente de tamaño cara aos bordos. Tubérculos que poden presentar espículas basais. Rinóforos relativamente grandes, ata 1,7 milímetros de alto, lamelados, con ata 14 laminiñas que saen dunhas aberturas rinóforicas que presentan 2 tubérculos grosos, un situado anteriormente e o outro anterolateralmente, que pechan a abertura cando o rinóforo se retrae. Penacho branquial que se dispón de forma lixeiramente elíptica rodeando a área anal formada por 9-10 follas branquiais moi iguais e simplemente pinadas. Área branquial rodeada por unha franxa decolorada que a fai destacar. Área anal con grosos tubérculos cónicos e ano situado na súa zona central. Cor do manto alaranxada intensa na súa zona central, aclarándose cara aos seus bordos. Tubérculos dorsais cos ápices de cor laranxa ou laranxa parda, e ás veces con liñas verticais da mesma cor. Tubérculos marxinais case translúcidos. Rinóforos co raquis de cor laranxa e as laminiñas de cor parda escura. Penacho branquial de cor parda escura. Pode alcanzar os 12 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona intermareal, baixo pedras, ata os 40 metros de profundidade asociado ás súas presas, briozoos incrustantes como *Calpensia nobilis* e *Turbicellepora magnicostata*. O seu diminuto tamaño e a súa excelente camuflaxe fan que a gran maioría das veces pase totalmente desapercibido. No caso fotografado estaba sobre unha esponxa, *Pachymatisma johnstonia*, onde destacaba enormemente.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o golfo de Biscaia ata o noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Knoutsodonta depressa, que alcanza un menor tamaño cun perfil moi aplanado. Manto recuberto por tubérculos brandos de lonxitude similar e dispostos regularmente. Ata 12 follas branquiais e cor do manto branca sucia a parda clara con manchas pardas alaranxadas.

Knoutsodonta pusilla, que alcanza un menor tamaño. Manto recuberto por tubérculos cónicos finos. Penacho branquial formado por un máximo de 9 follas branquiais e cor do seu manto branca sucia cun patrón de manchas de cor parda escura.

Knoutsodonta reticulata, que alcanza un menor tamaño. Tubérculos do seu manto globosos e lixeiramente pedunculados, con ata 10 follas branquiais e cor do manto esbrancuxada, pigmentado en cor parda verdosa.


Knoutsodonta sparsa, que alcanza un menor tamaño. Tubérculos do seu manto moi espazados e cónicos con ápice redondeado. O círculo que forma o seu penacho branquial non está totalmente pechado, e a cor do seu manto é amarelada cunha banda lonxitudinal central avermellada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cervinoi*, é en honra a D. Antonio Cerviño Eiroa, do Centro Experimental do Plan de Explotación Marisqueiro de Galicia, como agradecemento pola súa colaboración cos autores na recollida de mostras de nudibranquios en Galicia.



Knoutsodonta depressa (Alder & Hancock, 1842)



DESCRIPCIÓN:

Corpo de perfil moi aplanado e de forma ovalada, co manto recuberto de tubérculos brandos de lonxitude similar e dispostos de forma regular. Rinóforos lamelados e ata 12 branquias pinnadas simples ao redor dunha papila anal. Manto translúcido que deixa ver, por transparencia, as espículas, o que lle dá unha aparencia brillante. Cor do manto de branca sucia a parda clara, cun patrón de manchas de cor parda alaranxadas dispostas regularmente que se fan máis densas no centro do dorso. Pode alcanzar os 9 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Baixo pedras, desde a zona intermareal ata os 25 metros de profundidade asociado a briozoos incrustantes, que lle serven de alimento, especialmente *Schizomavella linearis*. Na fotografía poden apreciarse dous exemplares sobre o briozoo *Schizotheca fissa*. Postas con forma dun fío fino rosado disposto nunha espiral perfecta. O seu tamaño diminuto e a súa excelente camuflaxe fan que a gran maioría das veces pase totalmente desapercibido.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Knoutsodonta cervinoi, que alcanza un tamaño maior. Tubérculos do manto subglobosos, dilatados no centro e afiados apicalmente. O seu penacho branquial non presenta máis de 10 follas branquiais, e a cor do seu manto é alaranxada cos ápices dos tubérculos laranxas.

Knoutsodonta pusilla, con manto recuberto por finos tubérculos cónicos, penacho branquial formado por un máximo de 9 follas branquiais, e cor do seu manto branca sucia cun patrón de manchas de cor parda escura.

Knoutsodonta reticulata, que alcanza un menor tamaño, con tubérculos do manto globosos e lixeiramente pedunculados. Ata 10 follas branquiais e cor do manto esbrancuxada pigmentado en cor parda verdosa.

Knoutsodonta sparsa, con tubérculos do manto moi espazados e cónicos con ápice redondeado. O círculo que forma o seu penacho branquial non está totalmente pechado e a cor do seu manto é amarelada cunha banda lonxitudinal central avermellada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *depressa*, é un epíteto latino que significa reducido, baixo, referíndose ao seu corpo de perfil aplanado.



Knoutsodonta pusilla (Alder & Hancock, 1845)



DESCRIPCIÓN:

Corpo de perfil moi aplanado e de forma ovalada, co manto recuberto de tubérculos moi finos e de forma cónica. Rinóforos moi longos e lamelados, e ata 9 branquias pinnadas simples ao redor dunha papila anal. Cor do manto branca sucia cun patrón de manchas de cor parda escura dispostas regularmente que se fan máis densas no centro do dorso. Rinóforos e branquias de cor branca translúcida. Pode alcanzar os 9 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En fondos rochosos con forte movemento de auga, baixo pedras, desde a zona intermareal ata os 80 metros de profundidade, asociado a briozoos incrustantes como *Escharella immersa*, *Microporella ciliata*, *Escharoides coccinea* e *Porella concinna*, dos que se alimenta. O seu diminuto tamaño e a súa excelente camuflaxe fan que a gran maioría das veces pase totalmente desapercibido.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Knoutsodonta cervinoi, que alcanza un maior tamaño, con tubérculos do manto subglobosos, dilatados no centro e afiados apicalmente. Penacho branquial que non presenta máis de 10 follas branquiais e cor do manto alaranxada cos ápices dos tubérculos alaranxados.

Knoutsodonta depressa, con manto recuberto por tubérculos brandos de lonxitude similar e dispostos regularmente. Ata 12 follas branquiais. Cor do manto branca sucia a parda clara con manchas parda alaranxadas.



Ata 12 follas branquiais. Cor do manto branca sucia a parda clara con manchas parda alaranxadas.

Knoutsodonta reticulata, que alcanza un tamaño menor, con tubérculos do manto globosos e lixeiramente pedunculados. Ata 10 follas branquiais e cor do manto esbrancuxada pigmentado en cor parda verdosa.

Knoutsodonta sparsa, con tubérculos do manto moi espazados e cónicos con ápice redondeado. O círculo que forma o seu penacho branquial non está totalmente pechado e cor do seu manto amarelada cunha banda lonxitudinal central avermellada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pusilla*, é un epíteto latino que significa pequeno, insignificante, referíndose ao seu tamaño.

Knoutsodonta reticulata (Ortea, 1979)



DESCRIPCIÓN:

Corpo de perfil lixeiramente convexo e de forma ovalada, co manto recuberto de tubérculos globosos, máis ou menos delgados e lixeiramente pedunculados. Tubérculos que poden presentar unha banda de pigmento dourado verdoso no ápice. Rinóforos, que xorden do centro dunha área non pigmentada de forma cuadrangular, cos ángulos dirixidos cara adiante, moi longos e lamelados, con ata 10 laminiñas. Abertura rinofórica protexida por dous tubérculos longos, lixeiramente aplanados e co ápice escuro, que a pechan parcialmente cando se retraen os rinóforos. Penacho branquial que se dispón de forma circular rodeando a papila anal e que está formado por 10 follas branquiais pinnadas simples. Pé tan longo como o manto e case tan ancho. No centro do mesmo pódese observar unha mancha rosada que non é outra cousa que as vísceras, visibles por transparencia. Cor do manto esbrancuxada pigmentado de cor parda verdosa. Rinóforos translúcidos con grandes manchas pardas na zona laminar. Pode alcanzar os 6 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal, en charcas de marea, ata os 25 metros de profundidade asociado a briozoos, dos que se alimenta. O exemplar fotografado estaba sobre o briozoo *Turbicellepora avicularis*, a uns 24 metros de profundidade. O seu diminuto tamaño e a súa excelente camuflaxe fan que a gran maioría das veces pase totalmente desapercibido.



DISTRIBUCIÓN:

Do mar Cantábrico ata o noroeste da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Knoutsodonta cervinoi, que alcanza un maior tamaño, con tubérculos do manto subglobosos, dilatados no centro e afiados apicalmente. Penacho branquial que non presenta máis de

10 follas branquiais, e cor do manto alaranxada cos ápices dos tubérculos da mesma cor.

Knoutsodonta depressa, lixeiramente maior, con perfil moi aplanado. Manto recuberto por tubérculos brandos de lonxitude similar e dispostos regularmente. Ata 12 follas branquiais. Cor do manto branca sucia a parda clara con manchas pardo alaranxadas.

Knoutsodonta pusilla, lixeiramente maior cun perfil aplanado. Manto recuberto por finos tubérculos cónicos. Penacho branquial formado por un máximo de 9 follas branquiais. Cor do manto branca sucia cun patrón de manchas de cor parda escura.

Knoutsodonta sparsa, con tubérculos do manto moi espazados e cónicos con ápice redondeado. O círculo que forma o seu penacho branquial non está totalmente pechado, e cor do seu manto amarelada cunha banda lonxitudinal central avermellada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *reticulata*, é un epíteto latino que significa reticulado, en forma de rede, referíndose á pigmentación do manto.

Knoutsodonta sparsa (Alder & Hancock, 1846)




DESCRIPCIÓN:

Contorno ovalado e perfil moi plano. Dorso recuberto por tubérculos moi espazados de forma cónica co ápice redondeado, espiculosos na súa base e semitransparentes, que se volven máis pequenos canto máis preto se atopan do bordo do manto. Da zona que rodea os rinóforos xorden tubérculos paliais. Rinóforos relativamente grandes, totalmente retráctiles e lamelados. Poden presentar ata 9 lamelas nos exemplares de maiores dimensións. Penacho branquial que rodea a papila anal, e que está formado por ata 10 pequenas branquias pinnadas simples dispostas en forma de círculo, non pechado na súa totalidade. Coloración, polo xeral, amarelada co centro lonxitudinal do dorso de tonalidade avermellada debido á cor das súas vísceras, que se albiscan pola transparencia do manto. A zona que rodea os rinóforos adoita presentar unha coloración diferente. Rinóforos de cor amarela pálida, con lamelas pardas e penacho branquial esbrancuxado. Pode alcanzar os 8 milímetros de lonxitude, aínda que raramente excede os 5.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona inferior do intermareal ata os 20 metros de profundidade, en fondos rochosos, baixo ou sobre pedras, asociado sempre a diversos briozoos como *Cellepora pumicosa*, *Porella concinna*, *Celleporina calciformis*, *Schizomavella linearis*, *Schizotheca fissa* (onde foi fotografado) e outros das familias Cribilinidae e Microporidae, dos que se alimenta. Cando está en repouso adopta unha forma circular, asemellando unha pequena colonia briozoa, o que unido ao seu diminuto tamaño e a súa coloración críptica, fai que pase totalmente desapercibido. A posta consiste nun cordón xelatinoso translúcido formado por dúas filas de ovos brancos e disposto nunha espiral plana apertada.



DISTRIBUCIÓN:

Do norte das illas británicas ata o oeste do Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Knoutsodonta depressa, de perfil moi aplanado. Manto recuberto por tubérculos brandos de lonxitude similar e dispostos regularmente. Ata 12 follas branquiais. Cor do manto branca sucia a parda clara con manchas pardas alaranxadas.

Knoutsodonta pusilla, perfil moi aplanado. Manto recuberto por finos tubérculos cónicos. Penacho branquial formado por un máximo de 9 follas branquiais. Cor do manto branca sucia cun patrón de manchas de cor parda escura.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *sparsa*, é un epíteto latino que significa escaso, disperso, referíndose á disposición dos tubérculos sobre o seu dorso.

Onchidoris bilamellata (Linneo, 1767)





DESCRIPCIÓN:

Corpo de contorno ovalado e perfil lixeiramente plano. Dorso recubierto por tubérculos espiculosos de diferentes tamaños en forma de maza. A cabeza dilátase para formar un veo oral sen procesos tentaculares. Rinóforos lamelados e moderadamente longos formados por ata 16 lamelas inclinadas co ápice liso e cilíndrico. Rodeando a súa

papila anal presenta o penacho branquial, que está formado por 16-32 branquias pinnadas simples, dispostas en forma de ferradura cun patrón cóncavo cara abaixo e con tubérculos dentro do círculo branquial que é propio desta especie. Manto de tonalidade esbrancuxada a agrisada cun patrón de cor parda, máis ou menos escura. Os exemplares novos e esporádicamente algúns adultos poden ser totalmente brancos. Branquias e rinóforos de cor parda. Pode alcanzar un tamaño de 40 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona inferior do intermareal ata os 20 metros de profundidade, en fondos rochosos, baixo ou sobre pedras, asociado sempre a cirrípedos da orde Sessilia, vulgarmente coñecidos como balanos ou landras de mar. Pode penetrar en augas salobres de estuarios ou en portos. É unha especie gregaria que se pode atopar en grandes agrupacións (reportáronse grupos de ata 1000 individuos por metro cadrado), estando todos orientados na mesma dirección, a cal está determinada polo fluxo das mareas. Todos os individuos avanza á mesma velocidade, formando columnas e filas desde diferentes puntos próximos. Para alimentarse, usan o seu dente raquídeo para perforar as placas que pechan a apertura dos balanos e succionar posteriormente o seu corpo brando. Cando é molestado emite polo seu manto secrecións acedas a modo de defensa. Son hermafroditas que se fecundan de forma cruzada para o que no seu costado dereito posúen o órgano copulador, manobra que realizan en grupos que poden ir dende uns poucos, ata centos de individuos. A posta consiste nunha cinta translúcida curta de ovos brancos disposta de forma curva ou en concertina, fixa ao substrato por un dos seus bordos.



Para alimentarse, usan o seu dente raquídeo para perforar as placas que pechan a apertura dos balanos e succionar posteriormente o seu corpo brando. Cando é molestado emite polo seu manto secrecións acedas a modo de defensa. Son hermafroditas que se fecundan de forma cruzada para o que no seu costado dereito posúen o órgano copulador, manobra que realizan en grupos que poden ir dende uns poucos, ata centos de individuos. A posta consiste nunha cinta translúcida curta de ovos brancos disposta de forma curva ou en concertina, fixa ao substrato por un dos seus bordos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Groenlandia, Islandia e Noruega ata o noroeste da península ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *bilamellata*, é un epíteto latino composto polo prefixo *bi*, dous, e *lamella*, lamela, tira, listón, e significa con dúas tiras, referíndose ao repregamento que presenta o pé na súa parte dianteira.



Dendrodoris herytra Valdés & Ortea, 1996



DESCRICIÓN:

Caracterízase principalmente polo seu pequeno penacho branquial, composto por 7 branquias pinnadas rodeando a papila anal, que están moi cerca da parte posterior e que poden retraerse ata esconderse totalmente, pero que non chega a alcanzar o bordo do manto na máxima extensión. Manto que esconde por completo a cabeza e o pé que presenta unha superficie dorsal lisa. Algúns exemplares poden presentar suaves plegaduras, cun bordo moi delicado, lixeiramente estriado, lobulado e ondulado, de tamaño moi variable. Rinóforos que presentan a súa metade inferior ou parte basal lisa, a metade superior lamelada, con 18-22 laminiñas dispostas oblicuamente cara á súa parte traseira onde se cortan, e un ápice en forma de botón. Están moi próximos ao bordo anterior, e fican agochados nunhas bolsas profundas. Cor vermella, alaranxada ou amarelada uniforme, aínda que algúns exemplares poden presentar un manchado escuro, co ápice dos rinóforos e o bordo externo das follas branquiais pigmentados en branco. Pode alcanzar os 6 centímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos rochosos e en fondos de cascallo, area ou mestura destes, baixo pedras e baixo cunchas baleiras de bivalvos. Especie pouco común, de hábitos nocturnos que se esconde baixo pedras. Carece de rádula e aliméntase por succión, xa que está especializada en predar sobre esponxas. O seu colorido crese que está en función do alimento. A súa posta consiste nunha cinta xelatinosa ancha de diminutos ovos brancos lixeiramente ondulado disposta nunha espiral de dúas voltas.



Dendrodoris grandiflora, que alcanza un tamaño maior e co bordo do manto moi amplo e claramente estriado.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *herytra*, é un adxectivo grego latinizado que significa vermello, referíndose á cor dos espécimes descritos.

DISTRIBUCIÓN:

Das costas atlánticas francesas ata as Illas Canarias, o sur de Marrocos, e parte mediterránea do estreito de Xibraltar.

ESPECIES SEMELLANTES:

Dendrodoris limbata, que alcanza un tamaño lixeiramente maior e co bordo do manto sempre cunha banda amarela que identifica claramente á especie.

Dendrodoris limbata (Cuvier, 1804)



Foto: © Bruno Almón Pazos

DESCRIPCIÓN:

Corpo ovalado, brando e carente de espículas. Manto cunha superficie dorsal lisa cun bordo ondulado delicado e estreito. Bordo do manto que cobre totalmente o pé, excepto a súa parte posterior cando o animal se despraza. Rinóforos cunha metade inferior ou parte basal lisa, grosa e translúcida, coa metade superior lamelada e con ata 24 laminiñas dispostas apertadamente e oblicuamente cara a súa parte posterior, onde se cortan, e con ápice en forma de botón. Son relativamente longos, moi próximos ao bordo anterior, e poden ficar agochados nunhas vainas rinofóricas practicamente inapreciables de bordo superior liso. Penacho branquial formado por 6 follas tripinnadas rodeando a papila anal. É totalmente retráctil e dun tamaño relativamente grande. Cando está totalmente estendido chega a cubrir a parte posterior do dorso. Pé moi amplo, no que pola súa banda anterior non se diferencian palpos bucais, e co seu bordo posterior redondeado. Cavidade bucal que carece de rádula. Coloración extremadamente variable. Pode ser amarelada, verdosa, de diferentes tons pardos e mesmo case negra, de cor homoxénea ou con manchas irregulares, e cos ápices de rinóforos e follas branquiais pigmentados en branco. Bordo do manto que forma unha banda amarelada característica. A sola do pé presenta o mesmo tipo de manchas que as do dorso. Pode chegar a alcanzar os 70 milímetros de lonxitude, aínda que foron citados esporadicamente exemplares de ata 100.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal baixo ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos rochosos, de cascallo ou arenosos, con pedras e esponxas. É unha especie infralipidícola de hábitos nocturnos, que acostuma a protexerse baixo pedras e baixo cunchas baleiras de bivalvos. Aliméntase de esponxas, para o que, ao carecer de rádula, segrega encimas dixestivas sobre a superficie das mesmas para posteriormente succionar as partes superiores descompostas. Coloración que parece estar relacionada co seu alimento. Postas que consisten nunha cinta festoneada xelatinosa, formada por ovos de cor laranxa, enrolada nunha espiral.



DISTRIBUCIÓN:

Mediterráneo e costas atlánticas adxacentes, con citas dispersas máis ao norte como Galicia, Francia e Reino Unido.



ESPECIES SEMELLANTES:

Dendrodoris herytra, que alcanza un tamaño lixeiramente menor, con penacho branquial de menor tamaño e o bordo do manto sempre da mesma cor que o dorso.



Dendrodoris grandiflora, que alcanza un maior tamaño e co bordo do seu manto moi amplo e claramente estriado.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *limbata*, é un epíteto latino que significa con bordo, marxe, referíndose ao característico bordo do seu manto.

Doriopsilla areolata Bergh, 1880



DESCRICIÓN:

Corpo ovalado con manto cuberto de tubérculos espiculosos pequenos e redondeados, ás veces rodeados dun anel de cor branca e moi separados, onde os centrais son de maior tamaño e vanse facendo máis pequenos canto máis preto da marxe están. Rinóforos que xorden dunhas vainas translúcidas pequenas e lisas nas que se poden retraer totalmente, e que presentan unha base lisa translúcida. Nas súas dúas terceiras partes superiores son lamelados, con ata 30 laminiñas, e de cor entre amarela e alaranxada. Penacho branquial que rodea a papila anal formado por 4-6 branquias tripinnadas moi plumosas de cor amarela pálida. Cor variable, desde branca cremosa translúcida a laranxa brillante e parda en adultos, cun reticulado de liñas brancas que se entrecruzan irregularmente rodeando aos tubérculos dorsais. Bordo do manto de cor laranxa a amarela translúcida. Pode alcanzar os 40 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 30 metros de profundidade, sobre fondos rochosos. Aliméntase de esponxas como *Cliona celata*, *Polymastia boletiformis* e *Tethya aurantium*, entre outras.

Realiza as postas en forma de cintas xelatinosas duns 4 milímetros de altura, formadas por diminutos ovos brancos ou amarelos e dispostas de canto nunha espiral apertada de 2-3 voltas.



DISTRIBUCIÓN:

Da Bretaña francesa ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *areolata*, é un termo latino que significa como unha rede, referíndose ao patrón de coloración de liñas brancas sobre o seu dorso.



Doriopsilla pelseneeri d'Oliveira, 1895





DESCRIPCIÓN:

Corpo ovalado e con numerosos tubérculos espiculados, sendo os centrais, que se dispoñen en dúas filas, os maiores, diminuíndo de tamaño canto mais preto estean da marxe. Rinóforos con ata 25 laminiñas, e penacho branquial composto por 4-5 branquias tripinadas rodeando o ano. No primeiro terzo ao lado dereito, baixo o manto, sitúanse

as aberturas xenitais. Cor cambiante coa idade, de branca pasa a amarela, chegando de adulto a laranxa e posteriormente a vermella. Rinóforos e branquias da mesma cor corporal. Pode alcanzar 40 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En fondos rochosos desde augas superficiais ata os 40 metros de profundidade. Aliméntase de esponxas, entre as que cabe destacar *Tedania (Tedania) pilarriosae*, sobre a que se ten atopado repetidamente, sobre todo en augas exteriores. Do seu alimento extrae substancias que posteriormente usa como defensas, e das que posiblemente extraia ademais pigmentos que utilice para colorearse. As súas postas consisten nunha cinta xelatinosa ancha de diminutos ovos disposta en espiral, que o mesmo que o animal, pode variar lixeiramente de cor desde




amarela a laranxa, posiblemente en función do alimento.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a Bretaña francesa ata o Mediterráneo francés.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pelseneeri*, é en honra do belga Jean Paul Louis Pelseneer (1863-1945), doutor en Ciencias naturais e especialista en malacoloxía.



Palio nothus (G. Johnston, 1838)



DESCRICIÓN:

Manto recuberto por abundantes protuberancias elevadas de forma cónica. Ao longo de ambos os bordos do manto presenta papilas longas en forma de porra, agrupadas linealmente que, comezando na parte dianteira dos rinóforos, finalizan tras o penacho branquial formando un reborde lixeiramente elevado. A parte frontal da cabeza, que é lixeiramente bilobulada, ten unha certa cantidade de papilas marróns dixitiformes curtas. Rinóforos altos e mazudos, cun pedúnculo longo e robusto sobre o que presenta unha zona lamelada curta con ata 9 lamelas dispostas transversalmente, e que finalizan nunha especie de cilindro fino e curto. Na parte posterior dorsal ábrese o penacho branquial, composto por ata 5 branquias tripinnadas rodeando a papila anal. A cada lado das branquias, xusto na súa parte traseira, presenta unhas protuberancias altas e delgadas en cuxa parte posterior elévanse 3 lóbulos pequenos e agudos orientados cara atrás. Cor de fondo parda verdosa escura coas protuberancias de cor esbrancuxada ou translúcida. Ápices de rinóforos e branquias de cor máis clara. Pode alcanzar os 20 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas pouco profundas, ata os 25 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre algas ou baixo pedras. Aliméntase de briozoos do xénero *Bowerbankia*. Realiza as postas na primavera que, como todos os demais nudibranquios, coloca sobre a súa presa e que consisten nunha cinta xelatinosa enrolada de ovos brancos ou rosa pálido. Pode chegar a habitar fondos de ría e enseadas grazas á súa gran capacidade de sobrevivir en augas de tan baixa salinidade como do 14%.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Palio dubia, que alcanza un tamaño maior. O seu manto é de cor parda verdosa e presenta numerosos tubérculos redondeados de cor branca ou amarela. Rinóforos máis pequenos e con máis lamelas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nothus*, é un epíteto latino que significa bastardo, mestizo, falso, mesturado, referíndose á súa comparación con outras especies do xénero no momento de ser descrito.



Polycera capitata (Alder & Hancock, 1854)



DESCRIPCIÓN:

Nudibranchio de corpo limaciforme, lixeiramente máis alto que ancho, que alcanza unha lonxitude de 16 milímetros. A superficie do noto é lisa ou está recuberta por tubérculos dispersos, de tamaño variable e de forma aplanada ou verrugosa. Na parte frontal da cabeza presenta o veo oral con 4, excepcionalmente 6 procesos tentaculares, longos e delgados. Os rinóforos non son retráctiles, a súa metade inferior, lixeiramente inclinada cara adiante, é lisa e cilíndrica, a metade superior é laminada, con entre 6 e 10 lamelas, e finaliza nunha especie de pomo cilíndrico. Tras os rinóforos presenta as manchas oculares, case indistinguíbles nalgúns individuos pola súa cor. O seu penacho branquial, parcialmente retráctil, está formado por 6-7, excepcionalmente 9 plumas branquiais pinnadas ou parcialmente multipinnadas que están unidas por unha membrana basal común formando un círculo que rodea a papila anal. Un lóbulo postbranquial en forma de papila alongada, estreita e puntiaguda, sitúase a cada lado do penacho branquial, proxectándose cara atrás ou lateralmente. O pé é estreito, a súa parte anterior ten esquinas aguzadas e faise lixeiramente máis grosa, formando un dobre fío; na súa parte traseira forma unha cola alongada e puntiaguda. Cor de fondo branca translúcida, con puntos negros, parduzcos escuros ou agrisados, espaxados por toda a superficie do noto, con manchas marrónsalaranxadas na zona da cabeza ou ao azar ao longo da súa superficie corporal. Laminillas rinofóricas e plumas branquiais de cor branca translúcida con manchas alaranxadas ou amarelas, e procesos postbranquiais de cor branca. Poden estar salpicados de manchas amarelas ou negras, co seu ápice de cor amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas superficiais, entre os 2 e os 40 metros de profundidade, sobre fondos rochosos ou en algas. Aliméntase do briozoo incrustante *Electra pilosa*. Son animais hermafroditas que se fecundan de forma cruzada, o que ocorre na primavera e verán. A súa posta é unha cinta xelatinosa de ovos brancos disposta nun simple bucle, no que apenas se solapan os seus extremos; que dispón preto do seu alimento.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polycera quadrilineata, coa que se sinonimizaba ata a súa recente separación. Alcanza un maior tamaño, os seus rinóforos presentan máis lamelas (11-12), e aínda que a súa coloración corporal é moi variable, nunca presenta un morfoloxo punteado.

Trapania hispalensis e *Trapania tartanella*, só presentan dous tentáculos orais, con apéndices extrarínofóricos e con penacho branquial cun maior tamaño.

Polycera faeroensis, alcanza un maior tamaño, o seu veo oral pode ter ata 14 apéndices e os seus lóbulos postbranquiais presentan 2-5 tubérculos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *capitata*, deriva do epíteto latino *capitatus*, que significa capitado, en forma de cabeza, referíndose á forma do ápice dos seus rinóforos.



Polycera faeroensis Lemche, 1929



Foto: ©Sergio Barreira Rodríguez

DESCRIPCIÓN:

Nudibranquio limaciforme de cor branca translúcida, que deixa ver por transparencia a súa masa visceral. Na parte frontal da cabeza, o veo oral posúe entre 9 e 14 procesos tentaculares dixitiformes. Os rinóforos, que carecen de vaina rinofórica, son mazudos, cun pedúnculo curto e forte sobre o que presenta unha zona lamelada con 15-25 lamellas. O penacho branquial está formado por 6-7, excepcionalmente 11 plumas branquiais unipinnadas ou parcialmente multipinnadas, unidas por unha membrana común nun círculo rodeando a papila anal. A cada lado das branquias presenta entre 2 e 5 procesos postbranquiais. O pé é estreito, na súa parte anterior presenta uns tentáculos propodiais curtos e curvados cara atrás. Na parte posterior forma unha longa e puntiaguda cola. O ápice das branquias, rinóforos, tentáculos e procesos, son de cor amarela viva. O pé, de cor branca translúcida, presenta un bordo amarelo na súa parte final e unha liña da mesma cor na súa parte medio dorsal que se une a do bordo. Pode alcanzar os 45 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas pouco profundas, desde os 5 ata os 45 metros de profundidade, sobre fondos rochosos e fangosos. Aliméntase de briozoos como *Crisia denticulata*, *Cellepora pumicosa*, ou *Crisularia plumosa*. Son animais hermafroditas que realizan a fecundación cruzada, para iso no seu costado dereito, un pouco detrás dos rinóforos, presentan o órgano copulador usado para a fecundación. Realizan as postas entre maio e setembro, que colocan no seu alimento. Estas consisten nunha cinta branca enrolada duns 30 milímetros de lonxitude e 2-3 milímetros de ancho.



DISTRIBUCIÓN:

Desde Suecia e as illas Feroe ata o norte de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polycera capitata e *Polycera quadrilineata*, que adoitan presentar manchas ou liñas sobre o seu dorso e só presentan 4 (máximo 6) procesos tentaculares na parte frontal da súa cabeza.

Polycera kernowensis, a cal se cría unha variedade ata a súa recente descrición. É de menor tamaño, os seus rinóforos teñen 12-22 lamellas, o veo frontal pode chegar a presentar ata 8-9 apéndices, o penacho branquial está formado por un máximo de 7 plumas branquiais e presenta só 1 proceso posbranquial dixitiforme a cada lado.

Trapania hispalensis e *Trapania tartanella*, só presentan dous tentáculos orais, con apéndices extrarínofóricos e con penacho branquial cun maior tamaño.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *faeroensis*, é un epíteto latino que significa orixinario das illas Feroe (Dinamarca), onde se colleitaron os exemplares para a súa descrición.




DESCRICIÓN:

Cor branca translúcida e que deixa ver por transparencia a súa masa visceral. Na parte frontal da cabeza, que é semicircular, posúe 7-9, excepcionalmente 10 procesos tentaculares formando o veo oral. Rinóforos mazudos, cun pedúnculo curto e robusto sobre o que presenta unha zona lamelada con 12-22 lamelas. Penacho branquial composto por ata 7 branquias pinnadas, ou parcialmente multipinnadas, unidas por unha membrana común en círculo ao redor da papila anal. A cada lado das branquias presenta un proceso papilar dactiloide simple. Branquias, rinóforos, papilas e unha liña que vai desde as branquias ata o final do pé, de cor amarela viva. Pode alcanzar os 20 milímetros de lonxitude.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas pouco profundas, dende os 8 ata os 30 metros de profundidade, sobre substratos rochosos e de limo. Aliméntase de briozoos como *Bicellariella ciliata* e *Scropocellaria* sp. Realiza as postas na primavera, que coloca sobre a súa presa e que consisten nunha cinta xelatinosa de ovos brancos disposta nun bucle simple, no que apenas se solapan os seus extremos.



DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o sur da península ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polycera capitata e *Polycera quadrilineata*, que adoitan presentar manchas ou liñas sobre o seu dorso e só presentan 4 (máximo 6) procesos tentaculares na parte frontal da súa cabeza.

Trapania hispalensis e *Trapania tartanella*, só presentan dous tentáculos orais, con apéndices extrarínofóricos e con penacho branquial cun maior tamaño.

Polycera faeroensis, coa que se sinonimizaba ata a súa recente descrición, alcanza un maior tamaño, o seu veo oral pode ter ata 14 apéndices e os seus lóbulos postbranquiais presentan 2-5 tubérculos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *kernowensis*, deriva do antigo nome de Cornualles (Kenow), en Inglaterra, onde é común atopar esta especie.



Polycera quadrilineata (O.F. Müller, 1776)



DESCRICIÓN:

Corpo limaciforme que na parte frontal da cabeza presenta 4 procesos tentaculares, longos e delgados, e outros 2 máis pequenos, un en cada repregamento dorsolateral do veo frontal. Rinóforos moi retráctiles, coa metade inferior lisa e cilíndrica e a metade superior laminada por 11-12 lamelas, terminando nunha especie de cilindro fino. Rodeando a papila anal presenta o penacho branquial formado por ata 11 branquias pinadas con 2 expansións puntiagudas, longas e delgadas, unha a cada lado. Cor moi variable, corpo esbrancuxado translúcido con raias amarelas ou laranxas que ás veces aparecen fusionadas ata formar cinco liñas. As partes apicais dos procesos papilares frontais e os rinóforos son amarelos ou alaranxados. Branquias amarelas. Raramente raias negras. Pode alcanzar unha lonxitude de 45 milímetros aínda que normalmente o seu tamaño adoita oscilar entre os 20 e os 30 milímetros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En fondos rochosos ou de area, desde a zona intermareal ata os 50 metros de profundidade. Aliméntase de briozoos incrustantes, especialmente de *Membranipora membranacea*. Son animais hermafroditas que se fecundan de forma cruzada e para iso, no seu costado dereito, entre os rinóforos e o penacho branquial, presentan o órgano copulador usado para a fecundación, que ocorre na primavera e verán. A súa posta é unha cinta xelatinosa de ovos brancos disposta nun bucle simple, no que apenas se solapan os seus extremos, e que dispón preto da súa presa.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Islandia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMEJANTES:

Polycera capitata, de menor tamaño, a súa coloración é punteada e nos seus rinóforos só ten 8 lamelas.

Polycera faeorensis, que presenta sete ou oito papilas no bordo anterior da cabeza.

Trapania maculata ou *Trapania hispanica*, que non teñen procesos tentaculares.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *quadrilineata*, fai alusión ás catro raias, continuas ou descontínuas, que percorren lonxitudinalmente o seu dorso.



Crimora papillata Alder & Hancock, 1862





DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado, máis ancho á altura de branquias e rinóforos. Dorso recuberto de papilas ou tubérculos, así como en flancos e bordos laterais e parte dorsal da cola. Marxe frontal que presenta unha serie de tubérculos irregulares de maior tamaño bifurcados e mesmo trifurcados, cuxo ápice finaliza en punta. Rinóforos que sobresaen

dunhas pequenas vainas de bordos lisos, e que presentan unha parte basal alaminar translúcida e unha parte superior laminar con ata 15 laminiñas oblicuas. Penacho branquial formado por 3 follas branquiais bipinnadas, unidas na súa base e dirixidas cara atrás que simplemente son retráctiles. Pé relativamente estreito na súa parte anterior, onde forma dous tentáculos propodiais curtos, e que se alarga cara á súa parte posterior onde forma unha cola que sobresaen por detrás e polos lados do manto. O corpo e de cor branca, cunha tinguidura amarelada máis ou menos forte, sempre translúcida e coa parte laminar de rinóforos, eixo central das follas branquiais, tentáculos orais e tubérculos de cor amarela ou alaranxada. Pode alcanzar os 30 milímetros de lonxitude, aínda que normalmente é bastante máis pequeno.



HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 5 ata os 50 metros de profundidade, en fondos rochosos sempre asociado ou preto dos briozoos dos que se alimenta, como *Membranipora membranacea*, *Flustra foliacea*, *Chartella papyracea*, etc. A súa posta está formada por unha estreita cinta xelatinosa, formada por ovos amarelos e



disposta nunha espiral irregular de 2'5 voltas e dun tamaño duns 9 milímetros de diámetro.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata as costas de Marrocos e no Mediterráneo occidental.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *papillata*, é un epíteto latino que significa papilada, con papilas, referíndose aos tubérculos que presenta por todo o seu corpo.

Limacia clavigera (O.F. Müller, 1776)





DESCRIPCIÓN:

Corpo alongado rodeado de procesos ou papilas dixitiformes. Parte frontal con 8 papilas de superficie rugosa que se manteñen horizontais, mentres que as papilas laterais son lisas e permanecen erectas ou lixeiramente curvadas cara ao centro do dorso. Rinóforos longos e lamelados con entre 10 e 13 lamelas e cun pedúnculo liso

curto e forte. Poden ser retraídos no interior dunhas fundas superficiais. As branquias son 3, pinnadas e situadas rodeando a papila anal pola súa banda anterior, e sitúanse aos 3/5 da lonxitude corporal da parte dianteira. Cor branca translúcida. Pode observarse por transparencia a masa visceral máis escura. Dorso salpicado, sen orde aparente, dunhas manchas lixeiramente elevadas, cunha fila lonxitudinal de manchas en cada lateral, e unha mancha lonxitudinal que finaliza na punta do pé, de cor amarela, amarela alaranxada ou vermella alaranxada. Ápices das papilas, rinóforos e branquias de cor amarela, amarela alaranxada ou vermella alaranxada. Pode alcanzar ata 20 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 80 metros de profundidade, debaixo ou sobre pedras e sobre as follas de laminarias, en busca dos briozoos dos que se alimenta: *Electra pilosa* e *Membranipora membranacea* como preferencia. No seu costado dereito, un pouco detrás dos rinóforos, entre a primeira e a segunda papila, presentan o órgano copulador usado para a fecundación, o que ocorre a finais de inverno, na primavera e verán. A súa posta consiste nun cordón ovíxero branco e grosso disposto nunha espiral plana apertada de apenas 3 voltas.



DISTRIBUCIÓN:

De Noruega ata o oeste de África, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Limacia iberica, con 24 papilas moi longas en cada lateral do seu dorso e 8 pequenos tubérculos de cor vermella alaranxada aliñados no centro dorsal dispostos entre os rinóforos e o penacho branquial.

Limacia inesae, é de menor tamaño, e sobre a parte central do seu dorso só presenta unha fila lonxitudinal con 6-9 tubérculos lixeiramente elevados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *clavigera*, é un vocábulo composto por dous termos latinos, *clavus*, maza, e *gero*, levar, portar, e significa que porta mazas, en clara referencia ás papilas do seu dorso.



DESCRICIÓN:

Corpo deprimido e alongado, máis ancho na súa parte dianteira. Corpo fortemente cuberto de espículas moi longas que alcanzan a superficie e lles confire unha aparencia dura. Cola curta e robusta. Dorso liso excepto 8 pequenos tubérculos aliñados no seu centro, entre os rinóforos e o penacho branquial, e algúns outros no veo. Laterais



do dorso con 24 papilas en forma de porra a cada lado. Papilas longas, robustas, de cor branca, co ápice de cor amarela alaranxada e cun corpo esférico branco na punta. Normalmente mantéñense erectas e lixeiramente curvadas cara ao centro do dorso. Rinóforos longos, robustos e lamelados en toda a súa lonxitude con 17-19 laminiñas, e que xorden dunhas fundas lixeiramente elevadas co bordo liso, dentro das cales poden retraerse. Penacho branquial conformado por 3 branquias bipinnadas, de aproximadamente o mesmo tamaño, dispostas arredor da papila anal pola súa banda anterior. Corpo de cor branca translúcida, con puntos vermello alaranxados no dorso e laterais do pé. Pode chegar a alcanzar os 14 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Estas fotografías corresponden ao animal que serviu para a descrición da especie. Atoouse sobre unha pedra nunha parede vertical a 32 metros de profundidade, sobre unha pequena colonia briozoa do xénero *Schizoporella*, da que supoñemos se alimenta, e a 13 graos centígrados de temperatura. Descoñécese todo sobre a súa ecoloxía.



DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da península ibérica ata o Mediterráneo occidental.



ESPECIES SEMELLANTES:

Limacia clavigera, que ten moitos menos procesos, tanto frontais como laterais, rodeando o seu corpo e de menor tamaño. Presenta moitas máis manchas dispersas sobre o seu dorso e estas están elevadas.

Limacia inesae, é de menor tamaño, só presenta 6-9 tubérculos, dispostos lonxitudinalmente e lixeiramente elevados, sobre a parte central do seu dorso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *iberica*, significa de Iberia, procedente da península ibérica.

Limacia inesae Toms, Pola, Von der Heyden & Gosliner, 2021



DESCRICIÓN:

Pequeno nudibranquio de corpo moi espiculoso, de forma rectangular, aguzándose cara a súa parte posterior, onde finaliza nunha cola triangular. Todo o seu contorno está rodeado por unha especie de crista duns 2-4 milímetros, situada por encima do bordo do pé, e da cal se proxectan entre 14 e 22 papilas dactiliformes apuntando cara aos laterais ou cara arriba. As papilas presentan aproximadamente o mesmo grosor en toda a súa lonxitude. Poden ser máis curtas, ou mesmo faltar as situadas na parte central do corpo; as situadas ao redor do veo oral dispóñense máis próximas entre si, son dun diámetro menor e os seus ápices son máis espiculosos. Os rinóforos, que son longos en comparación co seu tamaño corporal, e lamelados (10-14 lamelas), teñen un curto e forte pedúnculo liso, e poden ser retraídos no interior dunhas fundas cilíndricas superficiais. O penacho branquial está formado por 3 follas simples ou bipinnadas, que se dispoñen rodeando a papila anal pola súa banda anterior. Entre os rinóforos e os tentáculos orais presenta unhas ranuras laterais cuxa función é totalmente descoñecida. É de cor branca translúcida. Pode observarse por transparencia a masa visceral máis escura, cunha fila lonxitudinal de 6 a 9 tubérculos lixeiramente elevados, dispostos no centro do seu dorso, e unha mancha lonxitudinal que finaliza na punta do pé de cor amarela alaranxada ou alaranxada. Ápices de papilas, rinóforos e branquias de cor amarela alaranxada ou alaranxada. Pode alcanzar os 12 milímetros de lonxitude.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 40 metros de profundidade, sobre fondos rochosos pouco iluminados con abundante vida sésil, debaixo ou sobre pedras e sobre follas de laminarias, en busca dos briozoos dos que se alimenta: *Electra pilosa*, *Membranipora membranacea*, *Oshurkovia littoralis*, *Aetea truncata*, *Cryptosula pallasiana*, *Pentapora foliacea*, *Microporella ciliata*, *Schizobrachiella sanguinea* ou *Porella concinna*, entre outros. Son animais hermafroditas que se fecundan de forma cruzada, para iso no seu costado dereito presentan o órgano copulador usado para a fecundación, o que ocorre a finais de inverno e primavera. A súa posta consiste nun cordón ovíxero branco disposto nunha apertada espiral plana de varias voltas.

DISTRIBUCIÓN:

Mediterráneo e os arquipélagos de Canarias, Madeira e Azores. O animal foi fotografado na ría de Arousa, o cal aumenta considerablemente a súa distribución cara ao norte.

ESPECIES SEMELLANTES:

Limacia clavigera, coa que se sinonimizaba ata a súa recente descrición, alcanza un maior tamaño e sobre o seu dorso presenta múltiples tubérculos de distintos tamaños dispostos un tanto aleatoriamente, non nunha soa fila.

Limacia iberica, presenta 24 papilas moi longas en cada lateral do seu dorso, 8 pequenos tubérculos de cor vermella alaranxada aliñados no centro dorsal, dispostos entre os rinóforos e o penacho branquial e outros máis pequenos nos laterais do pé e no comezo de cada tubérculo lateral.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *inesae*, é en honra a Inés Pola, filla da segunda autora do artigo no que se describiu esta especie (Carmen Pola).



4. GLOSARIO

Adapical. Cara ao ápice, próximo ao ápice.

Ápice. Extremo ou parte superior.

Apical. Relativo ao ápice.

Arborescente. Ramificado, con forma de árbore.

Autotomía. Amputación voluntaria dunha parte corporal que algúns animais realizan para distraer aos depredadores durante un ataque.

Bentónico. Que forma parte do bentos, é dicir, dos organismos que viven fixos ou sobre o fondo mariño.

Bentos. Fauna e flora do fondo mariño, xa estean fixos a el ou non.

Bipinnado. Órgano foliáceo ou laminar que se ramifica lateralmente a partir dun eixo principal, o raquis, en ramificacións primarias e secundarias.

Boca. Abertura por onde entra o alimento no sistema dixestivo animal.

Branquia. Órgano respiratorio dos animais acuáticos grazas ao cal o seu sangue pode absorber o osíxeno disolto na auga.

Cariofilídeo. Tubérculos do dorso dalgúns doridáceos que están rodeados de espículas.

Carnívoro. Animal que se alimenta de carne, ben sexa mediante a depredación doutros ou por consumo de carroña.

Carúncula. Órgano sensorial situado entre os rinóforos dos nudibranquios da familia Janolidae, parecido á crista dun galo.

Cera. Papila alongada disposta no dorso dalgúns nudibranquios, con función respiratoria e defensiva, que contén no seu interior divertículos da glándula dixestiva.

Cerata. Plural de Cera.

Cnidocisto. Cápsula urticante dos cnidocitos presentes nos tentáculos dos cnidarios que contén no seu interior un flaxelo enrolado e un líquido venenoso. Cando se activa, dispara o flaxelo a modo de arpón inoculando o veneno á vítima.

Cnidosacos. Cavidades situadas no extremo dos cerata que serven de almacenamento dos cnidocistos sen que se disparen.

Comensalismo. Simbiose de dous ou máis organismos de especies diferentes que supón beneficio unicamente para un deles.

Contráctil. Que ten a capacidade de encoller ou contraer.

Coroa branquial. Branquia.

Críptico. Animal que se camufla na súa contorna mediante a súa cor, o seu cheiro ou o seu aspecto.

Dente raquídeo. O dente central de cada fila de dentes da rádula.

Descrición. En taxonomía, declaración escrita dos caracteres taxonómicos dunha especie animal ou vexetal.

Desenvolvemento lecitotrófico. Desenvolvemento no que as larvas utilizan as reservas de vitelo que levan consigo desde o seu nacemento. É de curta duración e a súa transformación en xuvenil é rápida para poder comezar a alimentarse. Teñen unha capacidade de dispersión limitada.

Desenvolvemento planctotrófico. Desenvolvemento no que as larvas utilizan o plancto como fonte de alimento. Este desenvolvemento presenta un estadio larval planctónico longo que pode durar varias semanas, polo que ten gran capacidade de dispersión.

Dimorfismo. Que ten dúas formas.

Distal. Parte dun órgano ou membro que está máis distante do eixo ou liña media do organismo, ou do comezo dun membro ou outro órgano.

Distribución. En zooloxía, é a extensión xeográfica que abarca unha especie.

Dixitiforme. Con forma de dedo.

Dorso. Parte superior do corpo dun nudibranquio. Parte oposta á ventral que é onde se atopa o pé.

Dorsal. Relativo ao dorso.

Ecoloxía. Ciencia que estuda as relacións dos seres vivos entre si e co medio no que viven.

Endémico/a. Termo utilizado en bioloxía para indicar que unha especie é propia dun hábitat ou área xeográfica específica.

Epibionte. Organismo que vive adherido encima doutro organismo vivo.

Epidermis. Pel.

Esciáfilo. Organismo que require dun ambiente de luminosidade atenuada ou que evita a luz solar directa. Tamén se di dunha contorna protexida da luz solar.

Especie tipo. En taxonomía, exemplar ou conxunto deles sobre os que se realiza a descrición como especie válida.

Espícula. Corpo ou órgano pequeno en forma de agulla calcárea que serve para soste os tecidos dalgúns animais. Nalgúns nudibranquios están incorporadas no tecido do manto, o que lles dá consistencia e pode ser utilizado como mecanismo de defensa.

Familia. En taxonomía, grupo de organismos que pode dividirse nunha ou máis especies.

Fitoplancto. Conxunto de organismos microscópicos con capacidade fotosintética que viven no plancto. Algas microscópicas.

Folla branquial. Cada unha das partes que forma a branquia dun nudibranquio.

Glándula dixestiva. Estrutura glandular que facilita a dixestión, producindo e segregando mollos dixestivos.

Gónada. Glándula xenital, masculina ou feminina, encargada de producir as células reprodutoras ou gametos sexuais.

Hábitat. Lugar coas condicións adecuadas para a supervivencia dun organismo, especie ou comunidade animal ou vexetal.

Hepatopáncreas. Glándula que segrega mollos dixestivos e outras substancias útiles para o correcto funcionamento metabólico nos moluscos.

Hermafrodita. Organismo que ten ambos os órganos reprodutores: masculino e feminino.

Holotipo. En taxonomía, un único exemplar designado como tipo polo autor orixinal.

Infralitoral. Zona do fondo mariño sempre cuberta de auga que abarca desde o límite inferior da marea ata a zona na cal perviven as fanerógamas mariñas e algas fotófilas. Tamén denominado sublitoral.

Interespecífico. Relativo á relación que establecen distintos organismos que conviven nun determinado ecosistema.

Intermareal. Zona costeira comprendida entre o nivel da marea baixa e o nivel da marea alta.

Intraespecífico. Relativo á relación que establecen os individuos dunha mesma especie.

Lamela. Capa delgada de tecido con función sensorial dos rinóforos dos nudibranquios.

Lamelado. Con lamelas.

Laminilla. Lamela.

Larva. Estado de desenvolvemento que vai desde a eclosión ata o estadio xuvenil.

Lóbulo. Proxección prominente e redondeada dalgúns órganos.

Lobulado. Que ten lóbulos.

Malacoloxía. Rama da zooloxía que estuda os moluscos.

Manto. Órgano musculoso que recobre o dorso dalgúns nudibranquios, protexendo as súas vísceras.

Mimetismo. Habilidade dun ser vivo para asemellarse á súa propia contorna, e poder así pasar desapercibido no seu hábitat e enganar a un posible depredador.

Morfoloxía. Parte da bioloxía que trata da forma dos seres vivos e da súa evolución.

Mucrón. Ápice dos rinóforos nalgúns especies de nudibranquios.

Mutualismo. Simbiose de dous ou máis organismos de especies diferentes que supón beneficio para ambos.

Noto. Sinónimo de dorso.

Oral. Relativo á boca.

Palpo. Extensión dixitiforme do corpo, máis ou menos desenvolvida e con función táctil.

Palpo oral. Tentáculo oral.

Palpo propodial. Palpo situado nunha das esquinas que forma a parte anterior do pé nos nudibranquios.

Papila. Prominencia ou tubérculo cónico de pequeno tamaño.

Papiloso. Que ten papilas, cuberto de papilas.

Parásito. Organismo que vive a conta doutro ser vivo.

Pé. Órgano responsable da locomoción. Parte muscular da zona ventral dun molusco.

Peláxico. Organismo que vive na columna de auga, xa sexa nadando ou flotando.

Pericardio. Área que rodea o corazón.

Pinnado. Órgano foliáceo ou laminar que se ramifica lateralmente a partir dun eixo principal, ou raquis.

Plancto. Complexo de organismos microscópicos que viven na columna de auga, que está formado polo fitoplancto e polo zooplancto.

Polimórfico. Dícese do organismo ou animal que pode ter varias formas.

Posta. Masa de ovos embebidos nunha substancia xelatinosa.

Posterior. Parte traseira do animal, onde se atopa a cola.

Preso. Animal que serve de alimento a outro animal.

Propodial. Da zona anterior do pé.

Pseudobranquia. Estrutura epidérmica rudimentaria con función respiratoria que está presente nalgúns nudibranquios, especialmente nos pertencentes ao xénero *Doto*.

Quitina. Composto orgánico duro que forma parte de diferentes partes de organismos vivos. Nos nudibranquios forma parte da composición dos dentes radulares.

Quitinoso. Composto por quitina.

Rádula. Lingua de certos moluscos, recuberta dunha gran cantidade de dentes quitinosos que lles permite raer e raspar o alimento do substrato.

Raquis. Eixo dun órgano folioso. Nos nudibranquios eixo dunha folla branquial ou do rinóforo.

Retráctil. Característica dun animal que, ao ser molestado, é quen de encoller ou esconder dentro do corpo órganos sensibles.

Rinóforo. Tentáculo quimio sensorial, disposto na cabeza dos nudibranquios.

Sedentario. Organismo que vive sobre o substrato, quieto ou cunha mobilidade moi reducida.

Sésil. Organismo que vive e se desenvolve fixo ao substrato, sen poder moverse.

Simbiose. Relación de axuda ou apoio mutuo que se establece entre dous ou máis seres vivos, que viven no mesmo contorno e usan os mesmos recursos.

Taxon. En taxonomía, unidade de clasificación dos organismos.

Taxonomía. Ciencia dedicada á clasificación de organismos en grupos relacionados de forma xerárquica.

Tegumento. Parede corporal.

Tentáculo oral. Proceso alongado de tipo táctil, palpo situado no lateral da boca.

Tentáculo propodial. Palpo propodial.

Tripinnado. Órgano foliáceo ou laminar que se ramifica lateralmente a partir dun eixo principal, o raquis, en ramificacións primarias, secundarias e terciarias.

Tubérculo. Protuberancia máis ou menos elevada formada na superficie externa do manto.

Unipinnado. Órgano foliáceo ou laminar que se ramifica lateralmente a partir dun eixo principal, ou raquis, en ramificacións primarias, como é o caso dunha pluma dunha ave.

Veo cefálico. Prolongación anterior da cabeza que, nalgúns nudibranquios, amplía a súa zona sensorial. Pode ser liso ou presentar tentáculos dicitiformes ou ramificados.

Velíxera. Etapa larval planctónica (a miúdo dotada dunha cuncha que protexe os órganos internos) dun molusco mariño.

Ventral. Relacionado coa parte inferior ou pé dun nudibranquio.

Verrucoso. Que está cuberto de papilas ou tubérculos.

Verrugoso. Verrucoso.

Xénero. En taxonomía, grupo de especies que son morfoloxicamente similares.

Xuvenil. Estado de desenvolvemento entre a etapa larvaria e a etapa subadulta.

Zooplancto. Conxunto de organismos microscópicos animais que conviven na columna de auga.

5. BIBLIOGRAFÍA

ALMÓN PAZOS, B., PÉREZ DIESTE, J., TRIGO, J.E. 2013. New contributions on *Cumanotus cuenoti* Pruvot-Fol, 1948 and *Cumanotus beaumonti* (Eliot, 1906) (Gastropoda: Flabellinidae) in the Iberian Peninsula. *Gloria Maris*, 52 (1-2).

ALMÓN PAZOS, B., PÉREZ, J., TRIGO, J.E., FERRERAS, D. 2019. New shallow-water nudibranch records (Mollusca: Gastropoda: Heterobranchia) from North West Atlantic coast of Iberian Peninsula. *Cahiers de Biologie Marine*. 60: 21-29.

ALMÓN, B., PÉREZ, J., & CABALLER, M. 2018. Expect the Unexpected: a New Species of Large Tritoniid Nudibranch (Mollusca, Gastropoda) from Western Europe. *Invertebrate Systematics* 32: 892-908.

BALLESTEROS, M., MADRENAS, E. & PONTES, M. OPK–Opisthobranchs. <http://opisthobranchs.info/es>.

CABALLER, M., ALMÓN, B. & PÉREZ, J. (2016). The sea slug genus *Limacia* Müller, 1781 (Mollusca: Gastropoda: Heterobranchia) in Europe. *Cah. Biol. Mar.*, 57: 35-42.

CADEE, G. C. 1968. Molluscan biocoenoses and thanatocoenoses in the Ría de Arosa, Galicia, Spain. E. J. Brill. Leiden. 121 p g. y 6 l m.

CALADO, G. & SILVA, J.P. 2012. Lesmas do Mar do Algarve – Guia de Moluscos Opisthobrânquios da Costa Sul de Portugal. Edições Subnauta. Lisboa. 164 pp.

CATTANEO-VIETTI, R., CHEMELLO, R. & GIANNUZZI-SAVELLI, R. 1990. Atlas of Mediterranean nudibranchs. *La Conchiglia*. Roma. 264 pp.

CERVERA, J.L., CALADO, G., GAVAIA, C., MALAQUIAS, M.A.E., TEMPLADO, J., BALLESTEROS, M., GARCÍA-GÓMEZ, J.C. & MEGINA, C. 2006. An annotated and updated checklist of the opisthobranchs (Mollusca: Gastropoda) from Spain and Portugal (including islands and archipelagos). *Boletín Instituto Español de Oceanografía*, 20 (1-4): 1-122.

D'ANGELO, G. y GARGIULLO, S. 1978. Guida alle conchiglie Mediterranee. Fabbri. Milano. 223 p g.

FIGUERAS, A. H. 1979. Nueva contribución al conocimiento de la fauna malacológica litoral de la Ría de Muros y Noya y la ensenada de Corrubedo. Tesina de Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela. 150 pg.

GARCÍA-GÓMEZ, J.C. 2002. Paradigmas de una fauna insólita. Los moluscos opisthobranchios del estrecho de Gibraltar. Instituto de estudios Campogibaltareños. Algeciras. 397 pp.

GOFAS, S., MORENO, D. & SALAS, C. 2011. Moluscos marinos de Andalucía. Volumen II – Clase Gastropoda (Heterobranchia), clase Bivalvia, clase Scaphopoda; clase Cephalopoda, glosario e índices. Servicio de publicaciones e intercambio científico, Universidad de Málaga. Málaga. 343-797 pp.

MARTÍNEZ CHACÓN, M. 2018. Nudibranchios de la Isla de Tarifa. Xunta de Andalucía. Consejería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio. 218 pg.

NAYA GARMENDIA, L.M. 2016. Nudibranchios de la Costa Vasca: el pequeño Cantábrico multicolor. Aquarium de Donostia-San Sebastian. 159 pg.

OTERO, J. & TRIGO, J. 1987. Adiciones a la fauna malacológica de la Ría de Arousa (NO de España). *Iberus*, 7 (1): 129-135.

PICTON, B.E. & MORROW, C.C. 1994. A field guide to the Nudibranchs of the British isles. Immel Publishing Limited. Londres. 143 pp.

PICTON, B.E. & MORROW, C.C. Encyclopedia of Marine Life of Britain and Ireland.
<http://www.habitas.org.uk/marinelifelife/>

ROLAN, E. 1983. Moluscos de la Ría de Vigo 1. Gasterópodos. *Thalassas*, 1 (supl. 1): 1-383.

ROLAN, E. 1991. Adiciones y correcciones a “Moluscos de la Ría de Vigo”. *Thalassas*, 9: 123-130.

ROLAN, E., ROLAN-ALVAREZ, E. & ORTEA, J. 1991. Sobre la captura en Galicia (NO de España) de *Tritonia hombergi* Cuvier, 1803 y *Babakina anadoni* (Ortea, 1979) comb. nov. (Mollusca: Nudibranchia). *Iberus* 10 (1): 131-141. 31: 48-52.

RUDMAN, B. Sea Slug Forum. <http://www.seaslugforum.net/>

THOMPSON, T.E. 1988. Molluscs: Benthic Opisthobranchs. The Linnean Society of London & The Estuarine & Brackishwater Sciences Association. Londres. 356 pp.

THOMPSON, T.E. & BROWN, G.H. 1976. Biology of opisthobranch Molluscs. Volume I. The Ray Society. Londres. 207 pp.

THOMPSON, T.E. & BROWN, G.H. 1984. Biology of opisthobranch Molluscs. Volume II. The Ray Society. Londres. 229 pp.

TRIGO, J.E., GARCÍA SANTIAGO, J., 2012. *Cuthona ocellata* (Schmekel, 1966) (Gastropoda, Tergipedidae) una nueva cita para Galicia. Noticiario SEM, 58.

TRIGO, J.E., DÍAZ AGRAS, G., GARCÍA ÁLVAREZ, O.L., GUERRA SIERRA, A., MOREIRA DA ROCHA, J., PÉREZ DIESTE, J., ROLÁN MOSQUERA, E., SOUZA TRONCOSO, J., URGORRI, V. 2018. Guía de los Moluscos Marinos de Galicia. Troncoso, Trigo y Rolán Editores. 833 pgs.

URGORRI, V. 1974. Contribución al conocimiento de la fauna malacológica de la Ría de Ferrol y playas de su comarca. Tesina de Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela. 91 pg.

URGORRI, V. & BESTEIRO, C. 1986. Opistobranquios nuevos para el litoral ibérico recolectados en Galicia II. Iberus, 6 (1): 95-99.

URGORRI, V. 1981. Opistobranquios de Galicia. Estudio faunístico y zoogeográfico. Tesis Doctoral. Universidad de Santiago de Compostela. 569 p g.

URGORRI, V. y BESTEIRO, C. 1983. Inventario de los moluscos opistobranquios de Galicia. Invest. Pesq., 47 (1): 3-26.

URGORRI, V., DÍAZAGRAS, G., BESTEIRO, C. & MONTOTO, G. 2011. Additions to the inventory of Mollusca Opistobranchia of Galicia (NW Iberian Peninsula). Thalassas, 27(2): 77-100.

6. ÍNDICE DE ESPECIES

A

<i>Aegires punctilucens</i>	210
<i>Aeolidia filomenae</i>	34
<i>Aeolidia papillosa</i>	36
<i>Aeolidiella alderi</i>	38
<i>Aeolidiella glauca</i>	40
<i>Aeolidiella sanguinea</i>	42
<i>Aldisa binotata</i>	158
<i>Aldisa smaragdina</i>	160
<i>Amphorina farrani</i>	106
<i>Amphorina linensis</i>	108
<i>Amphorina pallida</i>	110
<i>Ancula gibbosa</i>	216
<i>Antiopella cristata</i>	140
<i>Armina maculata</i>	68
<i>Armina neapolitana</i>	70
<i>Atagemia gibba</i>	182

B

<i>Babakina anadoni</i>	48
-------------------------------	----

C

<i>Cadlina laevis</i>	162
<i>Cadlina pellucida</i>	164
<i>Calma glaucoides</i>	96
<i>Calma gobioophaga</i>	98
<i>Capellinia doriae</i>	112
<i>Catriona aurantia</i>	132
<i>Crimora papillata</i>	266
<i>Cumanotus beaumonti</i>	100
<i>Cumanotus cuenoti</i>	102
<i>Cuthona nana</i>	104

D

<i>Dendrodoris herytra</i>	248
<i>Dendrodoris limbata</i>	250
<i>Diaphorodoris alba</i>	212
<i>Diaphorodoris luteocincta</i>	214

<i>Discodoris rosi</i>	184
<i>Discodoris stellifera</i>	186
<i>Dondice banyulensis</i>	66
<i>Doriopsilla areolata</i>	252
<i>Dosiopsilla pelseeneeri</i>	254
<i>Doris ocelligera</i>	204
<i>Doris pseudoargus</i>	206
<i>Doris verrucosa</i>	208
<i>Doto coronata</i>	72
<i>Doto dunnei</i>	74
<i>Doto eireana</i>	76
<i>Doto floridicola</i>	78
<i>Doto fragilis</i>	80
<i>Doto koeneckeri</i>	82
<i>Doto lemchei</i>	84
<i>Doto pinnatifida</i>	86
<i>Doto tuberculata</i>	88
<i>Doto</i> sp.	90
<i>Duvacelia lineata</i>	150
<i>Duvacelia manicata</i>	152
<i>Duvacelia odhneri</i>	154
<i>Duvaxcelia plebeia</i>	156

E

<i>Edmunsella pedata</i>	122
<i>Eubbranchus tricolor</i>	114
<i>Eubbranchus vascoi</i>	116
<i>Eubbranchus vittatus</i>	118
<i>Eubbranchus</i> sp.	120

F

<i>Facelina annulicornis</i>	50
<i>Facelina auriculata</i>	52
<i>Facelina bostoniensis</i>	54
<i>Facelina dubia</i>	56
<i>Facelina schwobi</i>	58
<i>Favorinus blianus</i>	60

<i>Favorinus branchialis</i>	62	<i>Polycera quadrilineata</i>	264
<i>Felimare cantabrica</i>	174	<i>Pruvotfolia pselliotes</i>	64
<i>Felimare fontandraui</i>	176	R	
<i>Felimare tricolor</i>	178	<i>Rostanga rubra</i>	196
<i>Felimare villafranca</i>	180	S	
<i>Felimida krohni</i>	166	<i>Spurilla croisicensis</i>	42
<i>Felimida luteopunctata</i>	168	<i>Spurilla neapolitana</i>	46
<i>Felimida luteorosea</i>	170	T	
<i>Felimida purpurea</i>	172	<i>Tayuva lilacina</i>	200
<i>Flabellina affinis</i>	124	<i>Tergipes tergipes</i>	130
G		<i>Thordisa azmanii</i>	202
<i>Geitodoris bacalladoi</i>	188	<i>Trapania fusca</i>	226
<i>Geitodoris bonosi</i>	190	<i>Trapania hispalensis</i>	228
<i>Geitodoris planata</i>	192	<i>Trapania maculata</i>	230
<i>Goniodoris castanea</i>	218	<i>Trapania pallida</i>	232
<i>Goniodoris nodosa</i>	220	<i>Trapania tartanella</i>	234
H		<i>Trinchesia albopunctata</i>	134
<i>Hancockia uncinata</i>	92	<i>Trinchesia cuanensis</i>	136
J		<i>Trinchesia ocellata</i>	138
<i>Janolus hyalinus</i>	142	<i>Tritonia hombergii</i>	148
<i>Jorunna tomentosa</i>	194		
K			
<i>Knoutsodonta cervinoi</i>	236		
<i>Knoutsodonta depressa</i>	238		
<i>Knoutsodonta pusilla</i>	240		
<i>Knoutsodonta reticulata</i>	242		
<i>Knoutsodonta sparsa</i>	244		
L			
<i>Limacia clavigera</i>	268		
<i>Limacia iberica</i>	270		
<i>Limacia inesae</i>	272		
<i>Lomanotus marmoratus</i>	94		
<i>Luisella babai</i>	128		
M			
<i>Marionia blainvillea</i>	144		
<i>Marionia gemmii</i>	146		
O			
<i>Okenia aspersa</i>	222		
<i>Okenia mediterranea</i>	224		
<i>Onchidoris bilamellata</i>	246		
P			
<i>Palio nothus</i>	256		
<i>Paraflabellina ischitana</i>	126		
<i>Peltodoris atromaculata</i>	196		
<i>Polycera capitata</i>	258		
<i>Polycera faeroensis</i>	260		
<i>Polycera kernowensis</i>	262		

